

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/9/2022	GOB16I0HC
4M6I2P6H04260Q4W177B	
2 4 M 6 2 P 6 H 0 4 2 6 0 Q 4 W 1 7 7 B 6 »	
2 4 M 6 2 P 6 H 0 4 2 6 0 Q 4 W 1 7 7 B 6 »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTENOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES:**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO
D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO
D/D^a JOSE OREONA BRA
D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY
D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/D^a M.DEL MAR BLANCO ROCA
D/D^a JAVIER MARIA PEREIRA BECEIRO
D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO
D/D^a ESTRELLA CASTRILLON VIDAL
D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO
D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO
D/D^a SANTIAGO GALEGO CASTRO
D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ

NON ASISTE:D/D^a NATALIA HERMIDA RICO**SRA. INTERVENTOR ACCTAL.:**D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA**SR. SECRETARIO XERAL:**D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 09:00 do vintenove de setembro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Concello Pleno, por asentamento aprobou a acta da sesión anterior (28-07-2022).

2 °.- TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DUN CONCELEIRO DE TERRA GALEGA E SOLICITUDE Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL DE NOMEAMENTO DE SUBSTITUTA AO ANTERIOR.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o escrito de renuncia a súa condición de Concelleiro municipal presentado en data 21 de setembro de 2022, por D. Guillermo Sánchez Fojo, nos termos que a continuación se citan:

“GUILLERMO SÁNCHEZ FOJO, co DNI nº 32. 616.486 W , e enderezo na cidade de Narón; a través do presente escrito, Formulo a miña RENUNCIA ao cargo de Concelleiro deste Concello de Narón, para o que resultei elixido nas derradeiras eleccións municipais celebradas o 26 de maio do ano 2019. E para que así conste aos efectos de toma de coñecemento polo Pleno Municipal de Narón e demais que oportunos resulten, o asino en Narón, a 21 de setembro de 2022”.

Visto o informado na Xunta de Portavoces do 26 de setembro de 2022, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. – Tomar razón da renuncia do Concelleiro do Partido TERRA GALEGA D. Guillermo Sánchez Fojo, agradecéndolle expresamente a súa desinteresada dedicación e atención a este Concello de Narón e os seus cidadáns.

SEGUNDO.- Ós efectos previstos na Instrución de 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, solicitar dese Organismo a expedición da credencial do seguinte membro da lista da candidatura de Terra Galega, nas derradeiras eleccións municipais aos efectos legalmente previstos, que se estima debe ser D^a. OLGA AMENEIRO LÓPEZ quen ocupou naquela o posto décimo primeiro (11).

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

INTERVENCIONS

-Sr.Sánchez Fojo: bos días a todos e a todas.

Trinta e cinco anos son moitos, son moitos de verdade. Pero me lembro que alá no mes de setembro cando tiña 31 anos, no 87 que foi cando entrei, había uns premios, daquela se facía a natación, a travesía a nado de Narón. E cando fixemos a travesía a nado de Narón, había un rapaz que debe ter agora 44 anos porque eu daquela lle votaba 9 anos, ou unha cousa así, eu tiña 31, cando lle entrego o trofeo me dixo estas palabras que me lembrei toda a miña vida: “grazas señor”. Cando a min aos 31 anos o rapaz me dixo “señor” se me veu o mundo encima, hoxe sigo sendo señor, 35 anos despois.

En primeiro lugar, quero darlle as grazas ao pobo de Narón. Sen o pobo de Narón, eu non estaría aquí e sen o pobo de Narón votando sempre maioritariamente ben fóra, a Terra Galega, ben fóra a Unidade por Narón, nos distintos nomes nos que estiven, non sería o concelleiro que fun.

En segundo lugar, lle quero dar as grazas aos alcaldes da democracia en Narón, a Antonio Martínez Aneiros, tiven que traballar politicamente con el, non traballei no concello porque non era concelleiro; despois si lle teño que dar as grazas a Juan Gato que foi co que comecei a ser concelleiro; ao meu compañeiro e amigo José Manuel Blanco e, sobre todo, á alcaldesa, Marián Ferreiro. Sen eles tampouco sería a persoa que son hoxe.

Tamén quero darlle as grazas a todos os funcionarios do Concello de Narón. Empezando polo secretario e acabando polo último. E de verdade quero darlle as grazas, ás persoas que formaron o comité deste concello. Fun delegado de persoal durante moito tempo. Eu creo que o traballo que se fixo , e algunha presidenta que está alí (*mirando ao público presente*) e o traballo que estivemos facendo aínda que eu ía así como un pouco de teatrero, porque sempre había que empezar de malas para ir rebaixando as peticións, creo que se lograron algunhas cousas como traballadores que non teñen os demais concellos. E eu tiña que ter unha dobre cabeza, porque eu viña de Fenosa de ser



presidente do Comité de Fenosa e unha reunión e tiña que vir aquí e poñerme como xefe de persoal. Pero bueno, creo que o traballo que fixeron eles é importante.

Outro traballo das seccións que tiven é o Servizo Sociocomunitario, foron importantes; pero sobre todo, a xente que empezou no Deporte. Narón non tiña nada. Pero foi o movemento asociativo, o movemento veciñal os que me levaron a formar parte deste “entramaje” político e que sempre contei con eles, por eso lles teño que dar as grazas moi especialmente.

En Narón só gobernamos un ano con maioría absoluta. E estiven noutros moitos outros gobernos. LLe quero dar as grazas, primeiro, aos compañeiros meus de partido porque bueno, se non lles dera as grazas a eles, de lado iría. Pero tamén lle quero dar as grazas a toda aquela xente que aínda estando na oposición, e cando foron a gobernar foron moi leais e nos soupemos facer dun concello distinto. Estoume lembrando da primeira etapa ou última etapa cando Blanco sae alcalde que se formou un tripartito, e eu quero recoñecer a labor que fixo daquela o BNG, a labor que estivo facendo o PSOE, hai compañeiros como Catalina, que estaba daquela, como Pablo Villamar, como Teresa Sabio, que en fin, deixaron huella no que é o traballo constante.

Outra persoa que tamén lle estou agradecido foi a Polo. Polo empezou sendo atleta, despois foi monitor, e despois foi político, aínda que nunca fun capaz de metelo en Terra Galega, se me foi para o Bloque, pero ese é un problema que teño na familia (*risas*) que tamén me pasa eso, pero bueno, máis vale que esté noutro lado.

E o único que podoo decir é que cando paseo por Narón, lle teño que dar as grazas a todos os compañeiros e compañeiras; de verdade, teño memoria selectiva, das cousas malas que me fixeron, creo eu, paso olímpicamente. Só recordo o positivo, e só desexarvos a todos vos, sorte, sorte e sorte. E para min, que siga ganando Terra Galega, senón estaría mentindo. E moitas grazas a todos vos polo voso comportamento comigo.

(*Aplausos*)

-Sra.Ledo Díaz: o que temos claro é que hoxe é un día histórico, no, para Narón. Ti formas parte da historia de Narón. Cos teus acertos e erros axudaches e sempre traballaches para que Narón progresase. Eso no BNG témolo moi claro.

E agora tamén a nivel persoal, eu teño que decir que eu teño debilidade sempre polas persoas que tedes unha secretaría xeral no voso partido político, responsables de organización que chamamos do BNG porque non é un traballo nada agradable, pero sen ese traballo as organizacións nunca van “avanti” porque cando vos toca dar a cara, traballar por detrás, facer que todo funcione e eu creo que ti aúnas todas esas cousas, que fixeches da túa organización que fose máis grande ou que outras persoas puidese ser máis grande grazas a todo ese traballo que hai detrás e que son necesarias nas organizacións políticas, non só estar na foto, no, senón todo o que se fai e ti aúnas eso, no, aúnas criterio político, fidelidade á túa organización e tamén fidelidade a Galiza, temos que decilo, no.

Está claro que semente deixas porque tes atrás aí, unha persoa que vale moito, ademais sempre foi polo carril correcto, dende moi noviño, que fomos compañeiros de Galiza Nova, antes de eu afinar en Narón xa sabía do que acontecía por aquí, e sabemos tamén dende o BNG que unha parte da galeguidade deste concello vaise contigo, e eso é así, no, a defensa de Galiza, da cultura e da lingua é unha das asinaturas túas que tes e agardamos errar e que esa galeguidade non quede un oco aí senon que se poda ocupar, no. Que non quede un valeiro que sen dúbida hoxe tamén se vai.

E que xa só me queda darche azos e estou convencida que coincidiremos noutros espazos como xa ten acontecido, así que todas as sortes e hoxe é un día histórico e ti formas parte de Narón. Nada máis.

-Sr.Pita Breijo: bo día a todos e a todas.

Guillermo, pola miña parte, como voceiro do partido socialista de Narón, decirche que foi un pracer compartir este breve espazo de tempo de 3 anos, compartir o plenario contigo. Sabemos que eres un histórico da política de Narón, do crecemento do concello tal e como o coñecemos agora mesmo e nada, dache as grazas e que te acordes cando des os paseos, que hai que facelo pola esquerda. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: bos días.

Dende o noso grupo, Guillermo, queremosche desexar sorte neste novo emprendemento que empezas hoxe, e politicamente poderíamos ter diferencias como é lóxico, estamos en partidos distintos, aínda que ao mellor moitas veces e en moitas ocasións podíamos chegar ao mesmo punto, por distintos camiños, pero nós sempre intentamos respectar ás persoas porque cremos que é o importante desta vida e loxicamente sempre o fixemos e o estamos intentando facer aínda que haxa unhas diferenzas políticas que todos sabemos. Dende a oposición temos que intentar pelexar para que as cousas se fagan doutra forma ou como nós pensamos, pero si sempre respectar á persoa e neste caso, reitero dende o Grupo Popular, desexarache moita sorte neste novo camiño e estar agradecidos tamén de participar contigo no tema político de Narón que eu, pouco tempo, pero que hai compañeiros que estiveron moitos máis anos e bueno, tamén é de felicitarte por todos estes anos que estiveches e polo traballo que fixeches aquí no Concello de Narón. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: cando tan só tiña 8 anos, este home comezaba a súa andadura política polo concello de Narón. O seu nome irá ligado sempre ao nome desta cidade. Dende o movemento asociativo, deportivo e como concelleiro deste concello traballou duro para acadar o Narón que hoxe temos.

Os cambios xerenacionais son naturais, pero podo presumir de que cando eu entrei nesta Corporación, tiven un dos mellores mestres que se pode ter. Ter a posibilidade de crecer ao lado dun home coa maior experiencia deste concello é unha sorte e un privilexio que moi poucos poden ter esa oportunidade.

Grazas Guillermo. Estarás sempre no noso corazón, e sempre no corazón de Narón.

-Sra.García Blanco: moi breve Guillermo, porque fixeches alusión ás persoas que estivemos durante tempo cogobernando con vos e que tamén estivemos na oposición. Como ben decías, sempre dende a lealdade, e sempre traballando polo concello.

Eu quero agradecerche a confianza, quero pedirche disculpas se nalgún momento cometín algún erro e quero dicir como decía Román, que todos aquí aprendemos de todos e que todos medramos con todos e me sumo tamén ao que decía Olaia, en galeguidade, en defender as nosas costumes e en defender Narón, hai moito que aprender contigo. E é un ata logo. Non é un adeus. En todo caso, persoalmente, eu hoxe dígoche ata logo como... , xa non como compañeira de corporación, senón como amiga. Grazas Guillermo polo traballo feito en todos estes anos. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: bueno, hoxe para min é un día agridoce. Agrio, porque deixa a Corporación local unha persoa que significa moito para min, e Guillermo Sánchez Fojo é un referente político dentro e fóra da comarca, un fiel compañeiro neste complexo mundo da política, que despois de 35 anos deixa a primeira liña, non sen deixar tamén unha fonda pegada na historia na nosa cidade e como non, entre todas e todos os que somos os teus compañeiros e compañeiras e tamén amigos.

Decía tamén que é un sentimento doce polo feito de que sei que vas aproveitar moi ben este tempo libre. Evidentemente, eses paseos por Pantín sempre estarán aí, espero que tamén o sigas facendo por Narón, que pases todas esas horas, que nos avises de todas as cousas que vas vendo mal para tratar de mellorar.



Moitas grazas tamén polo teu tempo, pola confianza amosada, na miña persoa en particular e resto das persoas que nos unimos a aquel proxecto que tiñades que se chamaba “Unidade por Narón”, que nos dechedes a oportunidade de formar parte del.

Quero que saibas que te imos votar moito de menos. Estes plenos non serán o mesmo sen ti, sen esas acaloradas intervencións, pero como ben decíamos, sempre dende o respecto, esas intervencións para defender o que en cada momento considerabas que era máis xusto.

Moitas grazas Guillermo pola túa dedicación, e pola túa entrega durante todos estes anos á nosa cidade, por estar todos estes anos sempre aí cando precisamos da túa axuda.

Unha axuda que como decía, dende Santa Icía ou dende Pantín supoño e espero que sigas estando aí.

Moitas grazas. Como decían por aquí, hoxe é un día histórico e hoxe queremos facer este recoñecemento a toda a túa labor durante eses 35 anos.

Moitísimas grazas.

(Aplausos)

O Sr. Sánchez Fojo se despide un a ún, de todos os membros da Corporación e abandona o salón de Plenos sendo as 09:18 horas

3 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DO CONCELLO DE NARÓN.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola xefa do servizo de Obras e Urbanismo en data 14.09.2022 que transcrito literalmente dí:

“Asunto. - Aprobación do Documento final do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) do Concello de Narón.

Almudena Morado Momán, xefa do servizo de Obras e Urbanismo, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte

INFORME-PROPOSTA:

Incoado expediente de contratación denominado “Servizos de redacción do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Narón, incluídos na EDUSI “Ría de Ferrol, Cidade 2020” (CON/46/2021), cofinanciable nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)”, adjudicouse o devandito contrato á empresa PROYFE S. L., con CIF B15077233 por resolución da Alcaldía do 05.11.2021 (CON15I2MP).

De acordo co establecido no artigo 99 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible, as Administracións públicas, no ámbito das súas competencias, promoverán políticas de mobilidade sostible, que respecten – entre outros - o seguinte principio:

(...) b) A participación da sociedade na toma de decisións que afecten á mobilidade das persoas e das mercadorías. (...)”

Porén, e consonte ao previsto no propio Prego de prescricións técnicas para a contratación dos servizos de redacción do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (en diante PMUS) do Concello de Narón, incluídos na citada EDUSI “Ría de Ferrol, Cidade 2020” e anteriormente exposto, durante o procedemento de redacción do referido documento resultou necesario proceder ao fomento da participación cidadá neste proceso.

As accións de fomento executadas derivan e se acreditan pola propia implicación municipal nese sentido. Así acadáronse canles participativas a través da Escola de Participación Cidadá desta administración; coa convocatoria dos distintos Consellos Territoriais das sete parroquias e barrios do municipio; e a través de diversas canles participativas que incluíron a expresa apertura dun

proceso de recollida de propostas cidadás respecto ao PMUS, por tres meses (do 18 de marzo ao 18 de xuño de 2021), mediante a publicación das súas liñas mestras na web municipal www.naronparticipa.es. Durante ese prazo contouse coa efectiva presenza da veciñanza naronesa, tanto a título individual, como a través dos representantes dun total de vinte e dúas entidades do tecido asociativo de cada zona, e mesmo tamén das persoas físicas designadas por cada grupo político municipal en cada un dos Consellos Territoriais.

Así mesmo e en cumprimento do recollido no artigo 2.2.2.i) do Prego de prescricións técnicas que rexen esta actuación, resulta obrigado para o adxudicatario deste contrato, a emisión dun informe comprensivo da análise e da avaliación da información resultante da convocatoria pública de participación cidadá, que se ten que publicar na páxina web do Concello, para coñecemento dos proponentes e para o público en xeral. Así, a empresa adxudicataria do contrato emitiu o referido informe respecto á participación, incluído no Borrador do PMUS, no que recolle a primeira fase de convocatoria pública de participación cidadá que se realizou mediante a recolleita de propostas no portal web www.naronparticipa.es, dende o 18.03.2021 ata o 18.06.2021, do que resultaron un total de 43 aportacións.

Foi presentado o Borrador do PMUS por parte do equipo redactor o 17 de xuño de 2022, e emitido informe polo arquitecto municipal responsable do contrato.

Consonte o previsto no artigo 2.3.3. do Prego de prescricións técnicas “unha vez elaborada a proposta do Plan de Mobilidade Urbana Sostible exporase ao público a documentación correspondente aos aspectos concretos do plan e ás propostas plantexadas (Borrador do PMUS), e se lle comunicará de forma expresa a aqueles colectivos e asociacións que durante o proceso de tramitación mostrasen interese no desenvolvemento do mesmo, para que poidan presentar alegacións ou suxestións.”

O Concello Pleno en sesión ordinaria de 30 de xuño de 2022 aprobou inicialmente o **Borrador do PMUS** do Concello de Narón proposto polo equipo redactor, no que se incorporou o informe respecto do primeiro proceso de participación cidadá.

O documento foi exposto ao público mediante a publicación no BOP núm. 126 do 5 de xullo de 2022 durante un período de trinta días e no taboleiro de edictos electrónico do Concello, podendo ser consultado na páxina web municipal www.naronparticipa.es.

Aos colectivos e asociacións que fixeron aportacións durante o primeiro proceso de participación foille comunicado o dito acordo plenario mediante correo electrónico, e déuselle conta do mesmo á Escola de Participación Cidadá, que realizou un Consello Xeral Extraordinario de participación o 14.07.2022 para a presentación do dito documento.

Rematado o período de exposición pública resultaron presentadas un total de 23 suxerencias a través da páxina web municipal www.naronparticipa.es, sete das cales foron tamén presentadas no propio rexistro municipal de entrada. Respecto das suxerencias aportadas na web, detéctase a coincidencia entre dúas delas, con mesmo contido no corpo da mensaxe e a mesma persoa remitente, pero diferindo o asunto (unha delas completa a anterior).

Visto o Documento final elaborado polo equipo redactor presentado no Concello en data 9 de setembro de 2022 (rexistro de entrada 15.782), coa posterior subsanación presentada o 14.09.2022 (rexistro de entrada núm. 16.049) na que achegan o dito documento asinado dixitalmente, consonte o establecido no artigo 2.3.4 do Prego de prescricións técnicas do contrato, e visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal responsable do mesmo de data 14.09.2022.

Á vista do anterior, procede elevar ao Concello Pleno proposta de aprobación do dito documento final, a cuxo fin, quen subscribe propón ao Concelleiro- Delegado de Urbanismo que eleve á Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos o ditame favorable dos seguintes acordos:



Primeiro.- Aprobar o **Documento final do PMUS do Concello de Narón** proposto polo equipo redactor, que forma parte inescindible deste acordo, incluído na EDUSI “Ría de Ferrol, cidade 2020” cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no que quedan debidamente contestadas as suxerencias presentadas durante a exposición pública do documento.

Segundo.- Publicar o acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e o documento aprobado no portal de transparencia do Concello de Narón (www.naron.es) para xeral coñecemento.

Terceiro.- Comunicar estes acordos a todos aqueles interesados que fixeron aportacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- Dar conta destes acordos á Escola de Participación Cidadá.”

E visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos representantes de PP -3- e BNG -1-; e os votos a favor dos membros de TEGA -5- e PSdeG-PSOE -2-) da Comisión informativa de Obras, Urbanismo e Servizos do 19 de setembro de 2002, o seu presidente propón ao Pleno a ratificación dese informe-proposta e adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o **Documento final do PMUS do Concello de Narón** proposto polo equipo redactor, que forma parte inescindible deste acordo, incluído na EDUSI “Ría de Ferrol, cidade 2020” cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no que quedan debidamente contestadas as suxerencias presentadas durante a exposición pública do documento.

Segundo.- Publicar o acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e o documento aprobado no portal de transparencia do Concello de Narón (www.naron.es) para xeral coñecemento.

Terceiro.- Comunicar estes acordos a todos aqueles interesados que fixeron aportacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- Dar conta destes acordos á Escola de Participación Cidadá.”

DEBATE

-Sr. Ramos Rodríguez: bos días a todos e a todas. En primeiro lugar, explicar que na elaboración deste documento houbo distintas fases. Nunha primeira fase, houbo un proceso de participación cidadá a través da escola deste concello coa convocatoria dos distintos Consellos territoriais das 7 parroquias e barrios do municipio a través de diversos canles de participación, que incluíron a expresa apertura dun proceso de recollida de propostas respecto ao PMUS.

Proceso que durou 3 meses, de marzo a xuño, e no que se recolleron o total de 43 aportacións. Posteriormente o equipo redactor presentou o borrador do PMUS, que foi aprobado inicialmente no Pleno de 30 de xuño. Unha vez aprobado foi exposto ao público mediante publicación no BOP e na páxina web municipal durante un período de 30 días. Ademais foi comunicado por correo electrónico a todas as entidades que participaron no primeiro proceso, e deuse conta do mesmo á Escola de Participación Cidadá que realizou un consello xeral extraordinario con data 14 de xullo de 2022.

Rematado o período de exposición pública resultaron 23 suxerencias a través da páxina web e por correo no Rexistro de entrada municipal. Despois de revisar as suxerencias, e téndose en conta a inmensa maioría, elaborouse por parte do equipo redactor o documento definitivo que foi informado favorablemente polo arquitecto municipal e que hoxe traemos para aprobación definitiva.

Este documento consta dunha primeira parte que é o análise e diagnóstico de cómo está a mobilidade do Concello de Narón. Onde se aprecia unha mobilidade excesivamente do uso do vehículo privado. O 70% dos desprazamentos son vehículo privado, un 85% do espazo público está destinado ao coche. E hai unha taxa de motorización de 710 vehículos cada 1000 habitantes.

O obxectivo deste plan de mobilidade é mudar esta situación dando prioridade ao peón, aos desprazamentos en bicicleta, ao transporte público, sobre o uso do vehículo privado e para isto, se establece un plan de acción con retos e obxectivos concretos coa finalidade de facer unha cidade máis sostible e eficiente.

Plan de acción que contempla unha inversión de aproximadamente 42 millóns de euros ao longo de 8 anos, establecendo un cronograma de actuacións a 2, a 4 e a 8 anos. Este plan forma parte dunha liña de actuación da Edusi ría de Ferrol do 2020, financiada con fondos europeos, e na que se inclúen 3 actuacións inmediatas tamén financiadas con estes fondos, que son o aparcamento do Centro de Saúde, a senda peatonal do camiño Edreiro e a pacificación do entorno escolar do CEIP de Piñeiros.

Un plan de mobilidade sostible é un plan estratéxico deseñado para satisfacer as necesidades de mobilidade das persoas e empresas, na cidade e arredores. Con vistas a mellorar a calidade de vida tendo en conta os principios de integración, participación e avaliación.

Finalmente comentar, que é un documento imprescindible para poder acceder a fondos europeos.

Por todo o exposto, solicitamos da Corporación Municipal o voto a favor para aprobar definitivamente este documento. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, nós imos votar favorablemente ao Plan de Mobilidade como non podía ser doutra maneira, porque aceptáchedes as nosas propostas e eu sei que todas e todos sabedes a importancia que lle damos o BNG ao espazo público, considerámolo como un ben de primeira necesidade como a sanidade ou a educación, porque ao final é un espazo que se o facemos ben é o máis democrático e onde todos e todas podemos convivir independentemente da nosa condición social, económica ou de diversidade.

Narón ten unha gran tarefa neste sentido, e pensamos que este plan é un punto de inflexión para que se poida realizar moito traballo para pasar desa cidade ou dese concello onde a mobilidade é maioritaria que vai no coche no, da casa ao traballo, do traballo á casa ao mellor parando para deixar aos nenos e ás nenas na escola, a que teñen conta os coidados, a de cando saes á compra igual vas con crianzas da má que aos 2 segundos se escapan e saen correndo, ou a das persoas máis maiores que lles custa moverse nun sitio que ao final o tráfico rodado invade todo como o propio análise diagnóstico da empresa que contratastes así fíxonos indicar.

Cremos que é moi importante que se inclúa o rural definitivamente porque bueno, é verdade que a maior parte da poboación está na zona urbana pero Narón ten unha parte moi importante do concello na zona rural, onde a mobilidade, tamén porque estamos falando de persoas con idade máis avanzada é máis complicado, pero incluso na zona urbana podemos velo na análise por exemplo, da zona do Couto se a comparamos co resto das zonas, no. Entonces cremos que ese traballo é moi importante e que se cré nos núcleos de centralidade das parroquias e nada, esperamos que se leve a cabo e senón imos estar aí decindo, hai que facer isto ou o outro ou.....quen sabe nun ano o que sucederá. Pero si que confiamos en que é un avance para o noso concello e que esperamos que así sigades facendo avances neste sentido, que nalgún lugar se están vendo e é importante considerarnos non falamos de peóns, gústanos falar de persoas porque ao final son as persoas as que ocupan o espazo público, non é un coche, un peón, un tal....temos que mirar eso e se imos a calquera punto de Narón na zona urbana e nos poñemos a contar un día pola mañá quen vai andando e quen vai en coche, poderedes comprobar, dá igual a hora, pero nós o temos comprobado, que a maioría das persoas que van andando son mulleres. E eso é porque tamén se necesita traballar nese sentido no urbanismo, e se as persoas maiores, os nenos, e as nenas e as mulleres teñen o espazo público garantido terémolo todos e todas porque haberá igualdade, así que nada, a avanzar.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Referente a este punto, é un documento técnico que recolle a maioría das necesidades que se viñan reclamando neste concello dende hai moito tempo. Hai cuestións que entendemos que son importantes e que están recollidas nun documento, o que pasa é que nós aquí o que votamos moito en falta é o compromiso político.



É dicir, está moi ben. Un documento técnico que valoramos e que entendemos que é un bo documento pero a realidade é que nos encontramos que simplemente temos o documento nun papel. Non hai uns compromisos, nin convenios nin ningún protocolo asinado coas administracións, onde teñen que facer auténticas inversións en Narón. E eso llelo dixemos e llelo comentamos en varias ocasións. Debía haber un compromiso claro coa Diputación, é dicir, está moi ben que se recolla este documento pero tamén é necesario que dende a Alcaldía, dende as concellerías correspondientes se traballe para conseguir esas inversións.

Por exemplo, que se fala da Avda. Souto Vizoso, en 8 anos, vostedes cren que esa Avenida pode estar 8 anos nas condicións que está agora?

Falamos de Concepción Arenal. De Santa Ixía, Miguel de Cervantes, podíamos dicir 5 ou 6 máis deste tipo. A estrada AC-566 que é a Estrada de Cedeira. E camiño do Lodairo, non entendemos como non inclúen e queren seguir castigando aos cidadás de Narón que veñen ao Centro de Saúde. A verdade é que non podemos comprender e entender cando hai solucións lóxicas, viables e rápidas.

Siguen penalizándose. Nas paradas de autobuses, vostede recolle no documento que se van reparar 8 anuais. Cantos anos van a botar vostedes adaptando as paradas de autobuses?

Se falamos de accesibilidade, nós propoñemos que debía de haber unha ordenanza de accesibilidade. Xa presentamos neste pleno o plan de accesibilidade. Nin se ve un prazo concreto e di "bueno, pois nada en 3 meses imos ter esa ordenanza aprobada". Creo que falta moita documentación e, sobre todo, compromiso político porque aquí o que pretendemos é facer un PMUS para intentar optar a unhas subvencións de fondos europeos pero eso non vai a ser a panácea totalmente; é dicir, xa estamos vendo como están chegando os fondos europeos, con que rapidez están chegando. Polo tanto, nós non podemos estar de acordo tal como está planificado, como está pensado, resolver as inversións que necesita o PMUS e que necesita Narón. Especialmente en accesibilidade, especialmente en transporte público e mobilidade sostible. Entonces o noso voto non vai ser a favor.

-Sr.Ramos Rodríguez: bueno, con respecto ao tema dos convenios, xa se lle explicou na comisión e se quere llo volvemos a explicar, e o propio equipo redactor lle contestou decíndolle o seguinte: todo o relativo a convenios que poida levarse a cabo entre as administracións con competencias na materia, obviamente está contemplado nos programas de carácter transversal previstos en relación coa gobernanza e xestión da implementación do PMUS. Pero non é obxectivo dun PMUS recoller este tipo de convenios que as distintas administracións poden realizar como parte da colaboración interadministrativa da propia política de desenrolo do propio municipio .

É dicir: non é función do PMUS recoller ningún tipo de convenio con outras administracións. Que ven a concretar? Que isto pódese facer antes, despois ou cando as administracións se poñan de acordo. Nosoutros non podemos obrigar a unha administración a que faga un convenio se non quere. Entonce se planifica a un número determinado de anos. Que esa colaboración ven antes? Facémola antes. A ver, o plan simplemente pon uns períodos máis ou menos lóxicos, en que se poidan executar según o presuposto municipal. Que mañá veñen uns fondos europeos cuns criterios determinados que afectan a un tipo de obras? Adiantanse esas obras, non hai porque axustarse ao que pon no propio plan. Poden adelantar obras, non hai porque esperar.

En canto ao plan de accesibilidade: vai no primeiro ano de funcionamento do PMUS. O plan de mobilidade está contemplado que se faga o primeiro ano. Cando quere que o fagamos? É no primeiro ano de funcionamento do PMUS. Está aprobado no documento. Plan de accesibilidade. Non sei a que se refire que vaia non sei en canto prazo.

A Souto Vizoso: arreglase cando se asine o convenio coa Diputación para arranxalo.

A estrada de Cedeira, igualmente. Pero é culpa do concello que non se faga eso antes ou despois? Haberá que poñerse de acordo coas distintas administracións. Non lle querrá emplumar todo ao concello. Ou vostede que quere, que pidamos as competencias e que arreglemos nós? Cando é obrigación das distintas administracións facelo. Penso que no.

Pero bueno, cada un opina o que quere. É unha disculpa pobre para non votar a favor. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permy: creo Sr.Ramos, que non entendeu o que lle quixen decir, e que xa llo dixen na comisión; é decir, os convenios non teñen que ir dentro do PMUS, no. Pero o que creo é que o concello, os concelleiros, Sra.alcaldesa, tiñan que haber tido uns acordos asinados para agora recoller nos documentos os compromisos. É dicir, en 2 anos imos facer esto, en 3 esto, en 4 esto....pero uns compromisos reais coas administracións que teñen que investir. Non podemos seguir pretendendo que os veciños de Narón cos seus impostos sigan facendo inversións que non lles corresponde. E subindo impostos. Pois eso é falta de traballo, de xestión política, falta de xestión política. Así é. Non sei a que están. E levamos así moitos anos. Cando foi o último convenio que asinaron vostedes? Que xa llelo dixen noutro pleno.

Oie, eu creo que para aprobar este documento, e para que teña viabilidade ten que estar previo feito eses acordos. Eses compromisos doutras administracións. Porque claro, que o papel o aguanta todo. E é un documento técnico que eu entendo que é un bo documento técnico e así o dixen. E o sigo mantendo. Pero creo que a parte da xestión política non estivo á altura deste documento. Nin está á altura. E síntoo porque a min me gustaría hoxe votar a favor deste, porque houbera un compromiso real aquí e que estivera recollido cuns anexos ao lado deste documento. E que nos presentaran aos grupos da oposición onde di “ aquí temos asinado este acordo, este protocolo ou este convenio con esta administración” . Temos que..... coa Diputación, lles facilitamos o tema coa Diputación. Levan 3 anos e non asinaron un só convenio coa Diputación. Para os viais. Aprobouse a moción aquí e aprobouse a moción na Diputación. É cuestión de traballo político de aquí deste concello, dos concelleiros que están aquí, que levan esas áreas. Causa que non se está facendo. Entonces eso é o que botamos de menos, porque a verdade é que no tema xestión vostedes son un desastre. Entences non podemos estar de acordo.

E nós non podemos ser cómplices nestas condicións porque despois imos vender que se aprobou un PMUS, pero que non se executa. Esa é a realidade. Eu non lle digo que teña que vir dentro do PMUS, nin os anexos nin os convenios, pero si que debían vir acompañados neste expediente os anexos e eses convenios asinados. Co compromiso das administracións do que ían investir en Narón en “x” anos.

Home, se teñen o goberno coa Diputación e non son capaces coa Diputación asinar eso, mal estamos. Esa é a realidade. Nada máis. Moitas grazas. O noso voto vai ser en contra por todo esto.

-Sra.Ledo Díaz: bueno, como hai quen fala da oposición así xenérico, nós somos parte da oposición e imos a votar a favor, non cremos que sexamos cómplices de ningunha situación maligna nin tal cando.. é máis, bueno, creo que sabedes que cando queremos decir as cousas as decimos, e á veces nos pode parecer mellor ou peor e si que creo que nesta ocasión xa o dixen nunha Xunta de Portavoces, é un bo proceso de participación pública nun tema moi interesante que nos atingue a todos e todas e nós fixemos uso dese proceso de participación pública, e o BNG foi quen de poñer máis de 100 propostas na primeira parte e na segunda, que aí si que xa se abstuvo o Partido Popular porque se acordou tarde, mal e arrastro e puxo algunha cousa enriba da mesa.

Eu dubido que o plan que apareza sexa o plan do Partido Popular porque temos exemplos noutros sitios que demostran que esas non son as prioridades, pero bueno, aquí non se é cómplice de nada, estamos falando dun PMUS que é moi necesario e nós tamén dubidamos porque claro, e eso tamén o preguntamos, unha gran incidencia para este cambio, a Estrada de Castela e a día de hoxe sigue sendo da Xunta de Galicia e nós, no seu momento, presentamos unha moción para que eso se empezara a levar a cabo. Pero hoxe creo que non é o momento de misturar como se di nun dito castellano “churras con meninas” e que temos que mirar polo ben de Narón.



Para nós sería unha irresponsabilidade non apoiar un plan onde a maior parte das propostas e do proxecto, que por certo xa viña no programa electoral do Bloque Nacionalista Galego aparte de dicir, non queremos ser hipócritas e cremos que Narón merece un Plan de Mobilidade Urbana Sostible e a partir de aí traballar.

Recoñezo unha cousa que dixo Germán, é verdade, o papel sostén todo. Agora é o momento de podelo levar á práctica e que non é doado, que a xestión non é doada pero hai un proxecto enriba da mesa que antes non existía, e creo que debemos de estar todas a unha para que o espazo público en Narón mellore e sexa, como dixen antes, un ben de primeira necesidade.

-Sr.Ramos Rodríguez: bueno, Olaia, agradecemos moito o teu voto pero 100 propostas no, porque houbo 43 na primeira fase e 23 na segunda. É imposible que sexan 100. (*A Sra. Ledo aclara esto e o Sr.Ramos se dá por enterado*).

E con respecto ao portavoz do PP, Germán cho dixeron por activa e por pasiva. Non é función do PMUS contemplar os convenios con outras administracións, non é función do PMUS, non ten que vir neste documento, co cal non vale de disculpa para votar en contra que non existan eses convenios. Porque nun PMUS non teñen que figurar os convenios. Vólvocho a repetir, non ten que estar no PMUS. Independentemente do que ti opines. Que che vale de disculpa para votar en contra? Ben, aceptámolo.

-Sra.alcaldesa: a verdade é que comparto o que di o Sr.Ramos. É dicir, realmente non o aproban porque non lle dá a gana, porque sinceramente neste caso dun plan de mobilidade como é un documento que temos aquí, sexa que non se contempla o que van a facer outras administracións nas súas estradas. A verdade que sinceramente, se se limita simplemente a eso é moi pobre o seu argumento.

Con respecto ao Plan de accesibilidade, xa lle dixen, con respecto aos compromisos e cronogramas esto é un documento técnico que o traen aquí políticos, que o avalamos, que nos gusta, que o traballamos e que traemos o que queremos, e ben, si ve no punto 3.4, “cronograma de implementación”. Con datas, con anualidades, que se vai a facer en cada ano. É dicir, máis compromiso que esto.... Evidentemente cando o aprobamos é porque o queremos realizar. Si que é verdade que se ven outra pandemia.... Logo me dirán, e que se comprometeron a facelo.

Hai cousas que poden exceder, pero realmente o que tratamos é aquí e como lle decía o meu compañeiro, no segundo ano, no cuarto, no oitavo, máis compromiso que esto, co cronograma non existe.

Entonces realmente, sinceramente, as administracións teñen que velar porque as súas instalacións e as súas (neste caso) estradas estén ben, independentemente de que nosoutros as pidamos ou no. Que tamén o facemos e como lle expliquei na Xunta de Portavoces, aínda este mes estivemos por enésima vez en Estradas, indicándolles como estaban con documentos fotográficos, e sabe que nos dixeron? Mire, como esas hai moitas máis, se as queren facer, por que temos que facer un convenio? Un convenio para facer con outra administración, é vontade nosa e xa llo ofrecimos tamén, que realmente cremos que cada administración tense que facer cargo das súas competencias.

E como ben decía, os veciños e as veciñas de Narón cos seus impostos non deben de pagar as infraestructuras da Xunta de Galicia e da Diputación e que deberían de estar en bo estado como tratamos de ter as do Concello de Narón e repito, son moi pobres os seus argumentos, perde a oportunidade de que única e exclusivamente porque non aparezcan os convenios que non hai cabida neste.... Unhas paradas do autobús e ese plan de accesibilidade que xa vostede ben decía. Ah, tamén nos fala do transporte público, que sabe que non temos competencia e que ven aquí como llo dixo o Sr.Ramos. Entón creo que é pobre o seu argumento. Si pode cambie de idea e

axude a facer un Narón, neste caso, cunha maior mobilidade que eso é o que tratamos con ese documento que imos a aprobar agora mesmo. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 8

PP: En contra 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

4 °.- PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2023.. -

Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Recibido oficio da xefatura de sección do SMAC da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, e vista a necesidade de proceder á determinación dos días de festas locais para o ano 2023, e visto o ditame favorable por asentimento da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 22-09-2021, o seu presidente, propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Fixar como festas locais do Concello de Narón para o ano 2023 os seguintes días:

- 21 de febreiro..... Martes de Carnaval.
- 23 de novembro Día de Narón.

SEGUNDO. - Dar conta deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña desa Consellería para os efectos oportunos.

INTERVENCIONS

-Sr. Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Como non me deixou falar antes, fágoo agora, que si que estamos de acordo con estes 2 días que presentan, o martes de Carnaval e o 23 de novembro, pero non se confunda, eu non dixen que no PMUS tiñan que vir os anexos incluídos, eu dixen no expediente, que é moi distinto.

-Sra.alcaldesa: agora estamos falando dos festivos locais...

-Sr.Castrillón Permuy: xa sei que estamos falando dos festivos locais, pero como no me deixou intervir... aproveito...

-Sra.alcaldesa: si que o deixo intervir. Aquí hai un regulamento onde se contempla cales son as intervencións de cada grupo e os tempos....teñamos un pleno agradable, home.

-Sr.Castrillón Permuy: nada máis. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 01/09/2022 ditaminou favorablemente a Conta Xeral do propio Concello, a do seu Padroado de Cultura e as Contas Anuais da empresa mixta Compañía de Servizos Medioambientales do Atlántico, S.A. (COSMA) correspondentes ao exercicio 2021.

O dito expediente estivo exposto ao público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 167 do 02/09/2022. Durante o prazo de información pública non se presentaron reclamacións contra o dito expediente, segundo consta no correspondente certificado de secretaría do 26/09/2022.

O dito expediente estivo exposto ao público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 167 do 02/09/2022. Durante o prazo de información pública non se presentaron reclamacións contra o dito expediente, segundo consta no correspondente certificado de secretaría do 26/09/2022.



Na súa consecuencia, e de conformidade co que se dispón no artigo 212.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, esta alcaldía eleva ao pleno o ditame favorable, por maioría, con 7 votos a favor (5 TEGA + 2 PSdeG-PSOE) e 4 abstencións (3 PP + 1 BNG) da sesión Extraordinaria da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 1/09/2022 e propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Concello de Narón do exercicio 2021 nos termos que constan no expediente e integrada por:

- a. A conta do Concello de Narón.
- b. A conta do Organismo Autónomo Padroado de Cultura.
- c. Como documentación complementaria, únense as contas anuais de COSMA, SA, na que o concello ten unha participación maioritaria do 51 por cento.

SEGUNDO. De conformidade co que se establece nos artigos 212.5 e 223 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nas correspondentes regras da Instrución do modelo normal de contabilidade local (ICAL), e o artigo 23 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, render a devandita conta xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, bos días a todas e a todos. Neste caso traemos esta Conta xeral que é simplemente un documento técnico que temos a obriga de aprobar todos os anos, e neste caso, tras unha comisión extraordinaria que se tivo que facer polos prazos especiais que ten este documento, que ten que estar en exposición moitos máis días e por eso o traemos aquí. Simplemente volvo a repetir, é un documento técnico onde mostra a realidade das contas que o Concello de Narón fixo no ano 2021. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. En relación á aprobación da Conta Xeral, solicitamos ao concelleiro presidente da comisión, Sr. Román, unha relación de obras que sabe que no ano 2021 houbo unhas modificacións de crédito que foron aproximadamente entorno aos 15 millóns de €.

Cales son as obras que a 31 de decembro estaban rematadas e certificadas?

Cales son as obras que están iniciadas neste momento e en que porcentaxe de execución están?

Cales son as obras que están iniciadas e sen rematar?

Ben é certo que me chamou por teléfono e que tivemos unha breve conversación de 2 minutos, ou non sei si en persona, non sei se 2 minutos e lle pedín que mo pasara por escrito que é o normal. Entonces espero que naquel momento non lle dera tempo pero que hoxe ao pleno nolo poida traer e nos dea esa explicación de cómo están. Nada máis que un pouco pola claridade e transparencia que debe haber nese sentido.

E despois a outra parte, que tamén lle comentamos, e que nos gustaría que tamén nolo dixera porque tamén tivo tempo para reaccionar e ver que solución lle van dar, son o tema de os máis de 200 reparos que tiveron no ano 2021. É dicir, como pretenden solucionar eso? Porque creo que non é a mellor forma de funcionar, é dicir, co tema de asuntos de contratos hai temas de xustificación de convenios, entroutras moitas cousas no, entón tamén nos gustaría saber cal vai a ser a solución para que non siga ocorrendo ano tras ano esta cantidade de reparos.

Espero que me poida contestar hoxe con transparencia e con claridade.

-Sr.Romero Franco: ben, como a súa solicitude foi verbal, confíei na súa capacidade de que si podía falar contigo persoalmente, te quedaras coa información que che daba pero vexo que no, que o pides por escrito. Perdona por confiar demasiado na súa capacidade.

E por outra parte, os reparos, un pouco demagóxico porque sabe perfectamente cal é a calidade dos reparos deste concello e lle puxemos varios exemplos, evidentemente que van máis alá da nosa intención política como pode ser, que unha empresa presente unha factura un día despois da fecha que a ten que presentar. As nóminas dos bombeiros que levamos mes a mes que é unha decisión de... que parece ser que por 2 días ou 3 días Intervención fai eses reparos constantemente, creo que é un pouco demagóxico vir aquí e preguntar por eses reparos porque sabe perfectamente cales son os motivos deles. Entón con esto nada máis. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: eu non lle vou a faltar ao respecto ao Sr.Román porque eu o que pido é que haxa transparencia e claridade. E que se recolla e quede na acta. Eso é o que pido. A capacidade cada un saberá a que pode ter e a que ten. Eu pensei que vostede tiña máis. E sobre todo, que respectaba ao Pleno. E respectaba a delegación que ten vostede, porque a obriga de vostede é traer hoxe aquí esa documentación. E de presentala.

Agora, ese é o seu traballo. Agora, quere que a oposición faga o seu traballo? Sr.Román sexa coherente e razoable. Hai unha falta de transparencia enorme. E vostede hoxe debía de traer esa documentación aquí. Como mínimo por respecto ao Pleno.

Ah no, vostede non ten que dar contas? Ao pobo de Narón non lle ten que xustificar vostede nada? E na acta, cando os veciños vaian ver a acta deste Pleno, non teñen porque saber cal son as obras que están feitas nin non están feitas e vostedes fan unha inversión de 15 millóns, por basarnos nos 15 millóns que o presuposto foi de 45 no ano 2021, eso dá igual, eso dá igual. Pois no Sr.Román, non dá igual, está vostede falando de diñeiro público, diñeiro público, e que ten que estar recollido adecuadamente. Por eso eu lle faigo eso.

Nin me contesta ás obras, que era o que debía facer, nin me contesta aos reparos. Pon un exemplo de 1 día tarde dunha factura. Aquí hai casos moi graves. E xa lle dixen na comisión. Nós estamos actuando politicamente porque cremos que podemos actuar politicamente, pero calquera día igual alguén non actúa politicamente e hai un problema, entón eu lle digo que sexa máis responsable e máis serio e, sobre todo, que non nos trate de coña á oposición. Non nos trate de coña porque eu a vostede nunca o tratei así, nin moito menos. Creo que algo que é importante é respectar ás persoas. Estemos donde estemos e eso no grupo popular sempre se fixo e se fará. Entón está ben xa.

-Sra.Ledo Díaz: facer oposición á oposición é de moi malos gobernos e se houbera un proxecto igual non estábamos nestas. Hai que dicir que si hai xente que pide cousas por escrito porque é a maneira de certificar fóra das cousas verbais e do que se fai. Nos outros imos a abstermos neste punto, pero si que é verdade que as cousas ás veces se fan doutra maneira. Nós pedimos por escrito sobre hidrantes que non bocas de riego e temos a resposta por unha nota de prensa con respecto a outra que nós fixemos, que non tiñamos información. Gustounos porque vimos a resposta do concelleiro no seu momento, que coincide co que está agora pero realmente se fóra por escrito con anterioridade non pasaría eso, e non un corpo de bombeiros respondería tamén despois ao concelleiro.

Entón a oposición está aquí para dicir o que está ben e o que está mal, para ás veces apoiar e ás veces no, pero o que non queremos é tampouco tomaduras de pelo e eu neste caso creo que o vemos ademais e sempre criticamos que no Parlamento galego hai un goberno que o único que fai é oposición á oposición e aquí cada vez máis tamén vemos isto.

E falar de temas no, de ideal número 4, Narón e deportes, eso non é unha proposta, as propostas veñen despois pero ao final sempre se intenta buscar un chiste e unha risa das propostas e do traballo que facemos as persoas, por certo sacando moitísimas horas do noso tempo libre.... No,



no, é o portavoz municipal de Terra Galega e aparte estamos falando de cousas serias. Entonces oposición da oposición é de moi malos gobernos.

-Sr.Romero Franco: quero aclarar. En ningún momento faltei nin a súa persoa ao respecto nin ao pobo de Narón, nin á cidadanía de Narón, nin nada. Creo que tardei así como 10 minutos dende que acabou a comisión, 10 minutos, en chamar neste caso ao portavoz na comisión do BNG e a vostede mesmo, para que nos xuntáramos xa mesmo, dándolle a relación absolutamente de todas as obras e de cómo estaban esas obras. Todas as obras e en que situación estaban. Non me diga que non fixen o meu traballo. Dez minutos creo que tardei. Dez minutos.

Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: por alusións.

Non me deu a relación das obras. Díxome 4 obras. “*Y las otras ya las sabes. Y los servicios no sé que...*” Pero estamos de coña. Estamos de coña. O que pasa é que agora vostede quere que apareza eso na acta. Cando non é certo. Antes no, agora si. Home, non podemos permitir eso.

Sr.Román, non lle vou permitir esas mentiras. Se equivoca rotundamente. E non vou permitir eso, téñao claro, eh. Na miña persoa non vou permitir eso.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa por aclarar. E dicir, creo eh, outra cousa no, pero casi temos unha persoa destinada aos escritos e á documentación que piden. Evidentemente, hai veces que supuestamente hai 5 días nos que temos que responder e que créame que por circunstancias, igual de que esa persoa está de vacacións, que tal...que non se dán eses 5 días pero que se lle dá resposta a todo. Pode ser que igual, nalgunha ocasión, se lle dé resposta mal pero creo que non poden dicir que non respostamos ás cousas que nos piden por escrito. Outra cousa é que se vostede nunha comisión plantexa, como comprenderá unha pregunta verbalmente, se non se ten nese momento se lle dá esa resposta verbal. Se vostede a quixese por escrito puidoo facer como fai en non sei cantas veces ao mes, que ten o seu dereito, pero tamén puidoo facer.

É dicir, vostede como comprenderá unha habilitación de crédito de non sei canto diñeiro, non imos ter aquí agora mesmo, toda esa documentación...saber o que vostede vai a preguntar dun documento que é a Conta Xeral que por certo, nada ten que ver as obras neste punto no que estamos a falar e vostede saca agora mesmo este tema. É dicir, se o quere soliciteo por escrito e se lle dirá en que punto está. Evidentemente está aí para ver. Non temos absolutamente nada que esconder porque as obras son públicas. Se ven, sabe canto é o orzamento e non temos, como lle repito, absolutamente nada que esconder. Se as quere por escrito. Se quere esa documentación. Pídao. Como comprenderá non lle imos a traer aquí todo...se se lles ocorre preguntar, non sei, cantas matrículas hai en pandereta do Padroado de Cultura, non imos a ter tampouco ese dato, pois igual teríamolo que saber? Si. Pero non o temos aquí. Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 8

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

6 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 22/2022: SUBEXPEDIENTE Nº 04/2022 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra

no expediente PRE/35/2022 e ante a necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 22/2022: subexpediente nº 04/2022 de suplemento de crédito, financiado co remanente de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do exercicio 2021, co fin de incrementar determinadas aplicacións orzamentarias dos capítulos 2 (gastos en bens correntes e servizos) e 6 (investimentos reais) para dar cobertura a determinados gastos que se consideran necesarios e inaprazables, por un importe total de 239.122,23 euros.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 14/09/2022, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Tendo en conta o que se establece na Base nº 9 das Bases de execución do orzamento, neste caso de suplemento de crédito non existe crédito orzamentario suficiente destinado ás finalidades específicas que se detallan na memoria do concelleiro delegado de facenda para a execución dos ditos gastos.

Téndose en conta o que se dispón no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nos artigos 35 a 38 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, na Base 9ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención do 15/09/2022 (PRE16I0B2).

Visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos membros do PP -3- e BNG -1-; e os votos a favor dos de TEGA -5- e PSdG-PSOE -2-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 22 de setembro de 2022, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 22/2022: subexpediente nº 04/2022 de suplemento de crédito, por un importe total de 239.122,23 euros no orzamento vixente, segundo o que se establece na memoria do concelleiro delegado de facenda que se une ao expediente.

O detalle é o seguinte:

Aplic. Orzam. Proyecto	Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade	Importe (euros)
1510.22706	Redación de proxectos, memorias, direccións de obra, coordinac. seguridade e saúde e outros complementarios.	220.000,00
1532.61900 2021.4.00000.36	Certificac. Final (liquidación) Plataforma única en rúas Luis de Góngora e Espronceda	7.980,08
1532.61900 2021.2.00000.65	Certificac. Final (liquidación) Obras de accesibilidade e reforma r/Marcial Calvo	2.652,49
9330.632000 2020.2.00000.44	Certificac. Final (liquidación) Mejora envolvente térmica C.F. Irmáns Froilaz	3.967,71
9330.632000 2021.2.00000.66	Certificac. Final (liquidación) Acondicionamento edificio de servizos da Feira do Trece	4.521,95
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO		239.122,23

O financiamento do expediente realízase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2021 por un importe total de 239.122,23 euros.

SEGUNDO. Que se expoña ao público este expediente durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o pleno, conforme ao preceptuado no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, con referencia ao artigo 169 do dito texto legal.

TERCEIRO. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004 (TRLRFL). Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

DEBATE

-Sr. Romero Franco: ben, pois neste caso traemos un modificado de preto de 240.000 euros que principalmente son 4 partidas de certificación final de obras que evidentemente non superan ese 10% que permite a lei e despois aumentar esa partida de proxectos, que dado o gran volumen de obras e de proxectos que levamos a cabo, pois queremos reforzar esa partida con estes cartos. Moitas grazas.

-Sr. Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Sra. alcaldesa: un segundo sólo decir que si antes se sentiu ofendido pídolle disculpas no nome do noso grupo. Non era esa a intención. Continúe cando queira.

-Sr.Castrillón Permy: en relación a esta obra. Pero si antes recordarlle que eu creo que nunha comisión, unha acta e a pregunta que se fai queda escrita na acta, e se recolle que se pide que nos presente esa relación. Creo que non teño que metela por Rexistro. Se quere que a oposición siga traballando, non hai problema. Nós traballar, si que queremos traballar. Entón faremoslle un comunicado a maiores. Porque si que debeu quedar recollido na acta. Entonces entendíamos que para o Pleno que había tempo, que había un mes para poder traelo pois que podía vir esa relación, pero bueno. Xa non eran 5 días, tiña un mes, eh.

E entrando nesta modificación de crédito, unha vez máis, veñen certificacións extras por liquidación de varias obras, é sorprendente que isto sexa un práctica constante neste municipio. É algo que nos ven preocupando e que lle vimos recordando que non entendemos como practicamente entre o 85/90 % das obras, sempre se fai unha liquidación extra e neste caso pois nos preocupa máis todavía, no.

Somos coñecedores de que na Rúa Marcial Calvo houbo varios problemas e nalgunha máis, no. Pero ímonos centrar na Espronceda, Luis de Góngora e Travesía do Río Freixeiro.

As obras realizadas non cumpren co obxectivo proposto no proxecto.

Despois de rematada a obra temos máis portais de edificios e vivendas con peor accesibilidade da que tiñan antes. Esa é a realidade.

Eliminaron aparcadoiros e a sinalización, algo grave que eu advertinno hai máis de 1 mes. A nova sinalización obrígalle cometer 2 infraccións de tráfico diariamente aos condutores que andan co camión dos residuos sólidos urbanos, de vidro e de plástico.

Non deixaron prazas de carga e descarga para os repartidores de Froiz, algo que creo que hai alí un servizo para moitos veciños e que necesitaban un aparcamento de carga e descarga.

E se falamos sobre a accesibilidade, xusto en Luis de Góngora, no paso de pións que está á altura da estrada de Castela, no extremo da parte esquerda baixando, deixaron un murete e deixaron un desnivel á beirarrúa non sei se de 30, 40 cm. Vostedes cren realmente que esa obra está finalizada? E que encima hoxe traemos aquí a este Pleno unha certificación de liquidación?

Vostedes cren que a plataforma única que eso é xa humanizar. E xa é mellorar a accesibilidade. E ademais témolo fácil eh, cando queiran imos de visita, portal a portal e imos analizando como estaban antes e como están agora.

E xa non imos falar de cando choiva moito e forte, a ver a cantos baixos e portais inundan. Imos deixar eso aparte. Bueno, últimamente parece que chove menos, entonces ao mellor non ocorre de momento. Igual pasa a garantía e despois de que pase a garantía nos encontramos con esas problemáticas. Entonces non podemos entendelo. De verdade que se actúa cunha lixeireza co diñeiro público que a min me sorprende.

Eu me pregunto si cando entra un proxecto dunha obra neste concello, ese proxecto se pasa a inspección técnica para que o revise e o informe. Me gustaría sabelo. E tamén me gustaría ver eses informes porque non atopamos obra que non teña un problema. Eu podo entender que un proxecto complicado que teña algunha modificación, pero home se visitamos o terreo e imos cos técnicos aí creo que a metade deses problemas se poderán solventar antes de empezar as obras e antes de empezar ese proxecto.

Entonces aquí hai algo que me gustaría que alguén nos contestara claramente. E se non que nos digan con que técnicos podemos falar para que nos digan ou que nos pasen os informes que se realizan deses proxectos que entran no concello. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: así é moi difícil porque eu veño aquí a falar o Punto é “*propuesta de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos*” pero non sobre se hai accesibilidade, non hai accesibilidade, se a obra estivo ben, se non estivo ben, creo.

Por outra parte, me supoño que un proxecto ten unha dirección de obra, hai uns técnicos municipais que a aproban, si está ben, si non está ben, si está correcto ...supoño que eso haberá que Que non se fai así aleatoriamente a recepción dunha obra nin nada de esto. Nin o proxecto, nin.... Supoño que eso.

E despois respecto das certificacións de fin de obra, no tempo no que estamos, que o valor dos materiais subiron unha barbaridade, por non falar doutras cousas, refírome, facer unha obra e non ter ningún tipo de variación, nin unha medición nin nada, estráname que non sepa que é moi complicado facer eso, porque estou segurísimo que fai unha obra na súa casa e vai a gastar máis do que lle presupostaron. Segurísimo. E con isto nada máis. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: Sr.Román, creo que se é como di vostede de que se pasan eses algo pasa. Algo raro hai. Algo raro hai. Pero é que eu sei do que falo, eh. Non se equivoque, eh. Sei do que estou falando. Pero me parece que vostede, se vai pola tanxente e non quere aclarar cuestións. Porque aquí fálolle do que realmente ven neste punto, eh. plataforma única en Luis de Góngora. Certificación final. Liquidación. E Marcial Calvo, Irmás Froilaz, acondicionamento edificio de servizos da Feira do Trece.

LLe falo de Luis de Góngora porque oíe, vivo alí. Entonces home, diante das miñas narices, non poido permitir isto. Porque o vexo todos os días e calquera día vai tropezar alguén e caer.

En Marcial Calvo sei que tamén houbo problemas.

E no acondicionamento do edificio servizos da Feira do Trece, de momento non os houbo porque ninguén entraría dentro del. Imos ver a ver que pasa.

E despois a relación de proxectos e memorias e dirección de obras, oíe entendo que ao mellor é necesario, e non digo nada deso. Entendo que ao mellor é necesario pero estou seguro que se me trouxeran eso por separado, estou seguro que votaríamos a favor ou como mínimo nos absteríamos.

Agora o que non podemos é permitir que siga ocorrendo... é que estamos.... O dixen antes e o volvo a decir: este é diñeiro público. Esa é a realidade, eh. Agora se vostedes o toman así a broma e parece que dá igual. E como ben di vostede, está costando moito á xente chegar a fin de mes. E algunha que xa non chega ao día 15.

Entonces dende a administración pública tamén temos que ser máis coherentes e xestionar doutra forma. O noso voto sinceramente vai a ser en contra porque non consideramos que esa obra estea rematada para traer unha certificación de liquidación desa obra. Así de claro. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: realmente non entendín moito o que decía de que familias o están pasando mal. Poido entender a situación ,pero non entendo que ten a colación con este punto.

Certificacións de obra: está permitido na lei. Ata o 10%. Estamos cumprindo. Evidentemente hai certificacións que son a cero. Hai exemplos neste concello. Hai outras que non que son unha porcentaxe como as que veñen aquí.

Falaba da Luis de Góngora. Exceso de medicións, de aglomerado, é o que se contempla, é o que se valora nesa certificación.

E outra cousa máis. Os proxectos están informados polos técnicos municipais. Non necesariamente nin é obrigatorio pero logo están recepcionados por técnicos municipais, que son os que din se a obra está ben executado, se non, si se recepciona, se non, se hai que modificar algo ou non. Evidentemente nosoutros imos a unha accesibilidade universal aínda que en puntos é bastante complicado facelo, é decir, cambiar determinadas cousas en determinados edificios que están anteriores ao que se fan as obras, de verdade créame que non é de todo doado.

Pero a sensación que temos e o número maioritario de veciños e veciñas que viven nesas rúas quedaron contentos e siguen insistindo co mantra de que se quitan aparcamentos. Se fixeron máis



na parte de abaixo. É dicir, no número global estamos falando non, dunha cantidade enorme e si que tratamos de humanizar. Cremos que humanizar tamén pasa por poñer máis especies de árbores como está habendo neste caso, e créame que non o tomamos para nada á lixeira, e cando hai calquera cousa, calquera suxestión, calquera cousa que surxe no proxecto, vaise mirar.

Pero quédese cunha cousa. Isto está recepcionado por técnicos municipais que avalan que eso está ben feito. Se non non o farían. Entendo eu.

Pasamos a votar a proposta .

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 8

PP: En contra 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

7 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 18 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación e os informes que obran no expediente ING/626/2022 e ante a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación dos servizos das escolas infantís municipais.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 15/09/2022, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Considerando o disposto nos artigos 15 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade cos artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas de modernización do goberno local.

Diante de todo o anteriormente exposto, analizada e estruturada a información incluída na documentación incorporada ao expediente ING/626/2022, na que se propón e xustifica a necesidade de modificar a ordenanza fiscal ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación dos servizos das escolas infantís municipais, e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos tres representantes do PP e os votos a favor dos membros de TEGA -5-; PSdG-PSOE -2- e BNG -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 22 de setembro de 2022, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobado con carácter provisional a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación dos servizos das escolas infantís municipais, nos artigos que se enumeran a continuación que quedarían redactados como segue:

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

5.1 Contías dos servizos:

5.1.1 ASISTENCIA E SERVIZOS ORDINARIOS

Os prezos públicos mensuais dos servizos prestados polas escolas infantís 0-3, en consonancia co establecido no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, actualizado por resolución da AGASS de 10 de maio de 2017, DOG núm. 97 do 23 de maio de 2017, son os seguintes:

Contías en función do IPREM	Xornada completa (continuada ou partida)	½ xornada	Comedor
Rendas inferiores ao 30 % IPREM	0,00	0,00	0,00
Rendas entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	0,00	0,00	17,45
Rendas entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	34,91	17,45	17,45
Rendas entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	69,81	34,90	26,45
Rendas entre o 100% e inferiores ao 125% IPREM	112,13	56,06	37,02
Rendas entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	133,29	66,64	52,89
Rendas entre o 150% e inferiores ao 200% IPREM	147,05	73,52	63,47
Rendas superiores ao 200% IPREM	169,26	84,63	74,05

Non obstante, atendendo ás circunstancias concorrentes, sobre este prezo aplicaranse as reducións, bonificacións, ou exencións, previstas no artigo 6 desta ordenanza.

Así mesmo, considerando a situación económica das familias usuarias, así como o establecido na Orde de 22 de xullo de 2022 da Consellería de Política Social e Xuventude, sobre a aplicación nos concellos da gratuidade nas escolas infantís e puntos de atención á infancia, establécense os seguintes prezos para o almorzo e merenda:

Contías en función do IPREM	Almorzo	Merenda
Rendas inferiores ao 30 % IPREM	0,00	0,00
Rendas entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	3,09	5,16
Rendas entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	3,09	5,16
Rendas entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	4,12	7,22
Rendas entre o 100% e inferiores ao 125% IPREM	6,19	10,32
Rendas entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	9,28	15,48
Rendas entre o 150% e inferiores ao 200% IPREM	11,35	18,57
Rendas superiores ao 200% IPREM	12,38	20,64

5.1.2 HORARIO AMPLIADO

Con carácter excepcional as familias usuarias do Servizo poderán ampliar a súa xornada de atención educativa, establecida como máximo en 8 horas, sempre que se acredite a súa necesidade, o prezo será de 21,16 €/hora/mes.

O prezo da ampliación de xornada non estará suxeito a redución algunha.

5.1.3 SITUACIÓNS ESPECIAIS

5.1.3.1 No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o Servizo de comedor e que desexen utilizar o Servizo algún día solto, o prezo será de 4,23€/día.

Este prezo non estará suxeito a redución algunha.

5.1.3.2 No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o Servizo de almorzo e que desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 1,54€/dá.

Este prezo non estará suxeito a redución algunha



5.1.3.3 No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o Servizo de merenda e que desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 1,54 €/da.

Este prezo non estará suxeito a redución algunha.

ARTIGO 6. EXENCIÓNS, BONIFICACIÓNS E REDUCCIÓNS

Atendendo á posta en marcha pola Xunta de Galicia da gratuidade da atención educativa en xornada ordinaria nas escolas infantís durante o curso académico, regulada na Orde de 22 de Xullo da Consellería de Política Social e Xuventude, será bonificada a taxa da atención educativa da xornada pola que opten nas escolas infantís municipais de Narón, as familias que reúnan os requisitos establecidos para a inclusión no programa de bonificación do 100 % do prezo da atención educativa.

Aos efectos de aplicación da bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa:

- a) A opción elixida implica a asistencia regular á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias. A familia usuaria que non cumpra co mínimo de horas quedará excluída da bonificación do 100 %, debendo aboar o prezo público mensual pola atención educativa, establecido nesta ordenanza.
- b) A inasistencia á escola infantil durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do neno ou da nena usuario/a para a inclusión no programa de gratuidade na obtención da bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa. Por conseguinte a familia usuaria quedará excluída da bonificación do 100 %, debendo aboar o prezo público mensual pola atención educativa, establecido nesta ordenanza.
- c) Todos os nenos/as matriculados nas escolas infantís deberán cumprir o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.

Ademais da gratuidade do citado servizo educativo, segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no artigo 5.1.1. e no artigo 5.1.3., aplicaranse os seguintes descontos, que non son acumulables entre si:

- a. Nenos/as pertencentes a familias numerosas: 20 %
- b. Nenos/as pertencentes a familias monoparentais: 20 %
- c. Asistencia ao centro de varios irmáns: 20 % (o segundo e sucesivos) para os servizos distintos da atención educativa.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento da presentación da solicitude de praza nas EIM, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias contidas na última declaración do IRPF.

Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes será do 50 %.

ARTIGO 10.- XESTION E RECADACION DA TAXA

O cobro das taxas que deberán aboar os interesados será xestionado polo Concello de Narón.

O Concello elaborará mensualmente, dentro dos dez primeiros días de cada mes, un padrón cos obrigados ao pago, que será aprobado e publicado, do que derivará un recibo que será pasado ao cobro na conta bancaria sinalada polos interesados no documento de domiciliación bancaria (T-TES-01) que obra nos expedientes dos solicitantes, de acordo co calendario do contribuínte elaborado pola Tesourería Municipal, no que constará o horario, o custe, e a gratuidade do servizo educativo.

O Concello elaborará un recibo de pago mensual no que informará a cada familia con nenos/as nas escolas infantís 0-3, entre outros datos, do horario da xornada completa, horario ½ xornada,

importe da taxa resultante, da bonificación da gratuidade pola Xunta de Galicia, importe a pagar, prestación doutros servizos (almorzo, comedor, merenda), así como do importe total a pagar.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO: Expoñer o expediente á información pública e audencia aos interesados, previo anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, así como nun diario dos de maior tirada da provincia e no BOP, por un prazo de 30 días, como mínimo, para que se poidan presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que de producirse serán resoltas pola Corporación.

TERCEIRO: No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo até entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL e 49 da LRBRL.

CUARTO: O acordo definitivo, ou o provisional elevado automáticamente a definitivo, e o texto íntegro da modificación da ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, entrando en vigor o día da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

INTERVENCIÓN

-Sr.Romero Franco: ben. Se lembrades, creo que foi no último pleno que se levou, no anterior máis, perdoade que non lembre, se levou a modificación desta mesma ordenanza a esperas un pouco de que a Xunta quitara o decreto para regular esta situación. Principalmente a levamos anticipada por intentar que unha vez que para non retrasar os prazos e o día 1 de setembro pois os nenos de Narón tamén se puideran acoller a esas medidas.

Neste caso, unha vez que a Xunta quitou esa documentación posiblemente unha adaptación de puntos específicos que non alteran nin moito menos as taxas, a contía senón simplemente regulación nos artigos. Nada máis. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 °.- PROPOSTA DE INICIACIÓN DUN PROCEDEMENTO DE REVOGACIÓN PARCIAL DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA SOBRE A EMISIÓN DUNHA LIQUIDACIÓN DA TAXA DE ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Logo de ver o informe proposta do xefe do Servizo de Intervención e Facenda, que transcrito literalmente di:

“ASUNTO: INICIACIÓN DUN PROCEDEMENTO DE REVOGACIÓN PARCIAL DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA SOBRE A EMISIÓN DUNHAS LIQUIDACIÓNS DA TAXA DE ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRUAS.

ANTECEDENTES:

-En data 09-05-2022 tivo entrada no rexistro xeral deste Concello (nº de rexistro 8.142) unha proposta, remitida polo Servizo de Recadación da Deputación da Coruña, de rectificación de datos por transmisión do obxecto tributario dunhas liquidacións (EXP: 2014exp35011069) relativas á taxa de entrada de vehículos a través de beirarrúas, das anualidades 2013 a 2021, do inmovible sito na rúa dos Ceramistas 101, Polígono do Río do Pozo, con número de identificación 503000741775.

O suxeito pasivo das citadas liquidacións era Montajes y Reparaciones Turmoil S.L, con CIF B70057518, e o titular correcto, segundo a proposta da Deputación da Coruña debería ser Dona María Jesús Guzmán López, con NIF 77593410-N

Segundo a documentación remitida polo Servizo de Recadación, relativa aos titulares do inmovible que constan no Catastro, figura ABANCA CORPORACIÓN DIVISION INMOBILIARIA SL, cunha porcentaxe do 100 % de propiedade dende o 14-09-2016; posteriormente, dende o 31-07-2019, dona María Jesús Guzmán López é propietaria do 50 % do inmovible e don Aldryn Rodríguez Quiroga doutro 50 %.

-En data 28-06-2022, o concelleiro delegado ditou unha resolución na que se ordenaba, entre outros extremos:

1º.- Comunicar ao Servizo de Recadación da Deputación da Coruña que deberán proceder á anulación das liquidacións da taxa de entrada de vehículos a través de beirarrúas, das anualidades 2019, 2019, 2020 e 2021 emitidas a nome de Montajes y Reparaciones Turmoil S.L, con CIF B 70057518, polo inmovible sito na rúa dos Ceramistas 101, Polígono do Río do Pozo.

2º.-Comunicar aos Servizos Económicos deste Concello que deberán emitir unhas novas liquidacións, en substitución das anuladas no parágrafo anterior, nas que debe figurar como suxeito pasivo o titular do inmovible:

TARIFA	ENTRADAS TALLERES MECANICOS, LAVADOS, PINTURA E OUTROS SIMILARES		
NIF	SUXEITO PASIVO	ANUALIDADE	IMPORTE
B70193321	ABANCA CORPORACION DIVISION INMOBILIARIA SL	2º SEMESTRE 2018	90,11 €
B70193321	ABANCA CORPORACION DIVISION INMOBILIARIA SL	1º SEMESTRE 2019	90,11 €
77593410N	MARIA JESUS GUZMÁN LÓPEZ	2º SEMESTRE 2019	90,11 €
77593410N	MARIA JESUS GUZMÁN LÓPEZ	2020	180,21 €
77593410N	MARIA JESUS GUZMÁN LÓPEZ	2021	180,21 €
77593410N	MARIA JESUS GUZMÁN LÓPEZ	2022	180,21 €

FUNDAMENTOS XURÍDICOS: .

1º.- Devengo da taxa:

En canto á obriga de contribuír e devengo da taxa, a Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, no seu artigo 5.1 establece que a obriga de contribuír nacerá no momento de comezar a prestación do servizo, que ten lugar dende que se formula a solicitude da utilización ou aproveitamento, ou desde o momento que se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, ou dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

Nos aproveitamentos permanentes o devengo da taxa producirase dende o primeiro día do período impositivo que comprenderá o ano natural, agás nos supostos de inicio ou cese da utilización privativa ou aproveitamento especial no que o período impositivo axustarase prorrateando a cota por semestres naturais, incluído o do comezo ou cese de exercizo da actividade.

No caso que nos ocupa ABANCA CORPORACIÓN DIVISION INMOBILIARIA é propietaria do inmovible dende o día 14-09-2016 ata o día 31-07-2019, pois ben, tendo en conta que a taxa só se pode prorratear por semestres nos caso de alta e baixa na taxa, no que respecta á anualidade 2018, non sería posible o seu prorrateo tal como se fixo na resolución obxecto de revogación.

Asemade, tendo en conta os prazos de prescrición reflectidos no artigo 66 da Lei Xeral Tributaria, esta Administración non podería liquidar a taxa correspondente ao exercizo 2018, por atoparse prescrito.

Así pois, debería revogarse parcialmente a resolución do concelleiro delegado de Facenda, de data 28-06-2022, no que atinxe ao punto segundo da parte dispositiva da mesma, concretamente no apartado que ordena a liquidación da taxa de entrada de vehículos correspondente ao 2º semestre de 2018.

2º.- Revogación dos actos de aplicación dos tributos

Co fin de centrar o ámbito obxectivo deste informe é esencial comezar por sinalar que a potestade de revogación dos actos de aplicación dos tributos regulase no artigo 219 da Lei 58/2033, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT en diante) que precisa, no seu apartado terceiro que: “[..] *el procedimiento de revocación se iniciará siempre de oficio [...].* E, no mesmo senso, o artigo 10.1 do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, aprobatorio do Regulamento xeral de desenvolvemento da LXT, en materia de revisión en vía administrativa (RD 520/05, en diante), establece que: “*el procedimiento de revocación se iniciará exclusivamente de oficio, sin perjuicio de que los interesados puedan promover su iniciación por la Administración competente mediante un escrito que dirigirán al órgano que dictó el acto. En este caso, la Administración quedará exclusivamente obligada a acusar recibo del escrito. El inicio será notificado al interesado.*”

Tampouco o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP, en diante), que é de aplicación supletoria en materia tributaria conforme ao establecido na súa disposición adicional primeira, prevé a posibilidade de que o procedemento de revogación de actos desfavorables, poida iniciarse a solicitude do interesado.

Polo tanto, tense que partir de que, como con toda rotundidade se afirma na Sentenza do Tribunal Supremo de 19-05-2011 (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, Recurso de Casación nº 2.411/2008, F.J 5º, Aranzadi RJ 2011, 4487), o artigo 2019 LXT non recoñece lexitimación aos particulares para iniciar o procedemento revogatorio, atribuíndolles unicamente a posibilidade de promover esa iniciación mediante o correspondente escrito, do que a Administración acusará recibo, en se prexuízo da tramitación subseguinte se se inicia o procedemento.

En consecuencia, considérase que a potestade revogatoria dese artigo 219 é unha facultade que a LXT outorga ás Administracións Tributarias, tras a oportuna confrontación dos intereses xerais e particulares en controversia, que pode decidir iniciar o procedemento revogatorio se aprecia causa para elo, ou non facelo.

3º.- Valoración da concorrencia dos presupostos para aplicar a revogación de actos:

O artigo 219 LXT dispón, no seu apartado primeiro, que: “*la Administración tributaria podrá revocar sus actos en beneficio de los interesados cuando se estime que infringen manifiestamente la Ley, cuando circunstancias sobrevenidas que afecten a una situación jurídica particular pongan de manifiesto la improcedencia del acto dictado, o cuando en la tramitación del procedimiento se hay producido indefensión a los interesados. La revocación no podrá constituir, en ningún caso, dispensa o exención no permitida por las normas tributarias, ni ser contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico.*”

Se ben, e conforme ao manifestado no apartado de antecedentes, a liquidación non se atopa pagada polo contribuínte nesta data, o procedemento de revogación poderá rematar ben proponendo a devolución do ingreso á interesada para o suposto en que esta efectúe o pago da liquidación durante a tramitación deste expediente e antes da súa resolución, ou ben, mediante a anulación da liquidación.

4º.- Órgano competente para resolver:

Finalmente, compre determinar o órgano competente para resolver sobre a iniciación ou non iniciación do procedemento revogatorio, conforme ás normas aplicables. O artigo 14.1 TRLHL establece, en canto á revisión de actos en vía administrativa, que: “*respecto de los procedimientos especiales de revisión de los actos dictados en materia de gestión tributaria se estará a lo dispuesto en el artículo 110 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local [...].* E o artigo 110 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRBRL en diante) que: “1. *Corresponderá al Pleno de las Corporaciones la declaración de nulidad de pleno derecho y la revisión de los actos dictados en vía de gestión tributaria, en los casos y de acuerdo con el procedimiento establecido en los artículos 153 y 154 de la Ley General Tributaria (hoy artículo 217 LGT).* 2 *En los demás casos, las entidades locales no podrán anular sus propios actos declarativos de derechos, y su revisión requerirá la previa declaración de lesividad para el*



interés público y su impugnación en vía contencioso-administrativa, con arreglo a la Ley de dicha Jurisdicción.”

Se ben ese artigo 110 LRBRL non regula a revogación de actos de gravame, o artigo 219.3 LXT si establece que: “ [...] *será competente para declararla el órgano que se determine reglamentariamente, que deberá ser distinto al órgano que dicto el acto*” . Polo tanto, dado que a LXT dispón respecto á declaración da revogación que a competencia corresponde a un órgano distinto do que ditou o acto, enténdese que o procedente é aplicar a mesma regra, no caso de iniciación do procedemento de revogación. En consecuencia, sendo que o obxecto da pretensión da revogación (unha resolución do Concelleiro de Facenda por delegación da Alcaldía), considérase que o procedente é que sexa o Pleno que decida sobre a iniciación ou non do procedemento.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de revogación parcial da resolución do concelleiro delegado de Facenda, de data 28-06-2022, no que atinxe á liquidación da taxa de entrada de vehículos a través de beirarrúas correspondente ao 2º semestre de 2018, anulando a mesma por estar prescrito o dereito a liquidala.

SEGUNDO.- Notificar o acordo plenario ao interesado coa apertura do trámite de audiencia por un período de 15 días, para que poida alegar e aportar os xustificantes e documentos que estime oportunos.

TERCEIRO.- Contra o acordo plenario de iniciación do procedemento de revogación non cabe a interposición de recurso algún por tratarse dun acto de trámite.”

O presidente, visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos representantes do PP -3- e BNG -1-; e os votos a favor dos membros de TEGA -5- e PSdG-PSOE -2-) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de 22 de setembro de 2022, propón a adopción deste acordo.

INTERVENCIÓN

-Sr.Romero Franco: aínda que esta é unha taxa nosa, está delegada na Diputación. Recibimos un aviso da Diputación de que se tiña que facer este cobro, o fixemos e cobramos un segundo semestre dese ano, que de oficio, entendimos que non correspondía porque xa estaba prescrito e simplemente corrixir esa decisión e devolverlle ao contribuinte os 90,11 euros que tiñamos que devolverlle.

Nada máis. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 8

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

9 º.- PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO PLENO. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), regula, no seu apartado 7, a composición e funcionamento das Mesas de Contratación nas entidades locais.

Así mesmo o artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio de 2007, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, dispón: “4. A designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de maneira específica para a adxudicación de cada contrato. A súa composición publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro. Se é unha mesa permanente, ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberá publicarse ademais no «Boletín Oficial do Estado», no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo trátase da Administración Xeral do Estado, da Autonómica ou da Local.”

Cabe lembrar que este Concello, por medio de acordo plenario adoptado en sesión celebrada o día 26 de xullo de 2018, creou a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Narón; modificando posteriormente a súa composición, tras a xubilación dun funcionario, en sesión plenaria do 25 de xuño de 2020.

Os membros da Mesa de contratación, segundo o establecido no artigo 326.4 LCSP, deben de ser nomeados polo órgano de contratación.

O Pleno da Corporación é competente como órgano de contratación en relación coa totalidade dos contratos recollidos na xa citada Disposición Adicional Segunda da LCSP.

Tras a produción dunha nova xubilación do persoal municipal integrado nese órgano e coa finalidade de dotar á mesma de superior estabilidade, axilidade e eficiencia; visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos membros do PP e os votos a favor dos de TEGA -5-; PSdG-PSOE -2- e BNG -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, de data 22 de setembro de 2022, o seu Presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar a Mesa de Contratación Permanente do Concello Pleno de Narón do seguinte xeito:

- Presidencia: Titular da Alcaldía (na actualidade Dna. Marián Ferreiro Díaz.

Suplente Alcalde/esa Accidental.

VOGAIS

- Titular da Secretaría Xeral do Concello (na actualidade D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli)

Suplente: Secretario/a Xeral substituto/a

- Titular da Intervención Municipal (na actualidade Dna. Pilar Canzobre Méndez)

Suplente Interventor/a Substituto/a

- Dous/dúas Funcionarios/as dos Servizos Técnicos municipais propostos pola Xefatura dese Servizo: (Na actualidade: como Titular, a Arquitecta Técnica Dna. Laura Pita Martínez e como Suplente, D. Alfonso Veiga García)
- Titular da Xefatura do Servizo Sociocomunitario (Na actualidade Dna. Yolanda Martínez García)

Suplente: Un/unha Técnico/a do devandito Servizo (na actualidade o Técnico de Xestión Sociocomunitario, D. Gustavo A. Perea Vega)

- Titular da Xefatura dos Servizos Externos (Na actualidade, D. Jairo Orjales Sande)

Suplente: Un/unha funcionario/a dese Servizo que o substitúa.

- Secretario da Mesa: Titular da Xefatura do Servizo de Contratación (na actualidade D. Alejandro Fernández Cortés).

Suplente: Persoa do departamento de Contratación que o substitúa.



Segundo.- Notificar este a cordo a todas as persoas interesadas e publicar o contido do mesmo no Perfil do contratante e Boletín Oficial da Provincia.

INTERVENCIÓN

Sr. Romero Franco: ben, pois neste caso traemos esta notificación dado que o xefe do servizo de Contratación aínda estaba o anterior compañeiro e se cambia para a persoa que está agora nese mesmo posto, e para non ter que traer a Pleno a aprobación cada vez que hai unha modificación e neste caso os cargos non se personalizan senón que se pon o cargo que ten cada un para se hai calquera modificación non haxa que tráela de novo ao Pleno. Nada máis . Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 8

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

10 º.- PROPOSTA DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES, FORMULACIÓN DE APERCIBIMENTO E ESTABLECEMENTO DE PROTOCOLO NO MARCO DO CONTRATO DE SERVIZO DE RECOLLIDA RSU E LIMPEZA VIARIA.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Xefe do Servizo de Contratación, en relación ao contrato denominado “Servizo de recollida de RSU e limpeza viaria”, elevou a esta Alcaldía-Presidencia, en data 15 de setembro de 2022, o informe-proposta que di:

“Expediente CON/36/2018: Servizo de recollida de RSU e limpeza viaria

Asunto: proposta de imposición de penalidades

En relación ao expediente e asunto sinalados no encabezado, emítese informe-proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

A Alcaldía deste Concello, en data 8 de agosto de 2022, ditou resolución pola que se incoa expediente de imposición de penalidades no marco do contrato denominado “Servizo de recollida de RSU e limpeza viaria”, á empresa contratista, URBASER S.A., nos termos do informe subscrito polo Xefe de Servizos Básicos coa mesma data, que cifra a contía das penalidades propostas no 7,5% da facturación anual bruta do contratista no último exercicio consolidado.

Cursado trámite de audiencia, con traslado do precitado informe, a empresa presenta escrito en data 23 de agosto de 2022, comprensivo de tales alegacións, logo de realizar a vista do expediente, e no que solicita:

Se dicte Resolución en la que se deje sin efectos el acuerdo notificado, por no existir motivos para el inicio del expediente de penalidades contra mi representada, acordando por tanto el archivo y sobreseimiento del expediente administrativo

incoado, por inexistencia de conducta infractora que sea subsumible en el régimen de penalidades recogido en el pliego.

Consta igualmente no expediente o informe da Policía Local de data 23 de agosto, emitido a solicitude da empresa contratista, respecto dunha denuncia verbal a causa dunha vertedura de entullo na Gándara.

Con data 31 de agosto a empresa presenta nova solicitude achegando a documentación adxunta á que se refería o anterior escrito de alegacións, que se acompaña a esta proposta, pero que non fora incluída por omisión involuntaria.

Vistas as alegacións, o Xefe de Servizos Básicos emite novo informe, en data 15 de setembro, que vén concluír:

Baixo o criterio do asinante, é á vista da documentación contida no expediente, os feitos trátanse dun incumplimento de carácter leve do establecido no Prego de prescripcións técnicas, posto que no prego de prescripcións técnicas do presente contrato especificase o seguinte:

“3.6 Obligaciones del contratista.

2. Potenciar la transmisión de información al Concello de los distintos aspectos de ejecución del contrato.

...

11. Dar conocimiento al Concello de Narón sobre cualquier anomalía o incidencia en los servicios, que afecte a la buena marcha de los mismos, comunicándose con antelación suficiente o, en el caso de que no fuese posible dicha antelación, inmediatamente después de que se produzca el hecho”.

Á vista do anterior, o asinante propón modificar a imposición inicial de penalidade de tipo infracción “grave”, ao nivel de “leve”; establecendo a mesma nun nivel do 0% da facturación anual bruta do contratista no último exercicio consolidado e realizar un apercebimento polo anteriormente indicado, a maiores do establecemento obrigado do protocolo que se adxunta ao presente documento como Anexo I.

Resultan de aplicación, en canto á actuación que ha seguir o Concello, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Dáse por reproducido o informe do Xefe de Servizos Básicos, de data 15 de setembro.

Desta forma, conséntase un incumprimento do prego de prescripcións técnicas, cualificado como leve, e que atopa o seu encaixe dentro do seguinte punto da cláusula 39 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP):

FALTAS LEVES: Son faltas leves los imputables al Contratista que supongan deficiencias en el normal desarrollo de la prestación del servicio, pero no afecten



desfavorablemente a la calidad, cantidad o tiempo en la prestación del mismo ni sean debidas a actuaciones dolosas, así como tampoco pongan en peligro a personas o cosas, ni reduzcan la vida económica de los componentes de las instalaciones. Son, entre ellas:

(...)

- *Cualquier otro incumplimiento de las normas generales y específicas previstas en el presente Pliego y en el Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares, no calificadas como infracciones graves o muy graves.*

Faise constar que non existe no prego un procedemento específico para a imposición de penalidades. En consecuencia, seguiuise o procedemento xeral regulado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, con audiencia previa ao contratista. A resolución do procedemento correspóndelle ao Concello Pleno, por ser o órgano de contratación neste procedemento.

En canto á contía á que ascende esta penalidade, de acordo co informado polo Xefe de Servizos Básicos, será de 0,00€. Non obstante, dedúcese dese informe a formulación dun expreso apercibimento e do establecemento dun protocolo de actuación para situacións semellantes (anexo I do informe), emitidos sobre a base das potestades que esta Administración ostenta para garantir a boa marcha do Servizo (cláusula 32 letra a do PCAP).

Por todo o anterior e en virtude do art. 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, este Xefe do Servizo de Contratación eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, como órgano de contratación e previo ditame da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Impoñer a URBASER S.A., con CIF A79524054, unha penalidade do 0,00% da facturación anual bruta do contratista no ultimo exercicio consolidado (e en consecuencia, sen necesidade de practicar dedución económica ningunha na facturación do servizo), por incumprimento leve das súas obrigas contractuais, durante a execución do contrato denominado “Servizo de recollida de RSU e limpeza viaria”, nos termos apuntados polo Xefe de Servizos Básicos no seu informe de data 15 de setembro, que se acompaña a esta proposta.

SEGUNDO: Formular, de acordo igualmente co apuntado polo Xefe de Servizos Básicos no seu informe de data 15 de setembro, expreso apercibimento á empresa contratista, e establecer como protocolo de actuación para situacións semellantes o recollido como anexo I daquel informe.

TERCERO: Notificar o presente acordo ao interesado.”

Visto este informe, así como o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos membros do PP -3- e BNG -1-; e os votos a favor dos de TEGA -5- e PSdG-PSOE -2-) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 22 de setembro de 2022, o seu presidente propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Impoñer a URBASER S.A., con CIF A79524054, unha penalidade do 0,00% da facturación anual bruta do contratista no último exercicio consolidado (e en consecuencia, sen necesidade de practicar dedución económica ningunha na facturación do servizo), por incumprimento leve das súas obrigas contractuais, durante a execución do contrato denominado “Servizo de recollida de RSU e limpeza viaria”, nos termos apuntados polo Xefe de Servizos Básicos no seu informe de data 15 de setembro, que se acompaña a esta proposta.

SEGUNDO: Formular, de acordo igualmente co apuntado polo Xefe de Servizos Básicos no seu informe de data 15 de setembro, expreso apercibimento á empresa contratista, e establecer como protocolo de actuación para situacións semellantes o recollido como anexo I daquel informe.

TERCERO: Notificar o presente acordo ao interesado.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben. Traemos este punto aquí debido a publicación de un video onde traballadores da empresa Urbaser, pois fan unha recollida indebida. Entón se quere facer esa penalidade á empresa, se lle dá audiencia e a empresa xustifica o motivo desa recollida indebida e os técnicos municipais nos fan un informe dando por válida a xustificación que fixeron coas comprobacións necesarias que tiveron e entón neste caso, por eso se chega a este punto. Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: bo día. É unha situación un tanto complexa. Uns videos puidemos ver unha situación moi grave no, chegando a recoller ata os 3 tipos de contenedores para o camión de lixo xeral. Despois resulta que queda un problemilla despois das explicacións no, con informes eso si que decían que o video nas redes non era o orixinal e que había restos de obras nos 3 contenedores, e que se fixo o servizo máis ou menos correctamente pois seguindo a lóxica. Total, que un tironcillo de orellas e un “para la próxima me lo dices y listo” pero tampouco digno dunha sanción económica. A culpa ao final coma sempre é pois dalgún veciño ou veciña que no souperon comportarse no? E digo coma sempre, porque permítideme contarvos agora o moito que me lembrei dado a similitude da situación da solución do concello cando o río Xuvia tivo un informe desfavorable para o baño na área recreativa de Pedroso, ese río que nace nas montañas naturais das Somozas percorrendo esas paisaxes de vertedoiros e empresas nada sospeitosas, por certo, de contaminar, supoño pois a solución deste goberno non foi enviarnos unha carta a toda a veciñanza con fincas colindantes ao río lembrándonos a normativa sobre o uso de fertilizantes para non esquecermos das sancións económicas que caerán sobre nós e pois esteramos fóra de alí.

Despois o do video, bueno, imos ver. Hai unas dúbidas, que nos xurden despois destas explicacións, que son naturais. Hai unha dificultade que vemos sobre o de verter os escombros nestes contenedores, porque as ranuras do amarelo e do azul son unas ranuras pequeniñas, terían que darse unhas circunstancias a maiores aparte destas que contastes no, para poder facelo, ou tapas mal pechadas ou algo así, se van acumulando circunstancias que dan unha explicación difícil a todo isto. E despois o do video. Bueno, supoño, que todos e todas vemos que o video que circula polas redes o colgou o BNG, o que xa non sei é cantos sabedes que o video que os informes poñen recibido por e-mail, na secretaría da Alcaldía, tamén o enviou o BNG e é o mesmo. O que pasa é

que a experiencia me di que vos enterastes antes do das redes que do recibido no concello. Porque aí é onde están as preferencias deste goberno, no.

Incluso é tan evidente que aí están as preferencias que é curioso que nos informes que tiñan que esclarecer esta falta no servizo de recollida se preocupen tamén de poñer en evidencia o video compartido nas redes que repito, é o mesmo, e ti mesmo empezaches esta intervención decindo que traemos esta moción pola publicación de un video non pola denuncia recibida en Alcaldía, no. E quixemos facer esta denuncia deste xeito, porque estamos en alerta pola veciñanza que polos nosos canais de comunicación levannos tempo avisando das deficiencias do servizo onde se incurre repetidamente según o que nos informan nesta e noutras faltas que tamén anunciamos e denunciemos públicamente pois habitualmente, eh. E aí é onde está realmente a gravidade deste asunto. Este concello acaba de gastar unha auténtica millonada tras a adjudicación deste contrato e un montón de esforzo e tempo para darlles voltas e voltas ata volver outra vez ao mesmo sistema. Que non funciona. Se a fin de contas, por ben que reciclemos Sogama vai seguir queimando o 80% dos plásticos que lle chegan, e seguimos caendo nos mesmos erros que quizais rematen desmoralizando á veciñanza para facer as cousas ben na nosa reciclaxe no? De todos xeitos, polo menos esperamos que realmente que este tirón de orellas pequeniño sirva para reaccionar. Polo que non nos imos a opoñer tampouco a esta moción. Moitas grazas.

-Sr. Castrillón Permy: referente a este expediente que se trae aquí a este Pleno, bueno e que si de verdade é como se conta aquí no papel e o tiveran tan claro de que estaba mal reciclado eses contenedores, como é que o encargado non estaba alí co rapaz, co obrero que estaba vaciando eses contenedores? Non debería estar alí para facer un video para que todos tiveramos demostración de que eso estaba mal reciclado? Non debería de facer pois unha documentación gráfica, recoller de que conforme estaba mal? Eso sería o ideal no? O que pasa é que aquí estamos vendo que eso todo se fixo a posteriori.

Entonces a realidade é que poden intentar que a documentación se recolla, está ben, pero sabemos que non foi así porque se non, cal é o motivo? Digo eu, se o encargado o sabía, se avisara, por que é o rapaz que fixo o traballo de traer o contenedor do papel e o contenedor de plástico ao camiión de residuos sólidos urbanos? Debería de estar o encargado diante. Eso sería o normal e non a posteriori facer un expediente por un video que saíu e creo que sendo así habería que ver que eso estaba mal reciclado. Eso sería o normal.

Considero que é un servizo que non está funcionando como debería de funcionar. A pena é que temos un contrato que vai durar aínda 9 anos e que non lle vemos moitas alternativas de que mellore. Porque o desprestixio que está habendo é importante. Creo que hai que facer un traballo de base para que a xente recicle e ter precaución de que estas cousas non ocorran da forma que están ocorrendo. Entonces bueno, non estamos de acordo en como se actuou e loxicamente non cremos o que nos contan aquí pero bueno, está montado e vostedes como din que o fan perfectamente, que son os mellores, pois nada, alá vos. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr. Romero Franco: por aclarar. Nós nunca imos ir contrarios a un informe técnico, entón entendo que si este informe avala que houbo unha chamada, que se foi a comprobar, que de feito nun dos videos que se pode ver o operario abre os contenedores para ver que eso é certo e fai esa operación, entendo que non vamos ir en contra dese informe técnico que nos presenta, non fagamos nós ben nin non ben. Creo que si que facemos ben se o informe nos di que temos que facer unha cousa e imos a favor dese informe. Nada máis. Grazas.

-Sr. Carballeira López: nós tampouco queremos sospeitar, xa o decía dos informes técnicos, o que pasa que bueno, hai unas evidencias e no tema do video é o que decimos, non hai máis que miralo

que o podemos ver. E despois por outro lado, hai que intentar aprender dos erros e intentar corrixir que esto non volva a pasar, e é certo que algo se fala na moción pero no se aclara cal vai ser o protocolo e, repito, aquí o problema máis grande é que se acaba de gastar unha millonada neste contrato e non vemos que se estean resolvendo os problemas porque por poñer dous exemplos, de como os concellos intentan resolver os seus problemas, temos un concello moito máis pequeniño, eso si, San Sadurniño aquí ao lado pois que, ante unha situación ben parecida, antes de haber un problema deste tipo, iniciaron unha campaña importantísima non recollendo o lixo que está mal botado, achegándose ata alí representantes do concello e as autoridades e publicando todo nas redes. Por certo, unha campaña que lle está dando moi bo resultado en moi pouco tempo.

En Carballo, que o poño de exemplo, porque é un concello que nos gusta poner de exemplo polas similitudes que ten con Narón, a recollida do lixo, por exemplo, orgánico, se fai baixo chave. Os contenedores teñen chave e son os veciños que lles pertence o seu contenedor os que teñen a chave e poden ir a reciclar. Por tanto, este tipo de fallos se están corrixindo ao 100%. Esta medida ten unha efectividade do 100% en canto a reciclaxe de orgánicos neste caso.

E aquí temos o contrato máis caro de todos estes concellos, o único que modificamos foron os contenedores moito máis grandes que non sei en que melloran, quizais en que fagan falta moito menos persoal á hora de recoller ou limitar a frecuencia, pero os problemas que tiñamos siguen estando. E aí o fondo da cuestión a onde queremos chegar.

-Sra.alcaldesa : a ver. Non sei por onde empezar. Se o video o mandou o BNG, entón entenderá a resposta que se lle deu dende a Alcaldía, digo eu. É dicir, se o video o que o fai chegar é o BNG nese momento se lle responde, non sei si unhas horas ou ao día seguinte, se lle responde algo, entendo que se o envían será así. Eu non comprobei se os dous videos son exactamente igual ou se non. O que si comprobei, que o di a propia empresa, que o video que circula polas redes sociais é diferente, repito eu non o comprobei, ao que se nos achega á Alcaldía.

Dende ese momento se inicia, e aquí si que corrixo o que dixo Román, non se inicia cando se ve nas redes sociais, se inicia no momento que somos coñecedores de que esa situación se está producindo. Evidentemente a nosoutros non nos gusta, e levamos facendo moitísimas campañas de reciclaxe e apostando por mellorar un servizo que evidentemente a priori cando vexa esas imaxes pois a verdade é que dis, “se bota por riba e se bota por abaixo moitísimo traballo que levamos feito durante moito tempo”.

Con respecto ao tema do apercibimento ou no. Evidentemente esto está documentado, hai un informe da policía, non vou a cuestionar se a policía nacional di a verdade ou no, evidentemente creo, existe unha chamada onde di que hai restos noutras zonas do barrio da Gándara ; por que o operario ou encargado non está ...? evidentemente entendo que non pode estar en todos os puntos á vez. É dicir se xurde eso polo que aquí contan se lles dá a orde de si hai impropios e máis contenedores xuntándeo todo, que é o procedemento que ten que ser evidentemente.

Que hai outras campañas mellores noutros concellos? Non o sei, nosoutros temos algunhas que creo que son bastante boas ou moi boas. Incluso podo dar un dato: a recollida de plástico do mes pasado é a maior da historia do Concello de Narón. Entón entendemos que a xente aposta por seguir reciclando e aposta porque os servizo funcione correctamente.

Como decía que tampouco existe un protocolo de si aparecen impropios como tal...aparece recollido no expediente, aquí ten, con 3 puntos, o que teñen que facer. A nosoutros tamén nos houbese gustado moito que tivesen documentado que eses impropios existían, por que? Porque agora mesmo non estaríamos falando de todo isto, é dicir, no momento que sae o video diríamos “mire, hai impropios, se demostra con isto” non se fixo, agora mesmo o pedimos por escrito para que así conste e aquí aparece ese procedemento.

E non sei, creo que quería dicir algunha cousa máis, non sei se algunha aclaración ao respecto que se me queda pero creo que o gordo está aí e evidentemente nosoutros non dubidamos do informe, sobre todo, da Policía e o informe que avala que isto pasa así e creo que a propia empresa tamén nolo dí, que creo que evidentemente existen 2 versións do video onde nunha está manipulado ou no, non sei por quen está manipulado nin o digo, manipulado é cortar. Non acuso a ninguén. No,



quero clarificar... en Alcaldía existe (dirixíndose a Sra.Ledo Díaz) só deixame que o diga e non terxiverses as miñas palabras. Por favor. Deixame un segundo.

(A sra. Ledo di que si falan de 2 videos que por favor por alusiónso de manipular é moi

-Sigue a Sra.alcaldesa: me deixas aclarar? Mira, manipular é editar. E evidentemente se nosoutros temos un video que dura “ x”minutos e outro dura menos está manipulado. Repito, eu non vin os dous e non...

-Sra. Ledo Díaz: está facendo unha afirmación de que nos están acusando de manipulación cando non é asífixemos chegar un video que está exactamente igual ao que se publicou. Por favor, fagánnolo chegar , o pedimos, están falando dun video que ensíneme ese video.

-Sra.alcaldesa: dixechedes que o video que chegou á Alcaldía é do BNG, palabras de Geno que o dixo aquí, repito, eu non vin os 2 videos digo que a empresa nos di, que existe un video que está colocado nas redes sociais que está manipulado, que non é o mesmo que nos chega a Alcaldía. Eso é o que dixen e non quero que se malinterprete o que eu dixen. Eso é o que dixen. Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 8

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

11 °.- PROPOSTA DE PARTICIPACION DO CONCELLO NO POS+ADICIONAL 2/2022

2ª FASE. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Xefe do Servizo de Contratación, en relación ao expediente denominado “POS+2022. Solicitud xeral”, elevou a esta Alcaldía-Presidencia, en data 20 de setembro de 2022, o informe-proposta que di:

“Visto o acordo plenario deste Concello, de data 27 de xaneiro de 2022, no que se aproba o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e se aproban os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Investimento	Orzamento
ACONDICIONAMENTO DE LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE MAIORES DE SANTA ICÍA	261.689,57 €
MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA GARDA	175.993,99 €
MELLORA E ORDENACIÓN DO APARCAMENTO NO ESTADIO DE RÍO SECO	128.346,76 €
TOTAL	566.030,32 €

Vista, así mesmo, a circular da Excma. Deputación da Coruña, remitida a este Concello con data 30 de maio de 2022, a través da Plataforma SUBTEL, sobre a elaboración do POS+ ADICIONAL 2/2022 por maior achega da Deputación, na que se sinala a cantidade que lle corresponde a este Concello:

CONCELLO	Asignación POS+ AD 2/2022 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos
Narón	1.043.549,85 €

Vista a resolución da Alcaldía-Presidencia deste Concello, de data 30 de xuño de 2022, pola que se acorda participar na 1ª fase deste POS+ ADICIONAL 2/2022, solicitando á Excm. Deputación da Coruña unha achega ao efecto de 390.036,33 €, como parte da asignación total sinalada con anterioridade.

Consultada a Concellería Delegada de Obras, maniféstase a intención deste Concello de incluír, no POS+ ADICIONAL 2/2022 2ª fase, un novo investimento financeiramente sostible (concretamente, o proxecto denominado “Mellora da seguridade vial na Rúa Garda”, modificado respecto da petición incluída no POS+2022 COMPLEMENTARIO), dedicando o resto da asignación á revisión excepcional de prezos, resultando o seguinte desglose:

Investimento	Orzamento
MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA GARDA	211.399,83 €
REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS	442.113,69 €
TOTAL	653.513,52 €

Para acometer estes investimentos, quen subscribe elaborou o informe adxunto comprensivo do plan de financiamento, sen que se prevea a necesidade de achega municipal ningunha.

No entanto, será necesaria a tramitación de diversos expedientes de modificación de créditos por xeración, unha vez se aprobe definitivamente o Plan polo ente provincial.

Por todo o anterior e en virtude do art. 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previo ditame da Xunta de Portavoces, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2022**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA GARDA	211.399,83 €	0,00 €	-	0,00 €	211.399,83 €
TOTAL	211.399,83 €	0,00 €	-	0,00 €	211.399,83 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	442.113,69 €

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	211.399,83 €	0,00 €		0,00 €	211.399,83 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	442.113,69 €				442.113,69 €
TOTAL	653.513,52 €	0,00 €		0,00 €	653.513,52 €

SEGUNDO: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

CUARTO: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

QUINTO: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Visto este informe, e prestada conformidade pola Intervención Xeral (documento de código FIS16I034) e visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 26-09-2022, esta Alcaldía-Presidentencia propón ao Concello Pleno, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2022**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA GARDA	211.399,83 €	0,00 €	-	0,00 €	211.399,83 €
TOTAL	211.399,83 €	0,00 €	-	0,00 €	211.399,83 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	442.113,69 €

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	211.399,83 €	0,00 €	-	0,00 €	211.399,83 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	442.113,69 €				442.113,69 €
TOTAL	653.513,52 €	0,00 €	-	0,00 €	653.513,52 €

SEGUNDO: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



TERCEIRO: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

CUARTO: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

QUINTO: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

INTERVENCIÓN

-Sr.Romero Franco: bueno, pouco que decir. Simplemente esas 3 obras que neste caso traemos nese POS+ adicional, o acondicionamento do local da asociación de maiores Santa Icíá, maior seguridade vial na rúa A Garda e a mellora do ordenamento do aparcamento do estadio de Río Seco. Nada máis. Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

12 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ACORDOS RELATIVOS Á EMPRESA MIXTA DO MEDIO AMBIENTE COSMA, S.A.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Concello Pleno de Narón acordou en sesión de data 22 de febreiro de 2002, a constitución dunha empresa mixta de xestión integral do medio ambiente neste termo municipal, na que o Consistorio contaría cunha participación do 51 % do accionariado, e a entidade AQUALIA, SA. cun 49 % do capital social.

Así mesmo na devandita sesión prestouse aprobación ós Estatutos que haberían de rexer a vida societaria da entidade a crear.

No artigo 17 dos Estatutos de referencia, establécese a composición do Consello de Administración, como órgano de xestión e representación da sociedade, integrado por 11 membros que serán designados polo Concello de Narón, a proposta dos socios público e privado; mentres que o artigo 19.1 sinala que os Conselleiros exercerán o seu cargo por un período de catro anos, podendo ser reelixidos unha ou mais veces por períodos de igual duración.

Pola súa banda o artigo 14 dos Estatutos sociais, dispón que nas Xuntas Xerais, a representación orgánica do Concello de Narón, corresponde ó Pleno da Corporación municipal, así como que a vontade do socio público será única e decidida previamente conforme ás regras que regulamentan a adopción de acordos polo Pleno municipal, ostentando a representación deste na Xunta Xeral, o alcalde ou Primeiro Teniente alcalde ou Corporativo designado polo Pleno ó efecto en cada ocasión, mentres que o artigo 20 deses estatutos prevé que o Secretario do Consello de

Administración, que tamén o será da Xunta Xeral, será designado a proposta do socio público coa ratificación do consello de administración, coas atribucións que a lei lle reserva.

Por todo o exposto, e transcorridos catro anos dende o nomeamento de diversos cargos no Consello de Administración da mercantil; visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos portavoces de PP e BNG e os votos favorables dos de TEGA e PSdG-PSOE) da Xunta de Portavoces do 26 de setembro de 2022, a súa presidenta propón ao Pleno:

PRIMEIRO.- Conferir á Sra. alcaldesa-presidenta a representación do Concello de Narón nunha vindeira Xunta Xeral de Accionistas da COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DO ATLÁNTICO S.A., na que se procederá ao exercicio da seguinte atribución:

- Renovación de membros conselleiros – a proposta do accionista privado – (AGUAS DE LAS GALERAS S.L.; AQUALIA INTECH, S.A.; e EMPRESA GESTORA DE AGUAS LINENSES, S.L.) e do cargo de Secretario-non conselleiro, do Consello de Administración da empresa (na persoa de D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli).

SEGUNDO.- Autorizar á Sra. Alcaldesa para a sinatura de toda a documentación que precisa sexa para a efectividade deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 8

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

13 °.- DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO "MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA" EN CUMPRIMENTO DO QUE SE ESTABLECE NO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012- 2º TRIMESTRE 2022.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

SUBMINISTRO INFORMACIÓN 2º TRIMESTRE 2022

A Interventora Xeral da conta ao pleno do concello da información remitida ao “*Ministerio de Hacienda y Función Pública*” a través da correspondente aplicación de captura habilitada na “*Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales*”, en cumprimento do que se establece no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao subministro de información do 2º trimestre do exercicio 2022, así como o correspondente informe, efectuada por esta Intervención (artigo 4.1.b) utilizando os medios electrónicos e formularios do sistema habilitado polo “*Ministerio de Hacienda y Función Pública*” (artigo 5.1).

Asinado dixitalmente por:

A Interventora Xeral

María del Pilar Canzobre Méndez

01/08/2022

O Concello Pleno, deuse por enterado.

14 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA LOITAR CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL E MELLORAR A CONVIVENCIA VECIÑAS E A PROTECCIÓN DA SEGURIDADE DAS PERSOAS E COUSAS NAS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así:
O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:



PARA LOITAR CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL E MELLORAR A CONVIVENCIA VECIÑAL E A PROTECCIÓN DA SEGURIDADE DAS PERSOAS E COUSAS NAS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, aumentou o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas por parte das mafias en España e continuou o incremento das denuncias por violación ou ocupación a domicilios, segundo datos do Ministerio do Interior.

A vivenda protéxese no ordenamento xurídico español para evitar a ocupación («ocupación», como popularmente coñécese a estas accións ilegais), tanto desde a perspectiva penal como civil e administrativa. A ocupación, en efecto, é a tenencia ou posesión dun ben de maneira ilexítima e ilegal, en contra da vontade do propietario ou posuidor con título ou dereito.

O Código penal contén, en primeiro lugar, o delito de usurpación no artigo 245 CP, como medida evidentemente desalentadora do movemento da denominada ocupación (en palabras da Sentenza do Tribunal Supremo 720/2018, do 13 de decembro de 2018).

Esta resolución tamén indica que «concorrendo espazos de protección superpostos» a vivenda protéxese na vía civil «a través dos procesos “sumarios” de protección do dereito real rexistrado (art. 250.1.7 LEC en relación co artigo 41 LH), interdictales (art. 250.1.4 LEC en relación co 446 CC) ou do desafuzamento por precario (con forza de cousa xulgada, e por iso con plenitude de coñecemento e medios probatorios, relativo ao ámbito posesorio de cuxa recuperación trátase), con fundamento no dereito á posesión real do titular, coas consecuentes facultades de exclusión e de recuperación posesoria, derivados do CC e da LEC (sen que poida opoñerse a posesión clandestina e sen coñecemento do posuidor real que, conforme ao art. 444 CC non afectan á posesión).

A defensa contra actos que perturben a posesión dun inmovible destinado a vivenda que se contén no mencionado artigo 250.1.40 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, foi modificado pola Lei 5/2018, do 11 de xuño, con resultados moi positivos en canto ao acortamento de prazos e axilización de procedementos, cun tratamento especial do xuízo verbal para o exercicio do interdicto de recobrar a posesión, permitindo pedir a inmediata recuperación da plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viu privada dela sen o seu consentimento a persoa física que sexa propietario ou posuidor lexítimo por outro título e as entidades sen animo de lucro con dereito a posuír a vivenda e as entidades públicas propietarias ou posuidoras lexítimas de vivenda social.

En terceiro lugar, a vivenda protéxese administrativamente a través da Lei Orgánica de Seguridade Cidadá na que se recolle como infracción leve no artigo 37 do seu texto a ocupación de calquera inmovible, vivenda ou edificio alleos, ou a permanencia neles, en ambos os casos contra a vontade do seu propietario, arrendatario ou titular doutro dereito sobre o mesmo, cando non sexan constitutivas de infracción penal.

As tres vías xurídicas redundan na protección do dereito á vivenda (que é un principio reitor do artigo 47 CE) e o dereito á propiedade privada sen esquecer a función social determinada legalmente desta (que é un verdadeiro dereito contido no artigo 33 CE, no Capítulo Segundo do Título Primeiro, referente aos dereitos e liberdades, que se sitúa entre os «dereitos e deberes dos cidadáns» da Sección 2.a).

Pero ademais das medidas legais xa existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión lexítima e pacífica, o ordenamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección efectiva dos titulares de dereitos e, ademais, ha de ter en conta un ben xurídico a protexer que ata o de agora non tivo debida consideración: a convivencia veciñal pacífica e respectuosa en aras da seguridade das persoas e as cousas. Trátase de situacións, moi comúns, en que a ocupación dunha vivenda de maneira ilegal e en contra do

titular da mesma prodúcese comportando unha alteración da convivencia veciñal, é dicir, non se entende unicamente perturbado o dereito do propietario ou posuidor lexítimo, cuxa defensa xa contempla o ordenamento xurídico, senón que se provoca unha inseguridade dos veciños da comunidade de propietarios na que se instaláron os ocupantes ilegais. Ás veces por ruptura das normas de réxime interno de convivencia, por realizar actuacións prohibidas, nocivas, insalubres ou en xeral vedadas ao resto de veciños que sé conviven con títulos xurídicos. As duras consecuencias non só para a propiedade, senón para a seguridade que ten a ocupación nas súas diversas formas, aconsellan un reforzo das medidas actualmente existentes no ordenamento xurídico, tanto a nivel penal como administrativo e civil. A iso ha de unirse un ámbito, o da Comunidade de Propietarios, que sendo civil, había quedado ata o de agora sen mención xurídica. En definitiva, trátase de asegurar o desaloxo inmediato da vivenda ocupada no caso de que a situación sexa de flagrante delito, e no caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía; a recuperación do delito de usurpación de bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos para que se poidan tomar medidas cautelares; así como a imposibilidade de que se poidan empadroar e ter acceso a determinar beneficios e de endurecer as penas no caso de que se trate de mafias organizadas.

Así como deslindar con claridade as situacións de vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda e de protección ás familias en situación de emerxencia social, co fenómeno da ocupación ilegal a que esta iniciativa responde. A un ocupa non se lle desafiuzar, desalóxaselle, e ao vulnerable protéxeselle, sen que o Estado traslade á cidadanía as súas propias responsabilidades en ningún destes dous casos.

Por iso, o Grupo Popular no Concello de Narón presenta a seguintes propostas de:

ACORDOS

O Pleno do Concello de Narón insta o Goberno da Nación a que proceda a:

1.- Modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código penal para endurecer as penas en caso de ocupación da vivenda ou inmovible, especialmente no caso de mafias. Recuperar o delito de usurpación de bens inmobles con penas de entre 3 e 5 anos.

2.- Incluír novas medidas procesuais na Lei de Axuizamento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmovible co obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viron privados da mesma sen o seu consentimento. Proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, no caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía.

3.- Modificar a Lei 49/1960 sobre propiedade horizontal para que se habilite ás comunidades de propietarios como persoas xurídicas para que poidan iniciar os procesos de recuperación da vivenda en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

4.- Incluír un novo apartado no apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local para evitar a inscrición no padrón municipal dun ocupante ilegal definido na Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios.

Así como solicitar que esta inscrición considérese nula e non constitúa proba da súa residencia ou domicilio nin lles atribúa ningún dereito. A tales efectos, os Concellos darán de baixa de oficio ou a instancia do propietario ou posuidor real lexítimo as inscricións en canto tivesen coñecemento diso.

5.- Modificar a lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustifiquen a non percepción de rendas.

Así mesmo, acorda dar traslado desta moción ao Presidente do Goberno de España, á Ministra de Xustiza, á Ministra de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, así como aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais, e á Xunta de Goberno da FEMP.

E visto o ditame favorable por maioría (cos tres votos a favor dos representantes do PP; e as abstencións de TEGA -5-; PSdG-PSOE -1- e BNG -1-) da Comisión Informativa de

Desenvolvemento de Actividade Social e Igualdade de data 20-09-2022, a súa presidencia propón ao Pleno a ratificación do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Pereira Beceiro: grazas Sra.alcaldesa. Bos días a todas e a todos.

A verdade é que o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas é un problema real que está indo cada vez máis en aumento según os datos do Ministerio de Interior, un moi bo negocio para moitas mafias que por unha cantidade, 3,4, 5000 euros venden unha chave a alguén para ocupar de maneira ilegal, ilexítima a vivenda do seu propietario que a partir de entón empeza a vivir un calvario de meses ou anos antes de recuperala. Un problema real o que Galicia e por suposto, o noso concello Narón non é alleo, e que causa preocupación, medo e incluso ata pánico ás nosas veciñas e veciños. Porque o preocupante do problema non é exclusivamente do propietario, é de toda a comunidade de veciños. Tanto do bloque como do barrio porque convivencia veciñal pacífica e respetuosa trocase en medo, en inseguridade, moitas veces en pánico, o pasear tranquilamente polas nosas rúas, porque en moitas ocasións “ocupación ilegal” leva asociado roubos a viandantes e os comercios locais, trapicheo de drogas, problemas de insalubridade que evidentemente destrozan a vida normal dun barrio.

E aínda que a vivenda está protexida da ocupación ilegal no ordenamento xurídico español tanto dende o punto de vista penal, civil e administrativo, o certo é que a actual lexislación non está a defender en tempo e forma os dereitos lexítimos dos propietarios e propietarias que neste caso estamos falando das veciñas e veciños dos nosos barrios de Narón.

Mediante os acordos que presentamos nesta moción e que o Sr.Secretario acaba de ler, pretendemos blindar e defender os lexítimos dereitos das nosas veciñas e veciños para así poderlles devolver a súa vivenda en 24 horas pero tamén na moción queremos deslindar con claridade a situación de vulnerabilidade ou exclusión social. Ao okupa hai que desaloxalo pero ao vulnerable hai que protexelo. Pero quen ten que protexelo é o estado a través dos servizos sociais e non trasladarlle ese peso ou esa responsabilidade á veciña ou veciño que non é ese o seu sentido. Moitas grazas.

***INCIDENCIA:** Sae a Sra.García Blanco, ás 10:35´ e volta ás 10:38´.*

-Sra.Ledo Díaz: bos días a todos e a todas de novo. Tres de cada 100 vivendas valeiras na Unión Europea atopanse na Galiza. Hai un problema arredor diso que tamén debemos de falar. Hai na Unión Europea 10 millóns de vivendas valeiras e cerca de 300.000 según datos da Xunta de Galicia están no noso país. Máis ou menos 360.000 se falas coa federación de inmobiliarias de Galicia. Isto representa un 18 ou un 20% do total.

Hai un problema de acceso vivenda entre a mocidade que teñen que alargar a súa estadía coas súas familias pasados os 30 moitas veces e é un problema real. E hai un artigo da Constitución, o 47 que fala do dereito a unha vivenda digna e axeitada. Vimos escoitando que se ía a solucionar esto cun proxecto no que agora o goberno español que non dan chegado a acordo e preocupápanos. Tamén hai que decilo que agora o partido socialista no goberno colle o discurso da dereita e fale deso, da ocupación de 48 horas.

Si que temos que decir, porque isto tamén o falan dende a federación de inmobiliarias, que os desaloxos e a desocupación na meirande parte dos casos, nunha parte moi importante se dan en pisos que están ou na Sareb ou en inmobiliarias descoñecidas ou en financiación indebidas.

Entonces, temos que regular iso? Pois si. É verdade que onte no Parlamento Galego chegouse a un acordo histórico dunha proposta do Bloque Nacionalista Galego onde se acada a unanimidade do Parlamento para solicitar a transferencia dos activos de uso residencial da Sareb á Xunta.

Nós non estamos en contra do que acaba de decir o compañeiro Javier, non estamos en contra deses argumentos, pero cremos que eso é falso e o que se quere facer é un populismo atroz dunha problemática que non existe salvo casos puntuais, que é verdade que ao final hai un problema derivado dunha crise social moi importante e que hai casos puntuais nos que aquí tivemos que defender no, e todos e todas por certo, en certas zonas de Narón, pero que son os mínimos.

O problema que hai en Narón, vai vostede a preguntar ao arquitecto do Concello cal é o número de vivendas valeiras neste concello e vexamos o prezo dos alugueiros, o prezo das hipotecas, ou cando se vai cumprir ese dereito que todos e todas temos por Constitución a unha vivenda digna.

E cremos que isto abre aos telexornais algo que lle afecta ao 0,0000% da poboación galega que abre os telexornais todos os días en verán porque queren que falemos diso e non dos problemas que nos atinxen é preocupante. Non decimos que non haxa casos, decimos que isto é un problema que deberían de levar o Congreso dos Diputados e de feito nos acordos que piden son acordos do Congreso dos Diputados, son acordos que se ten que dar o debate onde se ten que dar. Pero deciden trasladalo ao concello porque o que queren é que estemos remexendo nunha problemática e non nos preocupemos por outras moi importantes.

Vai vir un outono moi, moi complicado para a maior parte da poboación deste país e necesitamos moitísimo investimento en Servicios Sociais e en moitísimas cousas ... tamén para esas persoas maiores que vostede acaba de falar dentro dese populismo. En contra non imos votar, que non queremos ser parte do xogo “oh, o BNG” pero por suposto non imos a votar a favor dunha temática que cremos que se trae de maneira oportunista aos concellos e para falar de falsos debates e utilizar os medios de comunicación ao seu antoxo, porque o que si sabemos é que o seu partido ven de quitar un imposto para 7000 multimillonarios porque é para persoas en Galiza que ganen máis de 2 millóns de euros ao ano, co que vamos perder 34 millóns de euros. E por certo, todos e todas aquí pagamos impostos.

Xa vemos para quen goberna porque se o que fan é quitarlle os impostos aos ricos, e que gobernan os ricos, non sei cantos habitantes somos en Galiza pero máis de 2 millóns e medio creo que si. Sete mil, eh. Sete mil estamos a falar, pero tamén estamos a falar dun goberno, agora con Rueda, que decide repartir entradas VIP para os seus colegas como o presidente de Andalucía como para o seu xefe de filas en Madrid, un tal Alberto Núñez Feijoo e que decide patrocinio ao Xacobeo de 2 millóns e medio de euros para un concerto en Vigo e andar repartindo. Eso é para o que gobernan vostedes e logo no medio nos veñen aquí a falar da problemática da ocupación que o problema máis grande que hai neste país porque en Galiza o problema Ademais centralizando na exposición de motivos como si todo o estado español tivera ese mesmo problema cando en Galiza é unha porcentaxe moi pequena, máis temos un problema. Moitísimas vivendas valeiras porque temos un saldo vexetativo negativo, dentro de pouco nos terán que poñer nunha reserva e protexer aos galegos e galegas porque coas políticas do Partido Popular que leva porrada de tempo aínda que non queira recoñecelo na Xunta de Galicia, o único que facemos é perder dereitos, poboación e seguir sen ter dereito a unha vivenda digna.

-Sr.Pita Breijo: bo día a todos e a todas.

No noso país a propiedade privada está protexida de diferentes xeitos no noso ordenamento xurídico, e hai que traballar para mellorar a axilidade procesual e aumentar o número de corpos de seguridade do Estado con incrementos de efectivos policiais e de garda civil, como se está a facer co goberno do PSOE.

Non hai problema social coa ocupación ilegal de vivendas, e así o demostran os datos. Nos últimos anos obsérvase un aumento do número de ocupacións de vivendas baleiras, coincidindo coa crise económica e que demostra unha vez máis que a recuperación económica non chegou aos máis desfavorecidos. Este incremento afecta especialmente a 3 Comunidades Autónomas, mentres que no resto de España, como é no caso de Galicia, apenas é existente, e na inmensa maioría dos casos céntrase en vivendas propiedade de bancos e grandes grupos inmobiliarios. Por certo, esta evolución ascendente se foi producindo nos anos do goberno de Mariano Rajoy, sen que o Partido Popular mencionase nunca durante ese tempo que había unha alarma social co tema da ocupación.



De todas formas hai uns días, o Partido socialista empezou a modificar a Lei de Enxuízamento Criminal (LeCrim) para que os xuíces poidan desalojar os okupas nun prazo máximo de 48 horas desde que o dono o solicite ou reciba o informe policial, tanto nos casos de invasión como de usurpación para dar axilidade a algúns procesos que se poden dilatar no tempo e tamén sabemos que se está a establecer protocolos de actuación para que tanto o Ministerio Fiscal como as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado poidan adoptar medidas cautelares nos primeiros momentos da ocupación, especialmente cando se trate de delicto flagrante e cando a ocupación se produza nunha vivenda que constitúa o domicilio do afectado.

A verdadeira emerxencia social en materia de vivenda, da que a dereita non fala, e da que non fixo caso mentres gobernaba, é a necesidade dunha política pública de vivenda que garanta o acceso a unha vivenda digna dos mozos e dos máis vulnerables, grupos desfavorecidos ...

O Goberno de España traballa nesta dirección e con máis intensidade dende o estalido da pandemia, e seguirá por este camiño, coa revisión do Plan Estatal de Vivenda, o Plan 20.000 e a Lei do dereito á vivenda. Moitas grazas.

-Sr.Pereira Beceiro: grazas de novo Sra.alcaldesa.

Bueno, levamos a este Pleno a moción sobre a ocupación ilegal do noso concello. A verdade é que negaron que fora un problema, e votaron en contra. Pero tivo que ser a iniciativa popular, parece ser que eso a moita xente non lle entra na cabeza con máis de 2.500 firmas a que lles sacara os cores e os puxera colorados. Nese momento en xullo, a resposta foi notas de prensa, fotos, tras unha reunión coa subdelegada do goberno María Rivas, e os xefes de policía, pois de xefatura provincial e de Ferrol, Narón xunto coa nosa alcaldesa. Parece ser que a concelleira do Bloque debían pensar que os 4 estaban xogando ao mus. Porque para que ven aquí a subdelegada do goberno a reunirse coa Sra.alcaldesa? Porque había un problema serio pero parece ser que minimiza completamente, o acaba de decir esto a Sra.concalleira do Bloque. A Sra.alcaldesa ademais dixo ou saiu así nos medios públicos, no Diario de Ferrol, “ a veciñanza da zona recibe medidas supramunicipais para atallar esta situación”; non sei se foron exactamente esas palabras pero foron así como ven..... Pois con esta moción, quen ten a resposta as súas preguntas, xa sabemos que o goberno de Narón non ten competencias para modificar leis orgánicas. Pero si que ten competencias para estar a carón das veciñas e veciños e para decirlles “non podemos cambiar a lei pero non nos imos poñer de perfil, estamos con vos” estamos a favor de cambiar unha lei para facela máis xusta e máis áxil. A verdade é que agradecemos que non voten en contra pero que a verdade que neste tema do partido independentista que ten a estrela vermella comunista sobre o mapa de Galicia pois moito non esperabamos, aínda así alégrome persoalmente que non vaia votar en contra.

Entendemos que hai que buscar votos e que cando pior mellor e que cando a xente está en descontento e desacougo pois tamén podemos atacar ao goberno autonómico, no. Non obstante, xa que fala dos problemas de vivenda, esperemos que o día que gobernen, por suposto goberarán algún día, pois non fagan o que fixeron os seus socios europeos que a base de amedrentar conseguiron que 300.000 vascos marcharan de Euskadi. Esto é real.

E entendemos que o grupo municipal do PSdeG non vote a favor desta moción porque aínda que antonte, o goberno como o Sr.David explicou, queira facer unha modificación do artigo 553 da Lei de Enxuízamento Criminal entendemos que non vaia apoiar esta moción porque evidentemente esta é unha lei que ten moito que ver co seu socio, con Unidas Podemos e claro xa sabemos que o goberno de Sánchez, por desgraza en moitas ocasións, ten que gobernar a base de cesións.

Pero si que o grupo que estivo calado nesta moción, si que agradeceríamos o apoio de Terra Galega nesta moción porque o apoio desta moción é apoiar ás veciñas e veciños de Narón que con moito sufrimento, (acaba de marchar o Sr.Guillermo) pero moitos podían contar como nos anos

80, nos anos 90, mercar un piso, había que pagar intereses hipotecarios do vinte e pico por cento, hoxe en día auténtica usura, e o amor á terra moitas veces os galegos, tamén o comprar un piso é deixarllo aos fillos, e que cho ocupen, pois non é moco de pavo.

Por eso votar en contra desta moción, é votar en contra dos veciños e veciñas de Narón. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: está claro que hai quen goberna para perder os menos votos posibles, nós cremos que erran grandemente porque ese anuncio que acaban de decir, entendo que cando falas de país, para ti é o estado español e esa medida non a facedes nin sequera cos vossos socios de goberno que acaban de decir que están completamente en contra desa medida, e que lembredes que non gobernades con Mayor Oreja, eu só vos digo unha cousa, que se lles facedes o xogo á dereita termina ganando a dereita. Vos sabredes con quen estades. Vos sabredes con que estades. Pero aquí hai un problema de vivenda e hai unhas negociacións para unha Lei de Vivenda que moito nos dá que acabará a lexislatura e non existirá. Cremos que é bastante máis importante porque afecta a moitísimas máis persoas, esto cremos que é moitísimo máis importante que o goberno español que é quen ten que atender esto, ollo, que a Xunta de Galicia ten tamén moito que decidir no de vivenda, e aí falamos do acordo histórico que se deu onte no Parlamento Galego por unanimidade, teremos que preocuparnos por esas hipotecas, por exemplo, de tipo variable, que ao mellor o ano que ven ou agora xa, cando teñan tal que paguen e teñan que pagar o dobre do que pagan agora.

E haberá moitas familias e moitas persoas que non poidan facer fronte a eso co que van a ter que desalojar porque aí aparece na exposición de motivos tamén toda a parte punitiva que xa existe. É ilegal, digamolo agora, é ilegal ocupar vivendas. É ilegal e a lei recae sobre eles. Se cremos que desaloxos de 48 horas cando a propia Constitución tamén fala que cando se desaloxa hai que darlle unha alternativa as vivendas e a esas persoas e eso si que é verdade, que ás veces os concellos, dende Servizos Sociais buscan vivendas a persoas que non teñen fogar. Eso tamén é certo, facendo competencias que non lles corresponden. Pero si queremos que aplicando unha lexislación punitiva, é a solución a isto, estamos obviando todo o problema social que hai detrás porque queda demostrado que por máis cárcel ou máis tal, non diminúen o número de delitos. E podemos poñer moitos exemplos aínda que tamén estamos falando dun goberno que fala na súa campaña electoral, de derogar a lei mordaza e está aí con xente na cadea por opinar, ou cantantes en Bélxica por cantar as cousas estemos de acordo ou non. Por cantar cousas que en teoría a liberdade de expresión noutros países se permitiría.

Ben, aquí non hai tanto, hai as familias de Piñeiros que tiveron que pasar polos xulgados de Ferrol que a súa problemática se pasou polo Congreso, polo Parlamento Galego, tamén estivo aquí, tamén nos gustaría que se falara desa problemática. Porque ao final eran enganados cun tipo de contrato, por unhas empresas que ao paracer agora non existen e que tiveron que negociar correctamente e coa Sareb. Parece que a Sareb lles vai manter eses contratos de alugueiros pero son problemas que pasan aquí en Narón e é verdade que hai casos en Narón e o de Javier o que poñía agora, non o vexo na moción, no. De falar casos concretos do Concello de Narón, pero repetimos, no BNG non imos a entrar nun xogo de populismo barato cando os problemas son moi elevados en canto ao dereito a unha vivenda digna que a día de hoxe en 2022, despois desa Constitución que se fixo na transición, seguise incumplindo día tras día.

Falemos do que está a acontecer agora coa crise. Claro que si. Pero falemos do que imos pagar as familias coas nosas hipotecas ou o que nos custa adquirir unha vivenda, ou por que lle custa tanto a unha familia humilde coller a casa ou as terras da súa familia polo tipo de impostos ou a carga impositiva, mentres retiramos impostos aos ricos. Falemos diso tamén.

-Sr.Pita Breijo: paréceme increíble que o BNG como di que se vaia abster nesta moción porque é dar de lado a esta moción que me parece increíble, que a vexan de lado, no. E máis cando hai cousas que poidan afectar a veciños como os de Piñeiros, que tanto din que defenden.

O tema por exemplo de inscribirse no padrón, no, paréceme que son uns dos máis afectados. Cando poden en calquera momento ser declarado ocupantes ilegais.



Entonces estamos nese caso e vaise poñer de lado nunha lei que en ningún momento protexe aos máis desfavorecidos. Según o que poñen aquí. Paréceme increíble que o BNG que adopte esa postura.

Sabemos que non hai problema social, sabemos que aquí en Narón que son incidentes localizados en vivendas que están valeiras e que están en situación ruínosa e cremos que tomar unha lei polos casos aislados, neste caso tan terroríficos para a xente desfavorecida pois non é o modo e en ningún lado os imos poñer de lado.

-Sr.Pereira Beceiro: moitas grazas, Sra.alcaldesa.

Bueno, logo falaremos dos impostos aos ricos, porque parece que o tempo ca memoria, a Sra. concelleira do Bloque, entroutras cousas, porque non está en toda Europa, e o último país, Francia, Olaf retirouno en menos dun ano porque a deslocalización que foi das 300 grandes fortunas maiores de Francia fixo o que se perdeu. Claro, que Portugal dirá, ricos galegos, vide para acá.

Pero bueno, ao que vamos. Sra.alcaldesa, vostede ten a chave. Vostede e o seu grupo. Péñseo ben. Esta é unha declaración de intencións, non pedimos nada que supoña un gasto, esforzo económico ou administrativo para o concello. Isto é un compromiso emocional aínda que haxa persoas que se rían, que parece un pouco falta de respecto, pero bueno, parece que hoxe estamos de oferta con isto, isto é un compromiso emocional, un apoio por escrito.

Todas as veciñas e veciños que están a sufrir un problema moi serio ou que se non o sufren eles directamente o poden sufrir entón, teñen aí o medo da incertidume. E todo isto acaba afectando ás persoas tanto na convivencia, no comercio, a seguridade cidadá.

Eu vólvolle decir: vostede foi reunirse coa subdelegada do goberno, cos xefes de policía, por moito que outras persoas pensen que estaban xogando ao mus, estaban facendo algo moi serio, estaban facendo algo moi serio.

Entón péñsenno por favor, porque creo que votar en contra a esta moción.. e non lle supón nada, e é votar en contra das veciñas e dos veciños de Narón. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: Abstencións 8

PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: Abstencións 2

15 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE CONTRIBUCIÓN (IBI), ASÍ COMO A APROBACIÓN DUNHA REBAIXA DOS IMPOSTOS DOS VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (RODAXE). -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:

A modificación da Ordenanza da Contribución (IBI), así como a aprobación dunha rebaixa dos Impostos dos Vehículos de Tracción Mecánica (RODAXE)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Consideramos que é o momento de aliviar as cargas fiscais ás veciñas e veciños de Narón, e que non podemos seguir intentando facer cidade a conta de ser un dos Concellos cos impostos máis altos da comarca.

As noticias que nos chegan son que a débeda pública do país sigue a medrar e ao goberno de España preocúpalle ben pouco que ao cidadán de a pe lle custe chegar a fin de mes.

A comarca sigue esperando as promesas de un goberno que nunca chegan seguimos na recesión pola falta de traballo nos distintos sectores que moven a economía, a inflación que estamos vivindo ven a complicar máis as cousas, a falta de rigor por parte do goberno de España no tema das enerxías segue lastrando a economía.

A pesares dos altos prezos e das incertezas nas enerxías o goberno sigue sen tomar decisións sobre o que pretende facer ca central térmica das Pontes (Endesa) cando temos outros países da unión Europea que puxeron en marcha novas centrais.

Sempre pensamos que Narón, un Concello coa maior superficie industrial da comarca, tiña que ser un referente no tecido empresarial e podía ter creado no polígono de Río do Pozo un Parque central da Enerxía, que actuase como un auténtico polo tecnolóxico vinculado á enerxía e que, transversalmente, puidese traballar tanto coa enerxía maremotriz como coa eólica, tendo en conta, ademais, a capacidade para a produción de xeradores eólicos que temos na comarca; Tamén serviría para a investigación en proxectos exportables a todo o territorio nacional, con a vista posta na eclosión das enerxías renovables como fonte principal de enerxía nun futuro a curto e medio prazo.

Tamén consideramos que é preciso establecer bonificacións económicas nas actividades desenvolvidas no sector primario (sector lácteo, cárnico, horticultura, forestal,...) e para emprendedores con proxectos innovadores que poidan encaixar dentro do sector primario.

O Concello de Narón, sendo a administración máis próxima á veciñanza, debe actuar á vista do que se prevé que vai suceder. Así, en primeiro lugar, debería modificar á baixa o Imposto sobre bens inmobles, tanto de natureza urbana como rústica.

En segundo lugar, debería promover acollerse á normativa que permite as bonificacións potestativas, instando ao Pleno a iniciar o expediente para establecer as máximas bonificacións da cota íntegra do IBI permitidas para os bens inmobles nos que se realicen actividades do sector primario.

Todo isto pasa por suavizar a carga fiscal que soportan os veciños e veciñas de Narón.

Neste senso, hai que poñer de manifesto que os veciños de Narón pagan o rodaxe máis caro de toda a provincia da Coruña.

Narón situase na cabeza do ránking dos utilitarios, e máis concretamente, dos máis comúns: os de 8 a 11,99 cv. E os seus propietarios aboan o Concello 62,71 €; A cidade da Coruña e Culleredo comparten a segunda posición, con 60,80 €; Cambre aterceira con 59,60 €; Ferrol a cuarta con 58 € e Santiago a quinta posición con 57,50 €. Unhas ifras que empeoran se a comparativa faise cos concellos da comarca. A situación é moito peor para os condutores de turismos cun caballaje maior.

Por todo o anterior o Grupo Municipal Popular do Concello de Narón solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1.- Instar ao Concello de Narón a reducir o gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos de natureza urbana e rústica, pasando do 0,62% a 0,57%.

2.- En virtude do establecido no artigo 74.2 quáter, conceder unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor daqueles inmobles nos que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras, pesqueiras, forestais,... pertencentes ao sector primario, e que



sexan declaradas de especial interese ou de utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

3.- En virtude do establecido no artigo 74.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, conceder unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto nos bens inmobles nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo.

4.- Instar O Concello de Narón a rebaixar o imposto dos vehículos de tracción mecánica (Rodaxe) de un 20% os que se sitúan entre os 8 a 11,99 cv.

5.- Instar o Concello de Narón a rebaixar o imposto dos vehículos de tracción mecánica (Rodaxe) de 15% os que se sitúan entre os 12 a 15,99 cv.

6.- Instar o Concello de Narón a rebaixar o imposto de tracción mecánica (Rodaxe) de un 15% para o apartado **C) Camións**: de menos de 1.000 Kg. de carga útil e para os de 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil.

Artigo 6. Bonificacións

2. Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

A) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico- gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75% na cota do imposto durante seis anos naturais desde a súa primeira matriculación

Modificando a bonificación ao 50% na cota do imposto durante toda a vida útil dos vehículos destas características.

7.- Instar O Concello de Narón a Modificar o artigo 6.2.A) da Ordenanza Fiscal número 4 e reguladora do IVTM.

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor do PP -3- e as abstencións de TEGA -5-; PSdG-PSOE -2- e BNG -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 22-09-2022, a súa presidencia propón ao Pleno a ratificación do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-A Sra. Blanco Roca: grazas Sra.alcaldesa.

Bos días a todas e a todos.

Bueno, os bolsillos dos veciños de Narón coma os do resto dos españois están literalmente tiritando, no, únese a inflación deste mes de agosto do 10,5%, a factura enerxética que está comezando a chegar ás casas, e o prezo alto dos carburantes. Nesta situación a maioría dos votantes de todos os partidos políticos eu creo que nos reclaman unanimidade e nos reclaman ... apostan polo consenso, no. Para que poidamos entre todos afrontar a difícil situación económica que nos espera no último trimestre e no primeiro do vindeiro ano que vai ser aínda peor.

No que se refire á nosa moción, o IBI é un dos tributos que máis contribúe ás arcas municipais, todos somos conscientes que un de cada cinco euros que se ingresan proveñen deste tributo. Pero bueno, a media provincial na Coruña que se paga por este tributo é de 173 euros. A media en Galicia 169 e a media que nos toca aos veciños de Narón son 217 euros. Do total dos 315 municipios que somos en Galicia, Narón é o oitavo das grandes cidades que máis recada, pero é que somos o número 49 no que os veciños pagamos máis por este tributo. Quere decirse que en

266 concellos de Galicia, os veciños pagan menos ca nós por este tributo. Ademais Narón, según os presupostos deste ano que se aprobaron aquí neste Pleno, van a recadar un 0,84% máis ca o ano anterior por este tributo. Bueno, é un tributo que ten unha importancia relativa alta.

En canto ao imposto de vehículos de tracción mecánica, a media provincial son uns 49, a media en Galicia uns 50 e a Narón nos toca uns 54. Do total dos 315 municipios galegos, ocupamos o número 63 por ingresos, ou sexa que tamén quere decirse que 252 municipios pagan menos ca nós por este imposto.

Pois ben, o Partido Popular leva tempo propoñendo unha mellora na fiscalidade de Narón, e en varias ocasións dende o grupo de goberno, recriminouse nos que non concretábase nas propostas que non podían votarnos a favor porque eran propostas moi xenéricas sen concreción. Pois ben, isto o corriximos e agora si que traemos unha proposta moi concreta que é baixar a cota no IBI, de 0,62 ao 0,57, establecer unha bonificación do 95% para actividades do sector primario e aquelas de especial interese municipal; establecer unha bonificación do 50% para inmobles que instalen sistemas de aproveitamento de enerxía solar .

E en canto ao rodaxe, aquí centrámonos máis nos vehículos pequenos, un 20%, nos turismos ata 12cv, un 15% nos turismos ata 16, un 15% tamén en camiións pequenos ata 3000 kilos de capacidade de carga e establecer unha bonificación adicional na cota de vehículos híbridos durante toda a súa vida útil.

Tendo en conta que o Concello de Narón está agora nos máximos históricos de recadación, parécenos razoable que os veciños nos podamos beneficiar desta situación económica positiva e proporcionarlles neste momento un certo alivio fiscal. A proposta que realizamos tamén cuantificamos e sabemos e vostedes o saben mellor ca nós porque teñen datos máis exactos, é fácil de cuantificar que vai a supoñer un efecto moi pequeno nas contas municipais, é perfectamente asumible dende o punto de vista económico, é perfectamente asumible dende o punto de vista político e cremos que non imos atopar ningún voto en contra porque non vemos ningunha razón a votar en contra a isto. Vostedes dirán. Grazas.

-Sr. Carballeira López: no pouco tempo que levo de concelleiro, hai algunhas mocións que xa para min son un clásico, no. Como estas das baixadas de impostos do PP. Non quero saber con cantas tería que lidiar Guillermo en toda a súa carreira. Cando o PP está na oposición, claro.

E ollo, que nalgún punto concreto sempre que se faga un estudo rigoroso, o noso grupo municipal podería apoiálo e penso por exemplo, agora mesmo na rebaixa do imposto da rodaxe entendendo a situación actual pola que estamos pasando actualmente.

O que non valen son estas mocións tipo que son un “*totum revolutum*” englobando moitas cousas e falar de estabilidade orzamentaria ou alternativa, no.

E sobre todo, cando veñen dun PP que segue a ser líder da suba de impostos no estado español cando o goberna porque nós incluso estando na oposición, cremos que as administracións precisan dunha solvencia orzamentaria precisamente para poder ter e máis en situacións complicadas como a actual, investimentos sociais axudando a quen máis o necesita e redistribuíndo a riqueza e o benestar dunha maneira máis xusta.

Cousa que parece que se nega a facer o PP porque hai uns impostos que si que rebaixan, sen que lles temble o pulso, cando están nos gobernos. Que son os das grandes fortunas. Como xa falamos antes, agora Rueda anunciou ese pelotazo fiscal de 34 millóns de euros en rebaixas de impostos que ollo, que só afectará a 7000 millónarios galegos, un total dun 0,2% da poboación de Galiza.

E por lóxica, e mirando isto, o outro 99,8 da poboación e pagaremos as consecuencias ou ben, asumindo nós eses 34 millóns de euros ou asumindo a degradación dos servizos porque creo que non teño que lembrarlle a ninguén que os impostos son os que pagan a sanidade pública, a educación, a dependencia, e aos servizos sociais, infraestruturas, servizos que tampouco na Galiza pasan polo seu mellor momento.

Por certo, anuncio de pelotazo fiscal, ordenado sen dúbida ningunha dende Génova. O que xa non sei é se dende alí ou algo máis cerca, se acordarían estas mocións tipo ao mesmo tempo de baixadas de impostos para os concellos. Quizá como un lavado de cara da manobra completa e



sabendo que os concellos galegos coa financiación que decidiu o goberno de España, saen ben prexudicados en un momento de necesidade de gran investimento social non estamos para asumir moitas rebaixas de impostos. E podendo así dicir que de baixadas dos impostos aos millonarios pero tamén pedistes a outros que llos baixasen aos demais.

Nós non nos imos a opoñer a unha moción que ten puntos concretos realmente interesantes, pero non podemos apoiar tampouco un texto cheo de demagogia, de oposición onde o mesmo partido que cando goberna sube o Ibi , o Ive , sucesións, patrimonio, sube as taxas universitarias, crean o copago do medicamento, suben o IRPF ata en 5 ocasións, crean o famoso imposto ao sol, por exemplo, e estando na oposición lle pide a un concello unha rebaixa do 50% no Ibi, nos inmobles onde se instalen elementos de aproveitamento enerxético do mesmo sol ao que eles lle puxeron o imposto. Polo tanto, ímonos abster.

INCIDENCIA: Sae a Sra.Taibo Rey ás 11:02' e volta ás 11:04'.

Sr. Pita Breijo: Volven coa moción “refrito” de todos os anos, como ben sabe o compañeiro Castrillón, levamos neste Concello moitísimos anos con conxelación de impostos, a carga fiscal cremos que está equilibrada, e para dar os servizos que se están a ofrecer hai que seguir con eles neses termos (que por certo se non se acorda a pandemia da Covid-19 produxo ter que facer moitísimo sen partidas orzamentarias de ingresos a maiores), cando entramos no goberno sabíamos que a marxe dos impostos municipais estaba nuns termos adecuados e no noso programa electoral non levábamos unha baixada deles, pero tampouco unha subida, nós somos consecuentes co que proclamamos en campaña, non se pode dicir o mesmo do seu partido, porque si foi o seu partido quen nas campañas electorais do Señor Mariano Rajoy prometía baixada de impostos, e o final desas promesas sabémola todos. Un dos que máis afecta aos nosos veciños e veciñas é o IBI, entón eu pregúntome se son do mesmo partido e vostede profetiza o mesmo que o seu expresidente estanos a dicir que faría o mesmo, entón por favor mocións trampa de.... “mira que bos somos nós”,...no por favor, xa os seus compañeiros deixaron claro que liberales somos cando nos interesa, cando non poñen a careta, por tanto e dito todo o exposto.

Sexan coherentes fáganlle caso ás premisas do seu partido e non traigan mocións incongruentes, pídanlle explicacións ao seus compañeiros. Nosoutros imos votar en contra.

-Sr.Romero Franco: ben, é curioso porque o comezo da intervención vai ser moi parecida. O ano pasado o Ipc subiu un 6,5% e este ano imos por un 9. Nos últimos contratos que este concello adxudicou mellorou os servizos esenciais alcanzando subas destes contratos cercanas a 1 millón de euros. E en época de pandemia o concello entregou casi 2 millóns de euros en axudas a autónomos e empresas deste concello. Levamos cos impostos conxelados e sen aumentar a carga fiscal nesta situación e entendemos que non o podemos facer. Incluso no 2019, xa baixaron 3 puntos o Ibi que este ano tamén está reclamando, polo que o concello asumiu este custo da subida de prezos e contratos a través do seu propio presuposto e grazas a boa xestión que estamos levando a cabo.

É moi fácil propoñer na oposición e cando o traballo e a responsabilidade non é para eles senón para o equipo de goberno.

E lle traslado unha pregunta, claro que temos contabilizado canto repercutiría eso nas arcas municipais, lle pregunto se concretaron a cantidade, é moi fácil, baixamos 5 puntos, como se baixamos 10. Non é ese o problema, lle pregunto: onde recortamos? Que quitamos? Que servizos deixamos de facer? Que servizos deixamos de mellorar? Contésteme a eso, por favor.

INCIDENCIA: Sae o Sr.Santalla ás 11:08' e volta ás 11:10'.

-Sra.Blanco Roca: grazas.

Bueno, eu ás veces, dame a sensación, igual é pola miña falta de experiencia, que non me explico moi ben cando presento unha moción. Porque dime o Sr.concelleiro do Bloque que teño un “totum revolutum” nesta moción , non hai ningún “totum revolutum”, hai 2 impostos claramente que son o Ibi e o Rodaxe, non hai ningún “totum revolutum” que é o que si eles fan co asunto do imposto dos ricos.

Mire Geno, vostede sabe igual ca min, que eso do imposto dos ricos é unha falacia, é unha trampa. O imposto ás grandes fortunas, que non ven a conto eh, pero xa que fala desto, o imposto ás grandes fortunas, cantas grandes fortunas se cré vostede que están nas mans de persoas físicas? Eso é unha falacia que nos fan crer dende os medios de comunicación. Ao final, se alguén ten unha gran fortuna vai ter unha sociedade, ... non vai ter unha gran fortuna, non se lle vai a meter ningún gran imposto, catro ou cinco galegos de familias rancias que o siguen tendo no seu patrimonio persoal. Pero eso é unha falacia, non hai.. o imposto dos ricos non nos vai solucionar ningún tema, nin en Galicia, nin en España. O único que vai provocar é o que provocou en Francia, huída de grandes empresas que teñan medo a que se lles imponha a eles tamén. As teorías económicas, a ver, todos os grupos coinciden no mesmo, no, é que Rajoy subiu, o outro baixou, ... entendo que a economía é unha ciencia viva e cada circunstancia e cada situación require medidas nun momento concreto, se houbera unha forma máxica de dicir, subir impostos mellora a economía, baixar impostos mellora a economía sería facilísimo, pero non ocorre eso, ocorre que hai que ver en cada situación que é o que máis convén. Entendemos dende o Partido Popular, que en épocas de crise seguramente o baixar impostos axuda a mellorar a economía, axuda a que as empresas cren postos de traballo, axuda a mellorar a situación, e non ao contrario, esa é a nosa proposta.

Disculpe Sr.Romero, non lembro a pregunta (*o Sr. Romero lla repite*). Bueno, pois hai unha cantidade de remanentes que non se está utilizando que entendo que vamos, se o temos aí reservadito, podemos utilizalo en algo que vai repercutir directamente nas economías dos veciños, que o van notar o mes que ven, cando lles chegue o recibo. A forma máis fácil de contribuir a aliviar un pouco a economía familiar é esta. Que é a que dende aquí podemos utilizar. Nosoutros ogallá puidéramos baixar o IRPF ou subir o Patrimonio pero non podemos. Dende o concello si que podemos mellorar estes impostos. No se nos ocorre outra fórmula dende a que nós podamos traballar e aportar máis ca esta. Grazas.

-Sr.Carballeira López: vale, bueno, nós tamén entendemos que a economía é unha ciencia viva , pero tamén sabemos que as crises económicas tamén soen acarrear crises sociais no, e agora está a ser o caso.

Hai algo no que diferimos, no que máis diferimos. Nós poderíamos votar a favor facendo demagogia de todas as baixadas de impostos, quedaríamos ben, o goberno diría que no e nosoutros lle explicaríamos á xente que son moi malos porque lles queren cobrar. E o noso tipo de oposición dende logo non é esa, seremos críticos co que nos pareza que non está ben, e apoiaremos ou non seremos críticos co que non nos pareza . Hai un punto moi importante que comentaba vostede que é que vai haber unha recadación alta e os veciños deberían beneficiarse tamén deso, no. O que non se pode é demonizar os impostos. Porque repito, que os impostos non hai que explicar que sirven para pagar todos estes servizos que decía antes, no. Como a sanidade, a educación, a dependencia e servizos que en moitos casos, as grandes fortunas sexan privadas ou dunha sociedade que manexa unha persoa ou dúas non van a necesitar usar ou non terían que facelo de maneira privada. Pero si a xente con menos recursos temos que usar.

Por eso entendo que os veciños xa nos beneficiamos da recadación de impostos, e quizais o facemos mellor cunhas administracións fortes que fagan un bo reparto de cartos. Aí é onde está principalmente a diferenza, no tipo de oposición e en ter unha mensaxe clara de para que sirven os impostos. Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a proposta transcrita:

TEGA: En contra 8



PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: Abstencións 2

INCIDENCIA: coa aprobación da presidencia, sae o Sr.López Balado ás 11:20 e non volta.

16 °.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TEGA, PSdeG-PSOE E BNG DE APOIO Á ILP PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: Os Grupos Municipais de Terra Galega, PSdeG-PSOE e BNG no Concello de Narón, atendendo á solicitude feita pola Plataforma SOS Sanidade Pública, e ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presentan a seguinte moción para o seu debate no Concello-Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Todas as medidas recollidas na ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por todo o exposto, Os Grupos Municipais de Terra Galega, PSdeG-PSOE e BNG propoñen ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende: que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.
- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.

- Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.
- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.
- Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.
- Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

2- Colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

Narón, 19 de setembro de 2022.

Román Romero Franco
Voceiro de TEGA

José David Pita Breijo
Voceiro PSdeG- PSOE

Olaia Ledo Díaz
Voceira do BNG

E visto o ditame por maioría (cos votos a favor dos representantes de TEGA, PSdeG-PSOE e BNG; e a abstención do portavoz do PP) da Xunta de Portavoces que tivo lugar o día 26-09-2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

- Sra.Ledo Díaz: busquei “deterioro da Sanidade pública en Google” e en 0,66 segundos apareceron un millón setenta e seis mil noticias de sanidade pública no noso país, Galiza e eso responde a unha folla de ruta que é recortar na sanidade pública para beneficiar á sanidade privada. E isto vémosto porque cada vez máis persoas que creen na sanidade pública ou que teñen que utilizala, ollo, que a pagamos todos e todas a través dos nosos impostos, acuden á sanidade privada para ter unha atención debida.

Vou ler unhas declaracións que están publicadas, a ver se alguén sabe de quen son: *“la gestión de la sanidad adolece de una rigidez administrativa insolente . En todo lo que no sea el núcleo duro del sistema sanitario se puede experimentar con instrumentos de gestión privada (21 de maio de 2012)”*

Quen dixo estas declaracións? Alberto Núñez Feijoo, nuns ...informativos en Madrid, debía de estar preparando con ilusión o sitio no que está agora da súa “Galicia, Galicia, Galicia”.

Estamos falando de hai máis de 10 anos destas declaracións. E poderíamos dicir dos recortes consecutivos que houbo no 2013, no 2014, no 2015, as mobilizacións que houbo, enfermeiras en loita, pero voume a ir a un dato, 2018: dimisión de todos os xefes de servizo dos centros de saúde dunha cidade pequena, Vigo, na que din , os seus argumentos, palabras textuais: “por unha situación insostible, inaceptable, deplorable”.

En 2019, hai unha mobilización de milleiros e milleiras de galegos e galegas pola situación da sanidade pública que nos afecta a todos e todas os galegos e galegas.

E logo veu a pandemias, ay, aí xa nos tivemos que agarrar. E despois da pandemia viñeron aínda máis recortes e un sistema que expulsa aos sanitarios por non ter unhas condicións dignas. É unha vergoña que haxa unha enfermeira que me diga que en 60 días ten 28 contratos na sanidade pública. Eso está a acontecer na atención primaria. Por eso, a plataforma SOS Sanidade Pública. Aquí estamos presentando unha moción en nome de moita xente que está traballando e loitando porque é necesario que as xerencias dos centros de saúde volvan a existir. E non esas macro xerencia porque non é o mesmo a atención primaria, que fai unha labor importantísima, para logo traballar dende as especialidades. É necesario volver a máis de unha década de recortes do Partido Popular porque é verdade que dende a Xunta de Galicia levan gobernando os mesmos unha

porrada de tempo. E ollo, nós cremos no pobo galego e a xente é moi intelixente cando decide unha cousa ou outra pero tamén é moi intelixente cando decide que algo está mal. E a situación de agora é moi preocupante, nos afecta a todos e a todas independentemente das nosas simpatías a un partido político ou non, ou se non votamos ou votamos, eso dá igual.

En política estamos para solucionar e para garantir dereitos á cidadanía, para eso existen. Podemos falar dende os gregos e podemos falar moito antes. Esa é a grandeza da política, gobernar para catro para recortar e para beneficiar a xestión privada dun ben fundamental e de primeira necesidade e remítome aos xefes de servizo, é insostible, inaceptable e deplorable.

INCIDENCIAS: *Sae a Sra. Bouzamayor Villasuso ás 11:24'e volta ás 11: 27'.*

Sae o Sr. Pita Breijo ás 11:25'e volta ás 11:28'.

-Sr. Galego Castro: bos días. Bueno, sobre esta moción, a mesa do Parlamento de Galicia e a Xunta electoral aceptaron a trámite esta iniciativa popular promovida pola plataforma SOS Sanidade pública coa participación activa da asociación galega para a defensa da sanidade pública. Aínda que esta iniciativa está condenada a ser rexeitada pola maioría que goza o Partido Popular no Parlamento galego a Plataforma Sos sanidade pretende conseguir 3 obxectivos : o primeiro acompañar e estimular as mobilizacións que se suceden en todas as cidades e pobos de Galicia para reabrir os centros de saúde e garantir o acceso á poboación da atención primaria.

Esto é o día a día, cousa que nos medios de prensa e información non sae, abrir unha mesa de debate e sobre as causas e consecuencias das políticas de recortes e desmantelamentos que está sufrindo a Xunta de Galicia, como ben sabemos, fiel seguidora da ideoloxía neoliberal en que a sanidade pública e a atención primaria carece doutro interese que non chega conseguir beneficios para o sector privado, permitir a poboación poder loitar e dunha maneira persoal e colectiva primaria pública, universal, integral, accesible, participativa e de calidade. Preténdese utilizar así con esta iniciativa lexislativa popular, un mecanismo legal contemplado no Estatuto de Autonomía galego que outorga a esta comunidade autónoma a competencia do desenrolo lexislativo, así como a execución da lexislación básica en materia de sanidade interior para impedir o desmantelamento da atención primaria.

Antes da pandemia, o sistema sanitario galego xa viña arrastrando unha serie de debilidades que se agravaron durante esta, a falta de accesibilidade, largas listas de espera nun sistema saturado, fatiga e frustración do persoal sometido a condicións laborais precarias ou á falta de participación da cidadanía na planificación e no control do sistema. Esta ILP non pretende suplantar a Lei galega de saúde senón implantar unha serie de medidas para revitalizar e fortalecer os mecanismos sanitarios na atención primaria. En primeiro lugar, establecer a atención persoal e presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas; paralelamente determina que deba existir sempre a opción de ser atendido por unha persoa ao chamar por teléfono aos servizos sanitarios.

En segundo lugar, propónse unha serie de medidas para fixar uns mínimos razoables de dispoñibilidade de centros e persoal para salvagardar a debida calidade da atención primaria aos pacientes. Destacan nestas medidas a obrigaón de publicar como mínimo, unha convocatoria de prazas anuais, a recuperación dos consultorios periféricos e o incremento e redimensión dos cadros de persoal nos centros de saúde.

En terceiro lugar, recuperar as xerencias da atención primaria eliminadas polo goberno do PP, para someter aos centros de saúde ás xerencias e xefaturas de servizos dos hospitais. E desenrolar as competencias dos Consellos de Saúde e da área sanitaria e do Consello de Saúde de Galicia, aos que se outorgan capacidade de decisión. Neste senso, restablecer as xerencias de atención primaria como elemento esencial da estrutura organizativa do sistema sanitario galego é o máis útil

elemento para a intervención no reparto de recursos e organización da asistencia sanitaria e primaria.

Por outra parte, coa presente lei se busca aumentar a capacidade de participación cidadá nos consellos de saúde da área sanitaria e no Consello de Saúde de Galicia dando maior peso e relevancia a estes órganos.

Todas estas medidas son de carácter urxente dada a gravidade da situación pola que atravesamos a atención primaria en Galicia. En risco real e volvo a repetir, de desmantelamento e privatización. Evidentemente esta lei debería de ir acompañada dun cambio presupostario da atención primaria que debería de alcanzar o 25% do total, a recuperación dos recursos humanos recortados nos últimos anos polo goberno do PP, garantir a accesibilidade aos centros de saúde e desmasificar as consultas. Reabrir os centros de saúde pechados e rematar coas listas de espera incompatibles cunha atención primaria racional e de calidade. Todo o que están facendo ou mellor dito non facendo o Partido Popular, ten como resultado o desprezo a todos os profesionais da nosa sanidade pública que durante estes anos de pandemia puxeron todo o seu esforzo, profesionalidade e dedicación incondicionalmente.

Imaxino que o Sr.Pereira será quen interveña nesta moción e así me dirixo a el: acordase cando neste espazo noutra moción, en defensa da Sanidade pública galega, concretamente en abril do ano pasado lle facía unhas preguntas que non as respondeu? Espero que hoxe nolas resposte. Realmente cré que os recursos humanos e os medios son os suficientes para a prestación dun servizo sanitario de calidade? Que lle transmiten os seus compañeiros e demais profesionais sanitarios? Non cré necesario a elaboración dun plan para a recuperación do sistema sanitario público de Galicia que se adapte ás circunstancias e necesidades que actualmente se demandan? Todos coñecemos o dito de “prevenir antes de curar” pois o PP non o debe coñecer, nin prevé nin cura, soamente se escuda nunha maioría absoluta que ten, para desprezar a todo o persoal sanitario, a todos os profesionais e, sobre todo, a todas as persoas que sofren calquera tipo de doenza e que son usuarias dun servizo tan importante. Non se lles esqueza que a saúde ten que ser prioridade cun servizo público e de calidade.

Nesta moción, que o normal sería que fóra unha declaración institucional, o PP descóllese e todos os demais grupos políticos a apoiamos. Nesta iniciativa legislativa popular e nesta moción non é todos contra o PP, é o PP xogando coa saúde de todas as persoas de Galicia. Moitas grazas.

INCIDENCIA: Sae o Sr.Carballeira López ás 11:30 horas e voltas ás 11:32’.

-Sr.Pereira Beceiro: moitas grazas Sra. alcaldesa.

A verdade, se di tantas cousas falsas que dous plenos extraordinarios non me chegarían para falar desto. Esperemos que estemos de acordo, alomenos nalgunhas cousas, en dúas polo menos, e xa lle pido disculpas á Sra. alcaldesa, páreme porque podo estar falando, falando e falando. O primeiro é que a Sanidade Pública non deba ter cor ou sino político xa que deberamos de ter unha sanidade pública forte porque ese é beneficio para todas as galegas e galegos. A sanidade pública non é un ariete para intentar desgastar gobernos.

Por outro lado, tamén esperemos que estemos de acordo, en que non por decir mil veces unha mentira esta se converte en verdade. Evidentemente nós non podemos apoiar esta moción porque esta plataforma nin defende a sanidade pública nin di verdades. Non afronta os problemas reais e os novos retos da sanidade pública. Parte de premisas falsas xa que non houbo recortes de persoal. Houbo recortes económicos nas nosas nóminas, un 15% e esconde deliberadamente a responsabilidade do goberno de España amosando o seu partidismo político. Porque que é, ou mellor dito quen é SOS sanidade pública? Pois é unha plataforma apoiada por sindicatos e partidos de esquerdas, cun único voceiro, o señor Manuel Martín García. Claro, quen é este home? Pois este home era membro do consello asesor da Xunta do Goberno do bipartito. Falan de pacs, falan de pois.... hai que reabrir consultas; mire, no ano 2009 fixo un documento “propostas de transformación da atención primaria en Galicia”: “ *en la situación actual los pacs de Galicia muestran una situación de escasa eficiencia, poco resolutivos y provocan una elevada ocupación*



de profesionales en un escenario de --- que se sienten frustrados ante el desarrollo profesional que pueden desarrollar en estos dispositivos”

Carai, como cambia o conto. Aquí cando estaba no bipartito, a quen defendía? Antes deso as folgas do 2008 para, palabras textuais “ *os colexios médicos é o reducto tradicional dos sectores máis conservadores da profesión médica*”.

Ano 2008: os médicos teñen que facer gardas obrigatorias, obrigatorias. Dá igual que se pasen de horas, que fagan exceso de xornadas.....

Ano 2015: a fundación Amancio Ortega financia para a Xunta aceleradores lineais e mamógrafos para detectar o cancro, 16,8 millóns de euros. Bueno, eso non era necesario, no Sergas aquí tal, esto, púxose totalmente en contra este señor. Por certo, xa levamos casi medio millón de mamografías feitas dende entón, en máis de 35 000 pacientes con cancro xa os empregaron.

Ano 2020: este mesmo señor, a pandemia, aí foi a lumbreira total. Isto do virus se está magnificando por motivos económicos, carai, que ven acerta. Entón de entrada sabemos de donde ven esto. E ata agora non digo que haxa problemas, claro que os hai, pero evidentemente isto é un ariete, que busca un rédito político e non realidades. Vamos a falar de realidades con números que lle encantan á Sra. concelleira do Bloque. Recorte, vale. Orzamento en persoal no ano 2009 : 1556 millóns de euros; ano 2022, 1.900 ; se gasta máis agora e tendo en conta, e eso o Sr.Ramos o sabe ben porque o sufrimos el máis eu, as dúas baixadas do 15 e do 8% das nóminas, ben, media diaria de profesionais traballando no Sergas no 2009, 36 mil e pico; no 2022, 43.000 e recortes de persoal.

Media diaria de profesionais de atención primaria, no 2008, pon, pois no 2009, 8 mil casi setecentos; este ano, 9.500. Vaia recortes. Imos a seguir con datos.

Consello de Contas: creo que esos son serios, no. Nos 4 anos do bipartito, o gasto na concertada aumentou un 48%, pasando os concertos coa privada dun 5 e algo a máis do 6% do total dos orzamentos en Sanidade.

Ano 2009, o PP baixou ao 5% e dende entón está aí. De feito os concertos non en porcentaxes, senón en cartos, no 2009, o último ano do bipartito, foron PSdeG e Bloque 220 millóns de euros. Este ano, 12 anos despois 211 millóns.

Falta de médicos, claro que si, home, estamos todos aquí apretados, onde? En Galicia, en Cataluña, en País Vasco, en Murcia, en Extremadura, en Asturias, en Valencia, en Baleares. Non somos os únicos. É un problema de moitas comunidades evidentemente, por tanto e ademáis comunidades, que historicamente foron vermellas, como Asturias, ten o mesmo problema. Os problemas non son problemas de índole político, soamente; Valencia, Baleares, o mesmo. Cal é a lista de emprego en Galicia, que paro hai de médicos? Non hai un médico na lista, pero bueno, tanto en Galicia como noutras comunidades. É máis, se houbera médicos dispoñibles, o goberno de España na pandemia, non tería que haber reclutado aos médicos xubilados, porque non había médicos.

E de feito, este problema, xa coñecía o goberno de Sánchez no 2018 cando entrou, porque xusto 2 meses antes da moción de censura, reuniuse o Consello Interterritorial de Sanidade, e fixo un documento e ademáis por unanimidade. E comunidades gobernadas polo PP ou comunidades gobernadas polo PSOE, e se xuntaron e que pasou? Bueno que o Sr.Illa e o presidente Sánchez abriu o caixón e aí os meteu. Por suposto SOS Sanidade pública, que dixo? Nada, home. É o seu goberno.

Que habería que facer? Pois moitas cousas. Habería que facer o normal e o decente. Hai que axustar as prazas as facultades de medicina, hai que facer un MIR como Dios manda, decente, porque non sei se saben, que hoxe en día non atinxe a tempo real e non sabes as prazas que tes. E ao mellor pensas que colles algo e 10 minutos máis tarde te enteras de que che deron outra cousa. De feito quedaron prazas vacantes nas 2 últimas convocatorias, quedaron desertas. Evidentemente hai que modificar as unidades formativas, os criterios das unidades, por que? Pois por exemplo,

para que un centro de saúde sexa considerado como unidade docente, necesita 4 médicos de familia mínimo, por tanto, onde hai 3 non pode ser unidade docente? Evidentemente necesitamos máis prazas Mir en función da demanda real existente, pois fai falla máis médicos de familia. Fai falla máis pediatras e bueno, evidentemente hai outra cousa que falamos de crear no, xa está creada, existen 50 países occidentais Portugal, Francia, EEUU, Inglaterra, Reino Unido que é a especialidade de Urgencias e Emerxencias. E esa hai que desenvólvela porque crear non que xa existe e xa está creada, xa ten o seu corpo de utilidade, hai que facer unha serie de medidas que ata o de agora o goberno de Sánchez deixou no caixón. Ademais bueno, podemos entender que coa pandemia, moitas cousas se atrasaron pero logo da pandemia, fíxose un documento, inicialmente pola xunta do goberno vasco ao que se sumaron Castilla-León, Andalucía, Murcia e solicitando esto. Contestación do Ministerio: silencio administrativo, non decimos nada. Non pasa nada. Os do PP o levaron ao debate do estado da nación, anda, e que votou o Bloque? En contra. E que votou o PSOE? En contra. Levouse ao Parlamento de Galicia. E agora Terra Galega súmase tamén a este documento. Cal é a función de SOS Galicia? Intentar desgastar o goberno da Xunta. E conseguir votos a cambio do sufrimento das traballadoras e traballadores e da xente. Grazas.

-Sr.Galego Castro: aínda non me respondeu ás preguntas que lle fixen. Falando da plataforma evidentemente que hai sindicatos e evidentemente que hai partidos políticos tamén.

De todas maneiras, non por intentar quitarlle a credibilidade ao voceiro ou a persoa que fala en nome da plataforma, vostede vai ter máis razón. E si na miña intervención anterior falaba do desprezo que tiña a Xunta de Galicia con referencia aos profesionais pois agora pódollo aplicar a vostede, o desprezo co que está falando sobre o voceiro da plataforma.

Esta iniciativa é o resultado da deixadez do goberno da Xunta de Galicia para poñer solucións aos problemas de atención primaria que veñen arrastrando dende hai anos.

Aplicar as propostas do consello técnico da atención primaria de Galicia para aplicar as conclusións das 16 comisións técnicas que o Sr.Feijoo paralizou dende novembro de 2019. E que a día de hoxe aínda se atopan inoperativas, se me fala vostede de caixóns, aquí tamén hai outro caixón.

Espero e desexo que na visita que fixo o conselleiro de Sanidade hai uns días a esta área sanitaria de aquí de Ferrol, non fóra soamente para sacar a foto e vendernos outra vez máis a ampliación do CHUF e aproveitaran para trasladarlle os problemas dunha forma real porque vostede é moi amigo dos datos, pero os datos moitas veces non se corresponden coa realidade. E esa realidade ou eses datos que vostede quere vender pódese poñer diante do centro de saúde e ver a resposta que ten a cidadanía, e que temos os pacientes que temos que utilizar ese servizo. Só se dedica a lanzar balóns fóra culpando entoutros, ao goberno do Estado das competencias propias que ten a comunidade autónoma. O goberno da Comunidade Autónoma.

É a propia incompetencia que ten o goberno de Galicia. Na miña intervención puido observar que mencionan en repetidas ocasións, a plabra persoas. Esos somos os usuarios da sanidade pública. Somos persoas aínda que para vostedes como ben acaba de demostrar non só nesta intervención senón noutras moitas que fai, somos números. Demòstrano cada vez que falan e cada vez que actúan. Para vostedes o custo da sanidade é un gasto, pois non señor, non señor, é unha inversión e estamos falando de persoas.

Recórdolle así como recoñecía cando noutra moción que tamén se presentou neste pleno reclamabamos un servizo ampliado de ambulancias que non só beneficiaba ás persoas de Narón, e vólvolle a repetir, persoas de Narón, senón tamén a todas as persoas da área sanitaria e que vostedes cuantificaban economicamente como inviable. E recórdolle que vostede sacou unha cifra de 1 millón de euros. É un claro exemplo de moitos do que significa a Sanidade pública para vostedes. Canto máis falan máis se retractan. Moitas grazas.

-Sr.Pereira Beceiro: Uvi móvil aquí, 5 urxencias á semana, vale? Cunha uvi móvil a 4 kilómetros. Eso foi o que dixen, 5 urxencias á semana, é dicir, nin sequera unha diaria.



Segundo, lamentablemente, eso non é culpa miña, sinto que vostede descoñeza que o sistema MIR, a comisión nacional de especialidades, o número de prazas, e a taxa de reposición sexa unha competencia única e exclusiva do goberno de España. É das poucas cousas que lle quedan ao Ministerio de Sanidade. Por tanto, o aumento de prazas depende única e exclusivamente do Ministerio de Sanidade. Se non o sabe agora llo explico eu encantado.

Seguimos: opes, bueno, lamento que vostede descoñeza que dende o 2009 Galicia é a única comunidade autónoma con alomenos unha ope por ano. É a Comunidade que máis opes fixo en 17 comunidades. De feito, as ratios en opes de médicos, por exemplo, está de 1,7 a 2,3 aspirantes por praza. Nesta última ope houbo aspirantes que con 2 meses traballados conseguiron praza.

Sobrecarga? Si, claro que hai sobrecarga porque faltan médicos. Pero que hai un compromiso da Xunta ou do Sergas, coa primaria, é así, porque supoño que (e aquí me gustaría que o Sr.Ramos que me corrixa se me equivoco) non sei se saben todos vostedes, que se gana máis unha hora de garda no pac de Narón que unha hora de garda dun ciruxán pediátrico no materno, ou dun neurociruxán en Marcide ou dun cardiólogo. Ao mellor non o sabe. Aquí son 25 euros. E en Marcide ou no materno son 20. Claro, ao mellor tampouco saben que cando faltan 2 médicos nun centro de saúde e hai que repartir os pacientes, eso se cobra. Sete euros paciente. E agora co novo acordo pois van a 25 euros a hora.... Mire, eu xa lle digo, podería estar falando, falando, falando, a sanidade pública ten moitos problemas, temos que intentar todos buscarlle cales son eses problemas e a solución e a verdade é que SOS sanidade pública non ten interese en buscar solucións, senón que ten interese en desgastar. E nada máis, eh. Moitas grazas.

-Sr.Galego Castro: grazas, serei moi breve, vou empezar como acabei. Canto máis fala máis se retracta. Vostede fala da ambulancia 5 veces á semana. 5 veces á semana poden ser 5 vidas. E as vidas non teñen prezo?

A taxa de reposición: non estamos falando da taxa de reposición. A taxa de reposición é unha cousa, outra cousa é cubrir as prazas do persoal sanitario que fai falta para dar un bo servizo. E moitas veces, cubrindo vacacións ou baixas. E eso igual, eu dende o meu descoñecemento que vostede di non teño coñecemento suficiente pero ao mellor noutras cousas, vostede igual non mas pode negar.

Nesta moción e nas outras estamos falando de saúde, e estamos falando de sanidade e estamos falando de persoas. Vostede agora sae co custo da hora, de garda.... Sr.Pereira, estamos falando da atención ás persoas. Da atención ás persoas, a saúde das persoas.

Nada máis. Grazas e acabo como empecei: canto máis falan máis se retractan. Moitas grazas.

-Sr.Pereira Beceiro: non por decir mentiras se convirten en verdade. O certo, que neste caso a miña moción do que é a miña paixón, o que é a miña vida, penso que é unha pena que non escoite porque todo o que dixen é todo perfectamente verídico, incluso ten alí un compañeiro seu do goberno que non foi capaz de desmentirme nin unha coma, vale? E xa está.

-Sra.alcaldesa: a ver, desmentilo no momento que se presenta esta moción, que non ten nada que ver co que vostede dixo, ou sexa, se dá por desmentido porque el tamén asina, forma parte do equipo de goberno e neste caso, dos 3 grupos que o presentan. Imos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 8

PP: En contra 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

*Sendo neste momento ás 12: 00 horas, a Sra.alcaldesa comunica aos Sres./as concelleiros/as que se vai facer un receso de 5 minutos, e que en 5 minutos se continúa co Pleno.
(.....)*

Sendo as 12: 10 horas se retoma a sesión.

17 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE GRAVAMES DE CARÁCTER TEMPORAL A ENTIDADES BANCARIAS E ENERXÉTICAS.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os poderes públicos non poden obviar o carácter social do noso Estado e, por iso, responden aos problemas que se están aumentando respecto á subida de prezos en determinados bens e servizos básicos para a cidadanía por mor da guerra en Ucraína e outros factores exógenos.

Como resposta eficaz, eficiente e contundente o coñecido como “pacto de rendas” é un instrumento fundamental para paliar as consecuencias da inflación como principal ameaza europea e española. Estas consecuencias deben ser repartidas equitativamente. Ademais das medidas adoptadas polo Goberno sobre o transporte, a revalorización das pensións e a bonificación sobre o prezo dos carburantes, os grupos do Executivo formularon unha proposta sobre a imposición ás enerxéticas e ás entidades bancarias que recadará aproximadamente 3.500 millóns de euros para repartir entre fogares e empresas vulnerables.

A proposta dos partidos do Goberno, PSOE e Unidas Podemos, de gravar de maneira extraordinaria e temporal ás entidades bancarias e ás grandes empresas enerxéticas saíu adiante no Congreso dos Deputados con 187 votos a favor, 153 en contra e 8 abstencións.

A dereita conformada polo PP, Cidadáns e Vox negouse a apoiar as medidas que axudarán a recadar uns 2.000 millóns de euros por parte do sector enerxético e uns 1.500 millóns por parte do sector bancario en dous anos. Mesmo se negaron a debatelas no Congreso dos Deputados. Estes partidos repudiaron as propostas e negaron o debate defendendo así ás enerxéticas e elites empresariais.

Á vez que as entidades bancarias ven incrementados os seus beneficios grazas ás medidas adoptadas polo Banco Central Europeo coa subida dos tipos de interese, este Goberno propúxose que parte deses beneficios bancarios sexan destinados aos fogares e ás empresas vulnerables. Desta maneira, os bancos axudarán a mitigar os efectos da inflación que ameazan a estabilidade no noso país.

Pola súa banda, as empresas enerxéticas contan na actualidade con beneficios extraordinarios por mor da situación bélica pola que atravesan países exportadores de enerxía e a expensas dos consumidores.

A Presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, (pertencente ao Partido Popular Europeo) declarou que “os beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan”.

Desde o PSdeG-PSOE, recoñécese a necesidade inminente de defender, auxiliar e apoiar á cidadanía.

Por todo o exposto o **PSdeG-PSOE**, somete para o seu debate e a súa aprobación, se procede, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:



Respalda a aprobación do establecemento de gravames en España e a Unión Europea de carácter temporal enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan.

Narón, 21 de setembro de 2022

José David Pita Breijo

Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

E visto o ditame por maioría (cos votos a favor dos representantes de TEGA e PSdG-PSOE e as abstención dos portavoces do PP e BNG) da Xunta de Portavoces que tivo lugar o día 26-09-2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

EMENDA PRESENTADA A ESTA MOCIÓN POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Dende o Grupo Municipal do BNG de Narón propoñemos a seguinte emenda á moción que leva a pleno o Grupo Municipal do PSOE, moción **sobre gravames de carácter temporal a entidades bancarias e enerxéticas**.

A nosa emenda pasaría por substituír os seguintes puntos:

1. Estudar o incremento de gravames ás grandes empresas enerxéticas e entidades de crédito cunha recadación só con fins sociais garantindo os necesarios reequilibrios sociais e territoriais.
2. Demandar respecto á autonomía local e á autonomía de Galiza rexeitando calquera intento de recentralización e garantindo que as novas imposicións non invadan as competencias propias e que os seus beneficios sexan acaparados unicamente polo goberno central pasando a posibilidade de que a distribución alónxese das necesidades sociais de cada lugar.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.

EMENDA TRANSACCIONAL

A moción do PSOE sobre gravames de carácter temporal a entidades Bancarias e Enerxéticas

Instar ao goberno do Estado a:

- Que os ingresos extraordinarios que reciba das entidades enerxéticas sexan compartidos cos consumidores para baixar os prezos da enerxía que pagan os consumidores.
- E a consensuar, co maior apoio parlamentario posible, un plan enerxético que protexa as familias e empresas.

O Sr.Pita Breijo di que **non** van aceptar ningunha das dúas emendas. Engade que a primeira no primeiro punto fala de estudar, xa non hai nada que estudar, a lei xa está en marcha e os reequilibrios sociais como xa está baseada nos reequilibrios sociais da cidadanía, no.

E en canto ao segundo punto, o Sr.Pita di que cré que non ven a conta con respecto a este gravame entón non aceptan por ese motivo.

E con respecto a do PP, o portavoz do PSdeG-PSOE di: este é un imposto para intentar reducir a inflación e intentar mellorar a vida da xente, no, e entón non nos parece correcto aceptala só para os prezos da enerxía senón que se destine directamente aos que o están pasando mal, no. Aos máis vulnerables coas medidas que necesiten. E entón bueno, nada, que non a imos aceptar.

Á vista desta intervención **non son aceptadas** ningunha das dúas emendas feitas a esta moción.

DEBATE SOBRE A MOCIÓN

-Sr. Pita Breijo: o 13 de setembro o Congreso dos Deputados aprobou unha nova imposición ás enerxéticas e ás entidades bancarias que recadará aproximadamente 3.500 millóns de euros para repartir entre os fogares e empresas vulnerables. O Goberno de España pretende gravar de maneira extraordinaria e temporal ás entidades bancarias e ás grandes empresas enerxéticas, para evitar que unha situación de guerra non redunde no enriquecemento duns poucos a costa da cidadanía, é o xusto socialmente e de debido cumprimento.

No contexto actual, os custos que orixina a inflación na sociedade deben de ser repartidos equitativamente mediante un pacto de rentas. Hai que considerar que os salarios medran por debaixo da inflación, lastrando a capacidade de compras dos fogares, mentres que os beneficios das empresas en sectores cuxas marxes son para a xente que que están máis favorecidos polo aumento dos prezos están aumentando ou hai perspectivas claras que o fan. O aumento dos salarios no marco da negociación colectiva é o principal instrumento do pacto de ingresos xa que reduce a perda de poder adquisitivo dos fogares ao tempo que modera os beneficios empresariais e, polo tanto, a rendibilidade do capital.

Que o beneficio se calcule sobre o volume do negocio no caso do sector enerxético (1,2%) e sobre a marxe de xuros e comisións (4,8%) no caso das entidades de crédito, permite que a achega dos grandes grupos económicos que as integran se faga aproximadamente da súa cota de mercado en cada sector, que garante unha distribución equitativa do gravame en cada un deles e pódese dicir que equivale a unha achega dos grandes grupos económicos por cota de mercado.

Por tanto os poderes públicos, como garantes dos valores constitucionais, deben articular unha resposta eficaz, eficiente e contundente para facer fronte aos efectos nocivos que supón que a escalada de prezos provoca en todos os cidadáns, poñendo en perigo, mesmo, en determinados cidadáns unha mínima calidade de vida nunha sociedade avanzada como a nosa. Sabemos que a Constitución sinala que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo sexan reais e efectivos (artigo 9.2), obriga aos poderes públicos a proporcionar protección económica da familia (artigo 39.1), á promoción das condicións máis favorables para o progreso social e (artigo 40.1) tendo sempre en conta que o gasto público debe facer unha dotación de uso equitativo dos recursos públicos, e a súa programación e execución deberán cumprir os criterios de eficiencia e economía. Así mesmo, garántese que o Estado, mediante a lei, poida planificar a actividade económica xeral para satisfacer as necesidades colectivas e estimular o crecemento de renda e a súa distribución máis xusta e por iso está lei é xusta, necesaria e irrefutable. Nada máis.

INCIDENCIA: *Ás 12:15 horas a Sra.Castrillón Vidal, co permiso da presidencia, abandona a sesión.*

-Sra.Ledo Díaz: ben, sentimos que non se aceptara a emenda, bueno, as dúas propostas da emenda porque cremos que complementaba o texto, nós imos a votar a favor da vosa moción como xa fixemos no Congreso dos Diputados, no, non porque non nos gusten os acordos ao 100%, cremos que as medidas que propoñedes deberían de ser de carácter provisional e que se aplicaran outras medidas e de estímulo, sobre todo, que se mirase a situación de cada lugar, de cada comunidade autónoma porque tamén hai idea e cando se escoitan certos debates nos medios de comunicación levan a preocupación e entón ao final fóra dunha moción xenérica vostedes veñen aquí a un concello galego. Deberíamos de falar tamen da situación que está a vivir en concreto Galicia pola



súa propia idiosincrasia porque xa o di a Constitución, somos unha nacionalidade histórica e “oh, my god” que estea hoxe a portavoz do Bloque Nacionalista Galego recordándovos o que aparece na Carta Magna, no. É que é así, somos unha nacionalidade histórica que temos unha serie de dereitos que este goberno español quere aniquilar e ven un debate, nós cremos que perversos, sobre utilidade ou non das comunidades autónomas, cando incluso coa pouco capacidade de soberanía que ten son moi importantes para poder defender os nosos propios intereses e fanno, non porque o queira o benestar de todos e todas as persoas que vivimos no estado español, fanno, porque están pensando máis nas eleccións que noutra cousa. Entonces lles preocupa o que poidan dicir gobernos distintos ao seu en determinadas comunidades autónomas, unha vez un debate que é alleo ao noso país. Ou non. Porque somos nacionalidade histórica e aquí o partido socialista cuestiona de maneira pública os dereitos das propias comunidades autónomas e as aplicacións do seu estatuto de autonomía.

Hai que recordar que en Galicia se recada máis diñeiro do que se nos devolve e que temos que pagar cousas e facturas de luz carísimas, entroutras cousas, polo desprazamento a Madrid porque nos producimos, eles consúmen e porque nos cobran na factura por contaminar. Temos aquí o vento, os nosos recursos, se poñen aquí as empresas, nós contaminamos, a nós nos cobran por eso na factura da luz. Non é xusto. Pero é que hai unha serie de cousas ou de cuestións ou que haxa empresas que traballan ou que fan a súa vida aquí en Galicia, máis pagan os seus impostos en Madrid. Eso non se decide polas comunidades autónomas, non lle voten a culpa a Ayuso neso, eso se decide porque os gobernos españois do partido socialista e do Partido popular decidiron que pola capitalidade de Madrid, tivera certos beneficios como todo o que está pasando con esas empresas, pero é máis, as cousas que anuncia a Sra. Ayuso, houbo un momento que o partido socialista no goberno español, nesta lexislatura quixo poñerlle coto pero lle deu medo tamén pensando no electoral. No tratamento electoral, porque logo viñan unhas eleccións de Madrid. Temos que pensar en todas esas cousas porque ao final Galiza sempre se utilizou como moeda de cambio. Para moitísimas cousas, cando entramos na Unión Europea, temos que defendernos nós da situación que estamos a vivir e do deterioro que houbo, que hai unhas cousas polas que temos que defender, polas que temos que falar e pola que temos que indicar e nesta moción vólvese a un debate xenérico onde vale todo, que nós votaremos a favor porque algo é algo, pero non nos veñan para dicir que aquí é a panacea e isto non o digo eu nin o di o Bloque Nacionalista Galego nunha visita de deputados e diputadas do Congreso a Galiza, se nos dixo claramente, non é opinión miña, eh, vou dicir o que se dixo: “non hai nacionalidade histórica, (inclúen a Valencia porque agora no seu estatuto de autonomía non está recollido na Constitución, lémbrovos outra vez a Carta Magna, e decidiron momearse como nacionalidade histórica, e din “non hai esquerda de nacionalidades históricas do estado español máisda esquerda española que a de Galiza”, nunca hai unha proposta, fáganna. Están gobernando, teñen a oportunidade. E a nosa moción era un pouco para defender que o coñecemento ao final, en Galiza, coñecemos as cousas, podemos protestar pola sanidade na Xunta de Galicia e coa presión conseguir cousas porque ademais son eles os que teñen as competencias, etc.etc. porque temos maioría de idade suficiente para poder gobernar nós os nosos cartos. E a día de hoxe eso non pasa, e veñen agora, que eso tamén me preocupaba porque este debate ven da Xunta de Portavoces, bueno, e puxéchesme exemplos, de Andalucía, e tal, tal, tal..... oie, é que non é Andalucía, estamos a falar do que lle está a pasar a Galiza que é moi grave, e que necesita de determinados estímulos e porque ademais temos unha terra e un pobo capaz e capaz de producir o que lle dea a gana se ten os medios, claro que se llos quitamos e lle repartimos as migajas e aínda por riba hai que darlle as grazas, ese é o problema. Entonces aquí hai un debate de fondo moi importante. Que non se nos debe chegar a escapar porque logo pasan as cousas que pasan. Como por exemplo, que o Ministerio de pesca e agricultura, se reúna a Unión Europea e non teña en conta a opinión de Galiza.

-Sr.Pereira Beceiro: moitas grazas de novo, Sra.alcaldesa. Lamentamos que non aceptasen a nosa emenda, que o único que pedíamos era que esos ingresos extraordinarios revertisen nas facturas da xente, e ademais instábamnos, nin sequera existiamos, instábamnos a máis consenso e apoio parlamentario nun plan enerxético, creo que era máis que razoable. Evidentemente o seu grupo non quere que nós apoiemos a moción e entón non a imos apoiar, pero si que imos a falar e imos a falar do que temos hoxe en día, intentarei ser breve porque moitas das cousas xa sabemos, temos os orzamentos deste ano, os orzamentos xerais do estado son os máis grandes da historia, sen ningún tipo de control fiscal, ideal para despilfarrar. Temos un recorte de recadación fiscal histórica tamén, a maior, ata xullo xa sabemos 22.000 millóns de euros de máis, de aquí a decembro o Ministerio de Facenda fala de en torno a 32.000 millóns e o máis grave, que o 91% deses 22.000 millóns ata agora está en base ao Iva e ao IRPF, esa recadación non é aos pobres, nin é aos ricos nin as grandes fortunas. É a xente normal. Gracias ao partido socialista, España segundo a OCD ocupa o quinto lugar do mundo en maior esforzo fiscal e tamén grazas ao partido socialista, temos récord histórico tamén de débeda pública, 1,5 billóns de euros europeos, é dicir, 12 ceros eh, moitos mini impostos, menos mal que baixamos o que aceptaron a proposta do PP pois para baixar o IVA do gas e a electricidade, pero hai 3 días PSOE e os seus socios, votan en contra a unha proposta para que esa baixada do IVA do gas e da electricidade se alonga a todo o inverno, que non sexa ata o 31 de decembro. Sabemos como lles gusta á xente vostedes, por certo, falando de gas aínda non sabemos que pasou con Alxeria e o gas que nos subministraba moitísimo máis barato e agora temos que andar comprando gas licuado americano e o ruso, que hoxe en día o ruso, eso é o 25% do consumo en España.

Podemos falar do imposto de patrimonio que non existe en toda Europa salvo en Suecia e en Suíza, por certo, un 0,1 % da cantidade neta. En España é dun 2,5 ou un 3,5% e a maiores recargos. Tamén podemos falar que grazas a Sánchez, España é o único país da Unión Europea que todavía non acadou o Pib de antes da pandemia, aínda estamos 2,5 puntos por debaixo. E todos os organismos están falando que imos a tardar aíndafinais de 2023, primeiros de 2024. A prima de risco, de momento, porque como nos compran a nosa débeda e soamente estamos en 118 puntos básicos, 53 xa 54 puntos máis no que vai de ano.

Outra cousa gravísima, gravísima porque isto é o empeño total, porque este goberno vai deixar o maior déficit estrutural da Unión Europea, que é de 50.000 millóns de euros ao ano crezamos ou non crezamos. 50.000 millóns de euros. Para logo escoitar que si Sánchez é Robin Hood, no, Sánchez é o sheriff de Nottingham, que roubaba á xente cos impostos os cartos para darllos ao estado. Que nos dá Sánchez aos pobriños españoaliños? Pois bueno, o dobre de paro que na Unión Europea. Maior paro xuvenil da Unión Europea, maior paro feminino da Unión Europea, maior paro feminino menores de 20 anos.

O ingreso mínimo vital, o diario.es, hai 10 días, sacou un artigo contando dende o portal de transparencia que o ingreso mínimo vital, é de 528,50 euros por fogar, ao mes. Contaban chegar a preto de 1 millón de fogares e 2 millóns e medio de persoas, e está en 370.000 fogares, poden buscar en google en diario.es, buscan en ingreso mínimo vital. O salario mínimo interprofesional: home segundo aumentou o paro en 10 000 persoas. E antes o comité europeo, avisou a España que ollo! porque se o suben, vai subir máis a inflación. Eso si, con Sánchez temos según o portal de transparencia, 19.675 organismos públicos, observatorios, axencias, consorcios dependentes do estado que levan máis do 50% do seu orzamento dependentes do estado, ou das autonomías, dos concellos ou das diputacións. Saen a un chiringuito por cada 2.300 habitantes. Observatorios, axencias, consorcios. Por certo, se lles interesa moito que hai 20.000 millóns para a ministra Montero, eu lle aconsellería que si teñen tempo entre en Youtube e busquen “ama tu chocho” que é o último video da ministra Montero. 400.000 euros que costou. Impresionante.

Mire, a política do seu partido é empobrecer á xente. É unha sangrada, un auténtico atraco fiscal. Vólvolle a dicir, segundo o Ministerio de Facenda, esto saíu nos telediarios, na tele, o 91% do exceso de recadación é do Iva e do IRPF, é dicir, é da xente. Evidentemente estes ingresos das



eléctricas e da Banca ... seguramente está posto que si as eléctricas, eso revirte ou llo cargan á xente para levar tacatá., xa o veremos. Eso o papamos todos. Grazas.

-Sr.Pita Breijo: bueno. Dende o partido socialista de Galicia, primeiro, decir que nos sentimos moi orgullosos de ser unha comunidade en Galicia e somos un partido galeguista e non cabe ningunha dúbida. En canto aos impostos pois cremos que neste caso a medida que se vai tomar é para actuar sobre os cidadáns, no, favorecer aos cidadás máis vulnerables e dá igual que sexan de Narón que que sexan de Segovia, no. O importante é actuar e actuar sobre esa xente para que non sufra problemas económicos e poida sair adiante no, temos por exemplo, o ingreso mínimo vital que é un ingreso que non entende de autonomías no, a verdade é que está funcionando moi ben e está salvando moitas situación familiares.

E o problema da galegitude non é o tema de si o imposto ten que ser territorial ou no, o problema é que por culpa dun ... que ten en Madrid e o imposto sobre sucesións deixan inútiles actuacións que se poden facer en Galicia no, pois suprimir impostos que despois en Madrid pois pola solvencia económica que ten, pois que os eliminen pois fan que por exemplo que as enerxéticas se vaian de Galicia. Ese é o problema. E que entidades de crédito como pasou con outras pois tamén como fixo o Sr.Feijoo, pois deixounas sen elas e agora non temos a posibilidade de decir “no, pero é que temos entidades de crédito, imos a cobrar por esto e é noso. Non é noso, agora é dun venezolano, entonces bueno, pois o que decía, que os impostos hai que ter cuidado con eles e eu creo que no PSOE estamos a favor de que todos os cidadáns, tanto os galegos como os españois, teñan ese ingreso mínimo vital, no, esa forma de acceder á compra sen ter que mirar de onde son, no. E decir tamén como decía o Partido Popular pois non só hai que actuar sobre o prezo da enerxía, á xente custalle ir á compra e facer a compra. Entonces de que lle sirva que baixen con este imposto o prezo da enerxía se despois non poden ir a comprar o leite e o pan á tenda. Eu creo que hai que actuar sobre isto, seguir con este... eu creo que un imposto moi xusto, sobre 2 sectores que están a enriquecerse durante a pandemia, máis durante esta crise de Ucraia e temos unha medida moi xusta.

Decía vostede que o Sr.Sánchez está deixando a débeda pública moi alta, o caso ten aí o Sr.Feijoo como deixou a débeda pública galega, é un feito, non hai que irse ao Sr. Sánchez senón ao gran xestor Feijoo. Que vai para Madrid de gran xestor e deixa a débeda pública por riba do tanto por cento español, no.

Decir tamén que esta actuación plantexada que non supón, non chega ao 5% do que sería o imposto sobre sociedades directamente aplicados a estas empresas e con respecto ao imposto sobre sociedades neste caso pois actuaría sobre a cota de mercado que ten cada entidade de crédito ou cada enerxética sen ter que ir a eficiencia de cada unha das entidades, no, entonces cremos que é un imposto xusto, directo e necesario.

-Sra.Ledo Díaz: ben, alégramonos que é o que quería tamén escoitar que se defenda a galegitude do partido socialista porque creo que gañamos todos e todas, e cando se escoiten cousas e saia nos medios de comunicación de persoas alleas a este país haxa respostas tamén dentro porque gañaremos todos os galegos e as galegas se estamos todos a unha e somos conscientes das necesidades propias. O de regalar os bancos, o de tal... Claro é que é unha vergoña o que fixo a Xunta de Galicia pero tamén teño que recordar que este martes houbo unha proposta, se pode ir ao Congreso dos Diputados, e se pode escoitar todas as intervencións dunha PNL do grupo mixto plural Bloque Nacionalista Galego defendendo unha moción a favor das cooperativas de crédito porque todos e todas sabemos porque hai para certos bancos e un onde se ve .. onde non hai competencia pequena e están a ter determinados problemas as cooperativas con cesión de crédito porque lles esixen aplicar unha serie de normativas e condicións como se fosen bancos e claro

gastar ao mellor o Banco Santander todos os meses uns millóns de euros non é nada pero para as cooperativas de cesión de crédito que nesta comarca hai, pero hai noutras partes do estado español son graves, cal foi a reposta? Bueno, a do PP foi demencial, teño aquí un recorte onde se fai declaración: De verdad necesita una cooperativa conceder préstamos a sus socios para poder sobrevivir? Que vaian por exemplo á cooperativa do Val ou de Meirás e lles pregunten sobre eso pero que o PSOE tamén votou en contra, votou en contra con cousas demagóxicas como decindo que o BNG defende que non haxa técnicos cualificados para dar hipotecas e que se estafase aos prestatarios. Eso está acontecendo nos debates no Congreso dos Diputados, e nós estamos defendendo outro modelo porque cremos na economía social e porque eso é o que hai que defender fóra de mocións xenéricas que veñen dende Madrid e hai cousas nas que podemos incidir e falamos de Facenda pública galega porque nos pagamos moitos impostos e está ben que se poida decidir dende as comunidades autónomas que se fagan con eles. Porque hoxe están gobernando vostedes no goberno español pero o día de mañá igual está o Partido Popular con Vox e seguramente as medidas que se tomen alí xa non lles fagan tanta gracia entóns teñamos cuidado cos argumentos que damos, nós falamos de empresa pública de enerxía e que é unha proposta que leva facendo o Bloque Nacionalista Galego dende hai moitos anos, e agora o PP e o PSOE decían de darlle outro nome porque decían que eran delirios nacionalistas, poñédeo na sede nas Pontes falamos de investir en I+D porque somos unha potencia en enerxía, este debate xa se deu moitas veces neste pleno, non me vou a enrollar máis non vos preocupedes pero que son cousas que se poden facer.

Fala o PP do ingreso mínimo vital, eu síntoo, ás veces, pónome colorada escoitando cousas, pónome colorada porque digo, pero si son eles os que este verán, a Xunta cancela a tarxeta axuda que beneficiaba a máis de 35 000 familias vulnerables en Galicia para mercar produtos básicos en alimentación, hixiene e farmacia. Eso está acontecendo no noso país. Retírouse esa axuda e logo ... o problema é que chega o verán e aquí todo o mundo...xacobeo todo o mundo vai vivir do turismo porque aquí “el marisco es baratísimo y vienen aquí e temos en entradas vip y millones y millones de euros en algo que non beneficia directamente os galegos e galegas.

E que falen do Ministerio de Igualdade, voulle a decir unha cousa porque eu non pertenzo a ningún dos partidos políticos que goberna no estado español. Pero o Ministerio de Igualdade é moi necesario, e hai moitas veces que escoitamos da dereita e da ultradereita mensaxes moi erróneos e eu aquí o vou decir: esa ministra está dando a cara por todas e por todos nos, mentres hai manipulacións, gustaríame que falara da manipulación que houbo estas semanas cunhas declaracións porque aquí todos os anos, esta semana, a semana pasada, asasinaron a 3 mulleres no estado español e en Galiza tamén asasinan. Se non hai que investir en Igualdade, non ter un ministerio é que non teñen nin idea, nin idea das necesidades dun país porque a igualdade hai que seguir a loitar por ela e logo “ahí vienen las feministas y nos tachan de cousas”; teñamos un pouco de decencia, porque falan de ETA e de Vildu, que xa non existe por certo, e miremos o terrorismo machista que hai neste país. Porque ademáis parece como non, que é moito máis fácil atacar a unha muller ca un home, e collen a Irene Montero e parece cando está facendo un traballo e hai leis agora .. pois si sobre a prostitución e podemos debatir moitas cousas pero facer chistes cando está a igualdade cando está o Ministerio de Igualdade, e cando a situación do patriarcado porque hai un patriarcado, e cando as mulleres cobramos menos que os homes nos mesmos traballos, pódolle nomear moitos etc.etc.etc. non vale, hai cousas que non valen e menos rirse.

-Sr.Pereira Beceiro: 4 solicitudes, denéganse, eh. As palabras da ministra Sra.Montero, creo que son evidentes, cada un pódelas interpretar como queira, falar de que os nenos e nenas poidan ter relación sexuais, e logo non modificalas, dígoo porque o dixo a voceira do BNG, “ama tu chocho” es como se llama el video oficialmente, pero bueno; para non desviarme o goberno do estado debería racionalizar o gasto público, hai preto de 60000 millóns de euros en duplicidade de gasto superfluo, debería de axilizar a execución de todos os fondos da Unión Europea, preto de 150.000 millóns de euros, temos que telos comprometidos nun 70% en torno a 105.000 millóns de euros a finais deste ano. Esta semana o día 22, a ministra Nadia Calviño fixo declaración e dixo

**NARÓN**

que só levamos autorizados ata o 22 de setembro, 18.826 millóns, é dicir, menos do 20% e comprometidos 15.000, que temos que ter comprometidos 105.000 millóns. Sen querer ser pretenciosos, pero bueno, do partido que máis se parece a Galicia que é o partido popular de Galicia, pois a verdade é que deberan de tomar un pouco de nota da política fiscal da Xunta. Dende o ano 2009 fixemos en Galicia, o Partido Popular fixo 3 rebaixas fiscais cando se podía, no 2014, no 2016 e no 2022; en total, 1.200 millóns de aforro para o peto das galegas e os galegos, 450 euros por persoa, o imposto de patrimonio está reducido nun 50%, as familias con 2 fillos menores de 25 anos son consideradas familia numerosa cunha rebaixa do 9% no IRPF. Deflactación do IRPF, e ata 60 000 euros, senon que nos ata 35.000 euros, isto vai traer un aforro de 45 millóns de euros aproximadamente, 450 millóns, pois 450 euros por cidadá na renta dos que cobren menos de 35.000. Con isto os galegos pagaremos impostos porque queremos pagar impostos para garantir servizos públicos de primeiro nivel pero isto chámase xestión. Non despilfarro que é o que fai o ministro de Sánchez.. E tamén o Sr.Sánchez pois non ten máis que tomar nota da estratexia enerxética que leva o Partido Popular de Galicia, aquí en Galicia, con 3 medidas de impactos que é duplicar fondos para o aforro e a eficiencia enerxética, duplicar fondos para o pago de facturas da xente vulnerable e aumentar un 50% a achega enerxética para que máis de 66.000 fogares que o necesitan, poidan afrontar a suba e incluso o bono social térmico do goberno, a Xunta pon 100 euros de complemento extraordinario.

E si, temos que conseguir ter o 100% de enerxía polas renovables pero mentres que non sexamos capaces de telo, teremos que usar a capacidade tecnolóxica existente para non depender do gas e para que non pasen estas cousas e hai que falar tamén coa Unión Europea para que as nosas empresas non afoguen e non pechen porque cando peche unha empresa moita xente vai ao paro e moitas familias sufren. Temos que primar o aforro enerxético, pero temos que darlle tamén un prezo competitivo, tanto aos usuarios como ás empresas. Xestión, xestión e xestión, non despilfarro. Grazas.

-Sr.Pita Breijo: si, só para pechar, bueno pois dúas cousas. Primeiro, este gravame non vai a afectar as cooperativas de crédito galegas porque sería o imposto a partir de 800 millóns de euros de ingresos; que neste caso, pois creo que as cooperativas, polo menos as da zona, non creo que cheguen a eses 800 millóns de euros de ingresos. Entonces bueno, serían exentas deste tipo de gravame, no, e con respecto ao prezo da enerxía pois mira, xa temos a excepción a ibérica que creo que é unha gran medida porque estamos tendo os prezos do kilowatio/hora máis baixos de toda Europa, entonces bueno, o goberno está actuando en consecuencia ben e respaldar a aprobación deste gravame. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 8

PP: En contra 4

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

18 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DA NON DISCRIMINACIÓN DOS CAMPAMENTOS URBANOS EN NARÓN E DE TODAS AS ACTIVIDADES LÚDICAS MUNICIPAIS..

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do BNG, e no súa representación Olaia Ledo Díaz, con DNI 76364260M, portavoz municipal presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de Xuño unha nai dun neno con diversidade funcional quixo apuntar ao seu fillo nun campamento organizado polo padroado da cultura. Padroado pertencente ao concello de Narón e de carácter público. Ante a información de que non posuían persoal para poder atender debidamente a nai non se lle informou nen se lle facilitou desde o concello a posibilidade de inscribirse nos campamentos de verán organizados directamente polo consistorio aínda que (como administración pública) debera contar esa posibilidade unha vez que se ofertan. Isto levou que mesmo a valedora do pobo consultase e requirise ao concello pola situación dada.

Se queremos falar de diversidade, inclusividade e de conciliación o concello de Narón debe contemplar a posibilidade de que as familias con menores con diversidade funcional poidan ser atendidos e atendidas en igualdade de condicións e goce de servizos coma o resto de persoas. Este verán non se deron as mesmas oportunidades para todas as familias pero temos a oportunidade de que si sexa unha realidade a partir de agora. Para iso hai que poñer solucións enriba da mesa e ser transparentes con toda a corporación e coa sociedade porque, a realidade, é que na actualidade, o concello de Narón NON conte cuns pregos de condicións se non cun sinxelo regulamento para este tipo de acampamentos no que só se fala de discapacidade até unha porcentaxe mínima.

O que aconteceu este verán incumpre o dereito á igualdade, vulnera o artigo 7 da Convención internacional dos dereitos das persoas con discapacidade, e tamén o artigo 30.5 da Convención (dereito ao ocio e ao esparcemento) ao non terse adaptado a administración, local neste caso, ás medidas necesarias para asegurar os dereitos dos menores con discapacidade. Neste artigo declárase que os Estados teñen que “asegurar a nenos e nenas con discapacidade que teñan igual acceso cos demais menores á participación en actividades lúdicas, recreativas, de esparcemento e deportivas; incluídas as que se realizan dentro do sistema escolar”

Esta situación levou a ASPANEMI (Asociación de pais e nais de nenos con minusvalía) a denunciálo publicamente e perante o concello sen atopar unha solución axeitada para esa familia; polo que tivo que atender as necesidades do seu fillo con recursos privados encarecendo moito o servizo de atención a un menor que, repetimos, ten os mesmos dereitos de ocio que calquer outro neno e/ou nena. Facemos chegar o enlace do seu blogue cunha entrada que chega aos corazóns e resume a situación:

<https://aspanemi.wixsite.com/aspanemi/post/campamentos-nar%C3%B3n-e-a-indignidade>

Polo tanto, instamos a este pleno aos seguintes acordos:

1.- Compromiso do concello de que os vindeiros acampamentos municipais e actividades pensadas para a conciliación contén nos seus pregos co reforzo necesario para atender, de se precisar, a calquer menor con diversidade funcional.

2.- Información ás familias de todas as posibilidades e o compromiso á non discriminación para que a igualdade e a inclusividade sexan unha realidade.

En Narón a 21 de setembro de 2022

Asdo. Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por maioría (co voto a favor da portavoz do BNG e as abstencións dos de TEGA, PP e PSdG-PSOE) da Xunta de Portavoces que tivo lugar o día 26-09-2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: ben nós partimos, porque temos preguntado e así nos tes informado de que non se actuou de mala fé pero facemos para que o que foi unha discriminación non polo sitio onde solicitou o campamento, que non deixa de ser o Padroado de Cultura, pero que despois de contactar cun concello, non sei a oportunidade cos campamentos de verán que sexa unha oportunidade a partir de agora e que se emende. Fixémolo coa revisión e asesoramento de persoas



de Ecogami e con Aspanemi a quen lle queremos dar as grazas que nos explicaron, bueno, sobre a convención de dereitos das persoas con discapacidade e diferentes recursos e cremos que pode ser unha oportunidade xa que aquí hai un regulamento, no había uns pregos pois que se fagan uns pregos acaídos, como por exemplo, hai no concello de Fene ou preguntando en distintos concellos como Valdoviño, en Pontedeume ou San Sadurniño como facían no, para que se legisle e ao final todas as persoas teñan dereito a ese ocio, a parte de conciliación, ademais cando falamos da administración máis cercana e que non se teña en conta unha determinada porcentaxe senón seguir o que di a convención de dereitos de persoas con discapacidade e o seu dereito ao ocio, esparcemento e que as administracións poidan garantir eses dereitos e facémolo con responsabilidade e esperamos que sexa aprobada, vaia.

-Sra.Taibo Rey: bo día a todos e a todas. Antes de nada decir que o grupo de goberno deste concello, ten un firme compromiso coa inclusión das persoas con diversidade funcional. Proba desto son os convenios económicos para actividades que ten coas distintas asociacións que traballan na comarca, no eido da diversidade funcional e tamén nas múltiples actividades que se desenvolven con estas asociacións dende o concello. No referente á moción presentada na exposición de motivos hai bastantes datos incorrectos que me gustaría aclarar. Cando esa persoa da que se fala nesta moción require información para inscribir ao seu fillo nos campamentos culturais do Padroado da Cultura e unha vez que manifesta que o seu fillo ten unha discapacidade severa se lle explica que quizais estes campamentos non son os máis axeitados para el dada as súas condicións no, xa que non se adaptaban as súas necesidades pois lle van impedir participar na maioría das actividades incluídas na programación, en todo caso, non chegou a formalizar a solicitude. Non é certo que dende o concello non se lle informara nin se lle facilitara a posibilidade de inscribirse nas colonias de verán xa que no momento que ela ven ao concello porque dende o concello chamamos para falar con ela e o prazo dos campamentos de verán están pechados, xa estaban pechados dende había máis de 10 días e nin sequera cumpría os requisitos da convocatoria porque son campamentos de conciliación dirixidos a menores con familias onde traballa o pai e a nai, os proxenitores, neste caso, pois non se cumpría.

As bases dos campamentos de verán do concello no seu apartado de persoas destinatarias entroutras cousas. As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos: facer constar a súa condición no impreso de solicitude, que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa, e ter capacidade de integración dun grupo, e que as súas limitacións ou necesidades especiais, lle permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.

Dende o servizo sociocomunitario do concello o que si se fixo foi contactar con esta persoa, como decía antes, e buscarlle posibles alternativas a través doutras administracións ou entidades, campamentos específicos para persoas con discapacidade da Xunta de Galicia, coa asociación Tempus; tamén se contactou coa Área recreativa de Pedroso, que tamén organiza campamentos para persoas con discapacidade e ningunha desta opcións cubría as súas necesidades. Falamos tamén con ECOGAMI para que nos orientara a ver si eles sabían dalgunha actividade que puidera adaptarse ás necesidades deste rapaz.

Quero decir, nos preocupamos realmente pola situación. Polo tanto, non é certo que non se lle informara nin que os campamentos organizados polo concello discriminen as persoas con diversidade funcional. O que si é certo é que para poder participar nas distintas convocatorias de actividades do concello hai que cubrir unha serie de requisitos.

Polo tanto, e na medida que entendemos que as bases que regulan estas actividades se axustan aos requisitos solicitados noutras administracións públicas do noso entorno, imos a votar en contra desta moción. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: dende o noso grupo consideramos que se deben de buscar alternativas e solucións para que estas cousas non sucedan, no. E decir, ben é certo, que ás veces é complicado pois dentro de determinados campamentos poder recoller a estas persoas; pero bueno, se hai opcións que se poda falar con outras asociacións que teñan outra serie de actividades, pero debía recollerse no documento que xa houbera esas opcións.

Consideramos que as familias destes casos así pois tamén necesitan un respiro, e tamén necesitan momentos para poder ter esas persoas que teñen a discapacidade pois que poidan estar noutra actividade distinta. Bueno, nós imos a votar a favor para que se traballe nesa dirección e consiga que se poidan ter alternativas para solucionar estas diferencias ou estes inconvenientes que ocorreron. A veces hai alternativas de cómo se decía, de falar con outro tipo de asociacións e sería bo que de antemán houbera xa unha intención dende o propio goberno local para que se puidera solventar esta problemática. Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: ben, nós tamén falamos en verán e nos explicastes a situación nunha Xunta de Portavoces e o que entendín é que había unha ata o 33% no que se podería. O que pedimos é que se fagan uns pregos onde se recolla que haxa unhas prazas específicas para todo tipo de diversidade funcional e discapacidade. Está ben que falarades con Cogami, tamén Cogami falou con esta familia e lle pediu, ou sexa, unha das cousas que tiña que facer era acudir á valedora do pobo e esta preguntou, creo, ao Concello de Narón.

Preocúpanos que non se queira modificar esto e que se fale de que hai unha serie de circunstancias que a partir dun 33% se pode dar prazas a eses campamentos senón necesita unha axuda, unha terceira persoa.

Falando e no concello de Valdoviño, xa digo eh, falamos con moitos concellos pero vou falar dos próximos, e cunha das técnicas de Servizos Sociais, dixo que ela un dos seus primeiros traballos, unha vez saída da facultade foi no concello de Fene, porque había unha persoa con discapacidade severa para atender e ter esa persoa directamente. Eso ten que ir nos pregos, claro, e pedirlle ás empresas que eso exista. E rexistrar unha serie de prazas porque é verdade que as persoas con discapacidade severa van necesitar unha atención, porque ademais eso é do concello igual que no ensino público, por exemplo, e o digo porque o coñezo, na aula do meu fillo, hai unha persoa única e exclusivamente por un rapaz cunha discapacidade severa, aparte dunha orientadora e unha serie de servizos. Nós o que queremos é que os campamentos fóra dos que haxa para persoas con discapacidade ou non, que se deixen igualitarios e inclusivos para todos e vouvos ler agora, que é curtiño, un conto que se publicou dende a asociación Aspanemi:

“A Uxio costáballe durmir esa noite. Mañá comezaba o campamento de verán. Todas as cousas novas o desacougaban. Neste caso, era ilusión o que o tiña inqueda e pelexando coa almofada. Imaxinaba cantas novas músicas aprendería, a el que a música facíalle cóxegas nas orellas e nos pés e entón daba unha volta sorrindo na cama. Imaxinaba tamén novos amigos, novas caras, novos xestos, e quizais coñecer a alguén especial, alguén que lle fíxese bater máis forte o corazón, alguén que ao míralo lle fíxese saír faíscas polos olliños. Compartir risos, retos, novas ilusións con novas persoas, albargábano tantas emocións distintas que toda a noite pasou pelexando coas suaves sábanas da cama. E así foi que o espertaron os primeiros raios de sol, coas sabas enroladas como edras no seu corpo. Abriu os ollos e daquela recordou que todo o que pensara pola noite non era posible porque a el, a Uxío, como todos os Uxíos e todas as Uxías deste mundo, coma todas esas persoas do universo que precisan un pouco de axuda non o tiñan en conta. Apretou os puños, arañou as sabas, e quedou coa ollada perdida. Quizais nun mundo mellor”

Este Uxío vivía en Narón. Se vivira en Valdoviño ou Fene, non lle pasaría esto. Dame pena porque este conto non o ía a ler no caso de que votarades a favor pero está claro que non é así.



VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 8

PP: A favor 4

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: A favor 2

19º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Intervén o Sr.Castrillón Permuy decindo: unha cuestión de orde Sra.alcaldesa. Aquí tanto o grupo socialista como o BNG xa presentaron 2 mocións. E no regulamento se recollen 2 mocións.

-A Sra. alcaldesa lle resposta: bueno, porque son compartidas. No momento que hai algunha conxunta e algún grupo que non presentou se lle computa a ese grupo.

-Sr.Castrillón Permuy: eso non é normal, eh.

-Sra.alcaldesa: bueno, non sei se é normal ou no, pero é no que quedaremos .

VOTACIÓN DA URXENCIA (DAS DÚAS MOCIÓNS QUE SEGUEN, DO BNG E DO PSdeG-PSOE) .- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a urxencia de tratar as dúas mocións que se transcriben a continuación.

A/MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: Olaia Ledo Díaz, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca nun total de 87 zonas do Atlántico nororiental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados e que terá consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, dragas, palangre de fondo, entre outros. Unha medida que entrará en vigor en poucos días e que suporá a expulsión da frota galega de fondo, podendo reducir até nun 75% as súas capturas.

Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás limitacións de TACs e cotas de pesca, ao impacto derivado do Brexit, ou á aplicación das medidas de conservación e dun regulamento técnico e de control, que viñeron a limitar e dificultar a faena da frota galega.

Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, por parciais e desactualizados, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estarrecedoras, e que non pode ser aceptado baixo ningún concepto

tendo en conta que Galiza somos unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa. As consecuencias desta decisión, que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, suporán tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos dificultando o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.

A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto suporá un golpe en toda regra á nosa frota, afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo. Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.

A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG no Parlamento Galego, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o “establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións”.

E foi a mesma Conselleira de Mar quen asegurou, sempre aos medios de comunicación, que, de consumarse a prohibición das artes de fondo, defendería á frota galega pola vía xudicial.

Por parte do Goberno español, descoñécense as actuacións concretas desenvolvidas no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membros. Tampouco hai constancia de que o Goberno español tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento, finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomasas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que é estratéxica para territorios de alta dependencia da pesca como Galiza.

En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos, como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Narón esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galiza a:
 - a. Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental,



decretada pola Comisión Europea.

- b. Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.
- c. Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.

2. Instar ao Goberno español a:

- a. Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.
- b. Esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento.

3. O Concello de Narón acorda dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.

EMENDA PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.

EMENDA

A moción do BNG en defensa da frota pesqueira Galega fronte ao novo regulamento imposto pola comisión Europea.

Engadir a os acordos de dita moción o seguinte punto.

3. O Concello de Narón acorda dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.

Narón, 28 de setembro de 2022

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

SE ACEPTA A EMENDA (xa quedou engadido este punto da emenda do PP nos acordos da moción)

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: cremos a urxencia desta moción porque o 9 de outubro sería de aplicación unha medida que afecta gravemente á pesca galega. Estamos falando de 87 caladoiros baixo a excusa que non é realidade, detrás hai intereses económicos moi potentes da sustentabilidade, se usa un informe científico de hai moitos anos e non se teñen en conta moitísimas cousas. E nós na Unión Europea, a eurodiputada Miranda é titular na comisión de pesca e esta semana houbo comisión e conseguiu que en novembro se faga un novo informe científico ao respecto, ao que por suposto estaremos moi vixiantes, porque facer unha medida deste tipo sen avaliar o impacto socioeconómico é moi grave, ademais tratan a pesca de fondo como un “totum revolutum” e non se ten en conta, por exemplo, a palangre que non rastrea nos fondos do mar, metenos a todos e ao

final implica que o 5% do produto interior bruto de Galiza, se vexa afectado, pola pesca directa, pola conxelación, polo determinado ... aquí hai intereses económicos, aquí hai unha Galiza que potencia a frota pesqueira e que é despois de Xapón o lugar onde máis peixe se consume e nós non pensemos que pescamos tanto peixe como consumimos. Hai moitos anos, moitos, que xa temos que importar peixe, pásalle a Holanda que se beneficia das piscifactorías de robaliza ou de dourada. Aquí está Xapón, EEUU e Taiwán moi interesados en que en Europa non se teña en conta a pesca. E un sector primario como pesqueiro é sostible porque, entroutras cousas, quere seguir vivindo do que se aportan os océanos e os mares e estamos falando e caladeiros tan importantes como O Gran Sol, por certo, que na Bretaña francesa e na inglesa tiveron protestas moi grandes todo este ano porque queren poñer a eólica mariña en zonas de pesca tan importantes que agora se van prohibir e é importante ter en conta eses aspectos, o científico, e o socioeconómico, e o social. Eses son os 3 aspectos que sempre se plantexaron na Unión Europea. E unha das cousas, por eso aceptamos tamén a emenda do Partido Popular e que algo que pedimos historicamente no BNG é que Galiza estea representada directamente nas reunións dos ministros de pesca, como por exemplo fan as Illas Feroe, cando Dinamarca está co seu ministro de pesca porque é unha illa de 100.000 habitantes que viven dese sector primario maioritariamente.

Nós somos unha potencia e unha nación pesqueira e o que tampouco nos vale, aí si que o digo, é que a Xunta diga que o ten que facer todo o ministerio. Porque a Xunta tiña que pedir coa súa conselleira do Mar tamén o mesmo, o que non nos vale é o que dixo no Parlamento Galego de "se non o fai o Ministerio, facemos nós a reclamación na Unión Europea". Fan falta moitas máis e moitas reclamacións e valernos como país para que esto non aconteza. Hai unha mobilización, 8 de outubro en Ribeira, que se vai facer seguramente masiva, e teremos que estar todos a unha. Narón ten costa e mar onde tamén se ve afectado de persoas que viven ou traballan directa ou indirectamente do sector do mar, e nada que fagamos forza porque a verdade que o que vemos é que hai determinados intereses económicos que queren tachar de ecoloxistas que parece que é así algo, un ente o que se pode criticar.

-Sr.Pita Breijo: Dende o partido socialista sabemos que o veto é sumamente prexudicial para os intereses da frota galega, sabemos que se levou a cabo sen o diálogo necesario, a pesar de ser un tema de vital transcendencia.

Os órganos comunitarios non consultaron aos estados membros dunha forma seria, así como tampouco se tivo en conta ao sector pesqueiro.

A esta falta de diálogo preocupante, sumáselle ademais que se pretende executar este veto sen achegar os suficientes argumentos científicos e técnicos que o avalen e sen un verdadeiro estudo socioeconómico que analice o impacto desta prohibición no propio sector.

Novamente, España, xunto a Irlanda e Francia conseguiron incluír na orde do día do Consello de Ministros de Pesca da UE do día 26 de setembro o tema do veto da Comisión Europea á pesca de fondo, para novamente amosar o seu rexeitamento a tal medida, tanto por motivos de:

- FORMA: porque despois da non adopción por falla de maioría do ditame do Consello Consultivo, unha soa reunión o pasado 26 de xullo, non é unha forma seria de consultar ao sector nin aos Estados Membros.

- FONDO: o informe do ICES non é actual nin cubre o conxunto de decisións que en base a este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea e inclúe modalidades como o palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como medidas en augas que non chegan aos 400 metros de profundidade.

Nós queremos pedirlle a Xunta de Galicia que apoie as medidas e accións solicitadas polo Goberno do Estado ante a Comisión Europea para que:

1-Se suspenda a aplicación do regulamento de execución que veta á pesca de fondo 87 zonas do Atlántico Nororiental.

2-Que se proceda a súa revisión inmediata cos datos científicos actualizados, que xa están dispoñibles, e que xa están no poder da Comisión Europea.

Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, este asunto creo que é importante porque todos camiñamos na mesma dirección. Agradecer ao BNG que nos admitira a emenda que poñemos de engadido, porque nós tamén tiñamos unha moción para presentar, e consideramos que ademais España, o goberno de España debe dar a batalla neste porque non é só Galicia, si que Galicia é moi afectada porque en Galicia habería afectados en torno aos 200 barcos, pero si que está afectado o País Vasco, está afectado Cantabria, Asturias e Galicia .

Entonces bueno, é unha cousa que dende Galicia se está traballando e se está informando a todos os sectores implicados neste asunto, para que se dé a batalla para que se solucione. Dende logo parécenos indignante e un despropósito que Bruselas vete a pesca de fondo atendendo únicamente a aspectos medioambientais e non aos científicos nin socioeconómicos. Entonces bueno, creo que aí temos que estar todos na mesma dirección e intentar solventalo.

Dende Galicia sempre defendemos que todas as artes de pesca son respetuosas co medio ambiente, se se usan ben loxicamente, medidas como esta arbitrarias e sen base científica, poñen en risco o futuro da frota e poden supoñer unha importante perda de buques, empregos e alimentos de calidade.

E pouco máis podemos decir, simplemente de poñernos de acordo, de entre todos presionar e traballar para que esto non suceda.

E bueno, referíndonos un pouco ao BNG cremos que como tedes boas alianzas co grupo dos verdes, con Europa, pois creo que poderíades traballar nese sentido porque a comisaria que fixo esto é dos verdes; entonces bueno, pois aí podería ser unha das partes importantes, que se note a influencia que pode haber.

Dende logo polo goberno galego non vai a quedar. A conselleira creo que fixo onte unha declaración, no Parlamento galego importante e que quedou medianamente claro o que se vai facer dende Galicia.

Se o goberno de España non o fai e creo que, esperemos e desexamos que o goberno de España así o faiga e que sexa unha das partes importantes para que esto teña unha resolución acorde ao que desexamos todos, especialmente os galegos e as demais comunidades autónomas que son as afectadas e España en xeral, no.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

B/ MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nestes días a comunidade educativa galega inicia un novo curso académico. Trátase sen dúbida dun curso especialmente complexo tanto para as familias como para o profesorado e o alumnado.

Dunha banda as familias afrontan con dificultade o novo curso cunha perda de poder adquisitivo debido ao incremento xeneralizado dos prezos en toda Europa derivado da guerra en Ucraína e as súas consecuencias sobre a enerxía e as subministracións. As familias terán que facer fronte ao inicio de curso máis caro da historia cun custe medio nos centros públicos e concertados que supera os 480 euros por neno/a (libros de texto e material escolar).

A política actual do Partido Popular limítase a axudas mínimas ás rendas baixas (até 10.000 euros, máximo 210 euros por neno), e alumnado con NEAE (65% discapacidade, 275 euros), e a unha axuda ridícula para material escolar de 50 euros ás rendas iguais ou inferiores a 6.000 euros; axudas que nin cobren os custes totais dos libros de texto, nin son universais. Pódese dicir que a Xunta de Galicia ten abandonado as familias ante o curso máis caro da historia, pois nin ten actualizado as contías das axudas nin tampouco os límites que permiten o acceso a elas. E todo isto, a pesar dos fondos recibidos por parte do goberno do Estado que o pasado 21 de agosto aprobou unha partida de 58 millóns de euros para este fin.

Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño. Dende aquela e tal e como o PSdeG vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente e rexeitado tamén por ANPA, sindicatos e comunidade educativa e que nestes anos mesmo obrigou xunto á colaboración dos concellos a organizar e achegar fondos ao banco solidario para tratar de aumentar os préstamos e compensar o desleixo da Xunta de Galicia estes anos coas familias.

En consecuencia, resulta preciso contrastar este modelo coa gratuidade universal dos libros de texto implantada polo Goberno Bipartito, cuxa derogación no ano 2009 os/as galegos/as debemos ao específico empeño do Sr. Feijóo e ao seu primeiro goberno, do que, recordemos, tamén formaba parte o actual presidente da Xunta, o Sr. Rueda. Un sistema de gratuidade universal, para todos os/as usuarios/as de centros educativos sostidos con fondos públicos; medida que hoxe posúen comunidades como Andalucía, Valencia ou Navarra, e coa que sen dúbida todas as familias estarían hoxe protexidas fronte aos efectos da inflación no acceso a un dereito como é o dereito á educación.

Este é tamén un inicio de curso complexo para os docentes pola posta en marcha da reforma do sistema educativo propiciado pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en adiante LOMLOE), que é clave para a modernización da educación deste país.

O profesorado afronta un reto fundamental que require todo o apoio e axuda da Xunta de Galicia para o que se precisan recursos e colaboración. Nembargantes, a resposta da Consellería de Educación é novamente a de facer recortes, dando as costas ao profesorado e ao estudantado.

Neste sentido, a orde publicada o pasado día 12 agosto, de modificación de unidades e postos de traballo de docentes dos centros públicos amosa novamente a vontade de deteriorar a oferta pública galega con 100 docentes e case 60 unidades menos respecto ao curso anterior en Infantil e Primaria. Uns recortes que afectan aos centros nos que o número de alumnado mantense, ou nalgún dos casos incluso medra.

Os novos recortes aplicados cara o inicio do presente curso 2022-23 supoñen:

- O peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en zonas rurais.
- A perda de profesorado de apoio ao alumnado especialmente vulnerable con necesidades específicas de apoio educativo.
- O aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "récord" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos/as por aula.
- A redución da oferta educativa: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.
- O aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden as e os orientadores.
- A implantación de novos módulos de FP sen especialistas e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.

Estes novos recortes efectuados cara o inicio do curso 2022-23 consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos que abundan na seu deterioro. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país



están a xerar un incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación. Os datos din que hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento.

Faise preciso tamén denunciar o groseiro uso político que tanto o conselleiro Rodríguez como o presidente Rueda veñen facendo da necesaria adaptación da ensinanza no noso país á reforma educativa en vigor, mediante un alarmante deixamento das súas funcións, pois somos unha das sete comunidades autónomas que aínda non ten aprobados os decretos de adaptación á LOMLOE (catro delas gobernadas polo PP). É dunha grave irresponsabilidade facer oposición ao Goberno do Estado tomando como reféns ao estudantado de Galicia.

Por último, esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, que faga público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo estado como pola UE para a mellora da educación pública (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas.

Por todo o exposto o **PSdeG-PSOE**, somete para o seu debate e a súa aprobación, se procede, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

O Pleno do Concello de Narón insta á Xunta de Galicia a:

1. A cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación e a pronta adaptación ás novas leis educativas.
2. A recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.
3. A que faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado.

Narón, 27 de setembro de 2022

DEBATE

-Sr. Pita Breijo: moito se perdeu en Educación coa entrada do PP no goberno da Xunta. Os datos son claros cos gobernos de Feijoo e Rueda, entroutras cousas, os galegos teñen que pagar os libros de texto e polo tanto as familias con fillos teñen unha carga máis (familias con fillos especie en extinción na Galicia do señor Rueda), e que supón coa subida da inflación algo inasumible para moitos fogares.

Estamos nunha crise inflacionaria na que estamos a ver que os fogares teñen problemas para chegar a fin de mes por culpa da subida enerxética e da inflación, pero o PP é alleo a isto, e maila que recibe do estado por exemplo o 21 de agosto, 58 millóns de euros para revertir os problemas das familias do inicio do curso, permanece de brazos cruzados de espaldas á Educación pública e aínda non se sabe que foi desos cartos consignados.

Hai que destacar, como ben dicimos na moción, que comunidades como Andalucía, Valencia ou Navarra avanza na gratuidade dos libros de texto no que os galegos vímonos abocados ao retroceso dende hai máis de 10 anos.

Neste inicio do curso escolar vemos recortes en profesorado e en centros públicos, témolos en moitos centros e en Narón non somos alleos.

Por iso e tal como dí a moción pedimos:

-Poñer os recursos económicos necesarios para afrontar as necesidades e obrigas do sistema educativo.

-A recuperación da gratuidade dos libros de texto

-O esclarecemento de a donde foron a parar os fondos achegados por parte da unión europea e do estado.

Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: gústanos a intervención porque te centras en Galicia e é unha situación cos sindicatos de profesores, a Federación galega de Anpas, e veñen denunciando, houbo mobilizacións nos centros de ensino, concentracións antes de empezar o curso escolar, tamén diante da Xunta, pero eu creo recordar na moción que lin que no se falaba diso.

Entonces decir que a moción esta, imos a votala a favor, estamos de acordo cos puntos que se recollen pero que si que nos gustaría que dentro da exposición de motivos aparecieran recollidos aspectos relacionados coa situación que vivimos en Galiza polos recortes do Partido Popular e tamén a situación que se está a vivir en Narón no, porque é verdade que hai situacións que se están a dar, que denuncian as Anpas, como o problema dos almozos escolares, que debería xestionar a Xunta de Galicia e entón en vez de estar aquí pedindo dende o concello, en orzamentos; pedindo no Parlamento galego pois que aparecera recollido tamén na moción; ou tamén empezar a pedir outras cousas como o transporte público para o ensino non é obrigatorio pero si público como certas formacións profesionais, o bacheralato que exista en Galicia para que eses rapaces ou rapazas se poidan desprazar. Diferentes aspectos que nos gustaría, si que teño que decir que estiveran recollidos na moción e non viñera unha moción xenérica que parece vida de Madrid, porque é verdade que nós temos unha problemática propia, coa que levamos un mes pelexando e denunciando e xa antes, no.

-Sra.Bouzamayor Villasuso: moitas grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, bos días a todas e a todos, aínda que agora xa casi son tardes, pero bueno, imos rematar. Esta moción, e que de verdade eh, non entendemos.... Hai cousas que realmente nos sorprenden, do que lemos. Entendo que é un clásico de todos os anos, chega setembro, os libros, a Xunta non pon cartos; mentres que falamos desto, loxicamente non falamos doutras calamidades que están pasando os españois actualmente, no. Pero non nos enganemos, non nos enganemos nin fagamos un ruído do que non hai.

Son mocións que faltan totalmente á verdade porque dígolle unha cousa, a única verdade que di esta moción é que as familias van ter unha perda de poder adquisitivo. Eso é o único que fala de verdade esta moción. Pero non só pola guerra de Ucraína, non só por eso. Nin tampouco vai ser por unha mala xestión da Xunta, que a Xunta independentemente do que está pasando e todo o que están reclamando que están facendo todos os deberes, con respecto á Educación tamén e dígolle, facendo referencia á súa moción, din (o leo tal cual o din vostedes) : *“as familias terán que facer fronte ao inicio do curso escolar máis caro da historia (libros de texto e material escolar)”* .

É verdade, é certo, e tendo en conta aínda máis que coa nova lei hai que cambiar os libros dos nenos, o cal vai supor un gasto a maiores. Eso é verdade porque entran en vigor nos novos currículos da LOMLOE ou sexa, que un gasto para os petos das familias pero tamén voulles decir unha cousa, unha perda económica para as editoriais, deso non falan. Pero fálolles eu.

Pero bueno, con respecto dos libros, que tan preocupados están, que non temos axudas para os libros, que os libros non son gratuítos, hai que pagalos....

Imos falar: a Xunta aumentou para o actual curso as axudas para os libros e material escolar. O goberno galego está investindo 25,6 millóns de euros. Isto supón un 47% máis, fálolle de números porque é imprescindible falar. Tres tipos de axuda vai haber, baseado en criterios de renda familiar que garanten máis apoio a quen máis o necesita.

E son 3 axudas: por un lado, o banco de libros gratuítos nos colexios, o incremento de prezos. Polo tanto, non vai a afectar ás familias que se van beneficiar deste banco de libros, porque teñen



asegurados os manuais que lles correspondan independentemente do custo, o cal vai a asumir a administración autonómica.

De feito, na convocatoria deste ano se manteñen os criterios da renda que se flexibilizaron na pandemia. Axudas para libros de texto, axudas económicas, para a merca de manuais porque hai certos cursos, como por exemplo, primeiro e segundo de primaria, educación especial, o alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65% que non poden reutilizar libros e teñen que compralos. Pois dígolle que o ano pasado 26.846 alumnos se aproveitaron destas axudas. Axudas que rondan entre os 140 e 275 euros. Facendo fincapé na educación especial que van a ter 275 euros. Independentemente que estén matriculados nun centro ordinario ou específico.

Entonces, temos axudas para os libros, pero tamén temos axudas para o material escolar. Tamén lles preocupa. Mire, dígollo: van destinados para nenos de primaria e eso, seguro que o saben, cunha renda igual ou inferior a 6.000 euros. O ano pasado foron ata 293.260 alumnos, que recibiron eses vales; e este ano, seguro que se non se enteraron aínda hai pouco, saíu nas noticias, que o presidente da Xunta vai aumentar este bono. Para facer fronte seguramente a esa suba de prezos. Polo tanto, pasarán a recibir un 50% máis. Para que se faga idea falamos dun bono de 75 euros, máis ou menos.

Sen olvidarse porque aquí non o recollen, pero eu llo digo, hai 60.000 usuarios de libro dixital que reciben un ordenador grauíto.

Falan por outro lado, de recortes do profesorado. A palabra recortes, gústalles, xa me dou conta. Recortes na sanidade, recortes no profesorado, recortes en todo. Bueno, pois dígolles que nos últimos 5 anos, a Xunta ten consolidado preto de 12000 prazas de docentes novas, o que supón unha renovación de máis de 1/3 do profesorado no sistema público. Temos en marcha ofertas públicas de emprego con 4.000 prazas para os anos 2022 e 2023, vale? Xa vimos do ano 2021 onde se convocaron, a convocatoria máis importante que foron 3894 prazas. É dicir, que nun contexto dunha caída demográfica, estamos mantendo a intensidade do emprego.

Decididamente somos a comunidade autónoma con menos profesores interinos de España. Estamos nun 8% fronte a un 25 de media estatal e agora con esta nova convocatoria, andaremos quedando no 60%.

E como mantemos o emprego público, teño que decirlle tamén, mantemos as mellores ratios alumnos/profesor de España. Galicia está nun 10.2 e España está nun 12. En Galicia o 70% das aulas teñen 20 ou menos alumnos e o 30% delas entre 10 ou menos. A normativa estatal que di? Que nas aulas de infantil e primaria ten que haber como máximo 25 alumnos, e nas aulas de Eso e Bacharelato, 30 alumnos máximo por aula. Polo tanto, non só cumprimos cos ratios senón que incluso estamos mellorando o goberno central.

En canto a atención a diversidade que tamén lles preocupa, é normal, nos preocupa a todos, porque a Xunta de feito, quizais é a comunidade que máis comprometida está con esto, e a atención a diversidade en canto a inclusión, somos a comunidade autónoma máis inclusiva do estado, con casi o 93% do alumnado, con necesidades especiais escolarizado, en centros ordinarios. Ou sexa que, ese cambio que va haber na LOMLOE pois, a ver, haberá que miralo pero non nos vai afectar demasiado, tendo en conta que ademais, temos 4.000 profesionais destinados a atención á diversidade.

Fala tamén de gratuidade para os nenos de 0 a 3 anos. Actualmente o segundo fillo, xa ten esa gratuidade dentro dun ámbito familiar, xa é grauíto.

Pero o que máis nos sorprende, xa ao final dos últimos preceptos da moción, que nos sorprende que o PSOE asine esto, solicita os datos dos fondos achegados polo Ministerio en materia de Educación, sorpréndennos porque estes datos son públicos.

É o propio PSOE en Madrid quen xestiona e quen distribúe os fondos das comunidades autónomas. Entonces, e toda esta información é pública e accesible. Polo tanto, e meténdonos

